SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA DOUS DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 2 de decembro de 2021. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Villoslada, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Teresa Gutiérrez Roselló, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade**, **D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.ª Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Mónica Martínez Lema e D.ª Isabel Faraldo Calvo**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Xustifica a súa ausencia a edil **Dª. Avia Veira González.**

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA DOS DE DICIEMBRE DE DOS MIL VEINTIUNO

En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 2 de diciembre de 2021. Bajo la presidencia de la ***Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,*** *y con la asistencia de los ediles* ***D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Villoslada, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Teresa Gutiérrez Roselló, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.ª Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Mónica Martínez Lema e D.ª Isabel Faraldo Calvo****, se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

Justifica su ausencia la edil ***Dª. Avia Veira González.***

Da fe del acto el infrascrito ***secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez****, hallándose además presente el* ***interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

Ás dez horas e nove minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

A las diez horas y nueve minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.

I – PARTE RESOLUTIVA

I – PARTE RESOLUTIVA

Intervencións

Intervenciones

Presidencia

Presidencia

Moi bo día a todos e a todas. Benvidos e benvidas a esta sesión ordinaria do Pleno do mes de decembro.

Muy buenos días a todos y a todas. Bienvenidos y bienvenidas a esta sesión ordinaria del Pleno del mes de diciembre.

Saudamos a todos os membros da Corporación, señor secretario, señor interventor, persoal municipal que nos acompaña, xornalistas acreditados, así como todos aqueles que nos seguen a través do streaming e tamén na tribuna de convidados.

Saludamos a todos los miembros de la Corporación, señor secretario, señor interventor, personal municipal que nos acompaña, periodistas acreditados, así como todos aquellos que nos siguen a través de la retransmisión en directo y también en la tribuna de invitados.

191.- Comunicado da Alcaldía sobre a violencia machista.

191.- Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia machista.

Presidencia

Presidencia

Como saben, no pasado Pleno do 14 de setembro de 2015 aprobouse por unanimidade unha moción conxunta sobre a violencia de xénero na que se acordaba iniciar cada pleno ordinario agardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior pleno.

Como saben, en el pasado Pleno del 14 de septiembre de 2015 se aprobó por unanimidad una moción conjunta sobre la violencia de género en la que se acordaba iniciar cada pleno ordinario guardando tantos minutos de silencio como personas fuesen asesinadas por el machismo desde el anterior pleno.

Segundo as cifras oficiais, neste pleno deberá agardarse un minuto de silencio.

Según las cifras oficiales, en este pleno deberá guardarse un minuto de silencio.

Infórmase que, no total do ano 2021 ata a data de hoxe, as cifras oficiais de asasinatos machistas, mulleres e menores, é de 37 mulleres e 5 menores.

Se informa que, en el total del año 2021 hasta la fecha de hoy, las cifras oficiales de asesinatos machistas, mujeres y menores, es de 37 mujeres y 5 menores.

Dende o Pleno do 4 de novembro de 2021 ata o Pleno de 2 de decembro de 2021 foi

Desde el Pleno de 4 de noviembre de 2021 hasta el Pleno de 2 de diciembre de

asasinada unha muller o 7 de novembro de 2021, María Isabel Martínez, de 37 anos, de Cádiz, quen deixa 2 fillas e 1 fillo menores de idade.

Solicito a todos os presentes que nos poñamos en pé para agardar un minuto de silencio.

(Gárdase 1 minuto de silencio).

Presidencia

Damos comezo ao Pleno coa parte resolutiva.

Asunto número 1, señor secretario.

Señor secretario

Non sei se había unha declaración institucional. Vale, si, si.

Presidencia

Ben, pois nas comunicacións de Alcaldía hai unha declaración institucional.

192.- Declaración institucional por unha mellora do servizo de atención ao público de Correos.

O acceso a un servizo postal público de calidade é un dereito da cidadanía. Correos é o organismo público encargado de proveer este servizo a toda a sociedade, tal como recolle a Lei postal 43/2020 e o seu contrato de prestación.

Entre os servizos que presta Correos podemos destacar, por exemplo, o labor como notificadores/as de todo tipo de procedementos públicos para as diferentes administracións, entre elas este mesmo concello.

2021 fue asesinada una mujer el 7 de noviembre de 2021, María Isabel Martínez, de 37 años, de Cádiz, quien deja 2 hijas y 1 hijo menores de edad.

Solicito a todos los presentes que nos pongamos en pie para guardar un minuto de silencio.

(Se guarda un minuto de silencio).

Presidencia

Damos comienzo al Pleno con la parte resolutiva.

Asunto número 1, señor secretario.

Señor secretario

No sé si había una declaración institucional. Vale, sí, sí.

Presidencia

Bien, pues en las comunicaciones de Alcaldía hay una declaración institucional

192.- Declaración Institucional del Ayuntamiento de A Coruña por una mejora del servicio de atención al público de Correos

El acceso a un servicio postal público de calidad es un derecho de la ciudadanía. Correos es el organismo público encargado de proveer este servicio a toda la sociedad, tal como recoge la Ley postal 43/2020 y su contrato de prestación.

Entre los servicios que presta Correos podemos destacar, por ejemplo, la labor como notificadores/as de todo tipo de procedimientos públicos para las diferentes administraciones, entre ellas este mismo ayuntamiento.

Dende esta corporación téñense aprobado diferentes mocións que esixían a Correos o mantemento do número de efectivos suficientes para que o reparto de correspondencia e paquetería sexa diario, regular e puntual. Tamén é fundamental que as oficinas de atención ao público ofrezan un horario suficientemente amplo como para que as persoas poidan acudir a elas para enviar e recibir correspondencia, paquetería, etc. Este horario viuse reducido drasticamente no ano 2020 co peche de todas as oficinas nos sábados, o que limitou as posibilidades de acceso á rede postal.

Desde esta corporación se han aprobado diferentes mociones que exigían a Correos el mantenimiento del número de efectivos suficientes para que el reparto de correspondencia y paquetería sea diario, regular y puntual. También es fundamental que las oficinas de atención al público ofrezcan un horario suficientemente amplio como para que las personas puedan acudir a ellas para enviar y recibir correspondencia, paquetería, etc. Este horario se vio reducido drásticamente en el año 2020 con el cierre de todas las oficinas los sábados, lo que limitó las posibilidades de acceso a la red postal.

Agora recibimos información de que a oficina que presta servizo aos Rosais/Visma/Labañou/O Portiño/Bens e parte de Riazor, que suman máis de 30.000 persoas, unicamente prestará os seus servizos en horario de mañá, o que é un novo recorte que conleva un descenso dos servizos prestados e unha grave limitación horaria para todas as persoas que teñan un horario laboral de mañá, ao non poder acudir á oficina de Correos en horario de tarde nin de sábados, ao encontrarse pechado.

Ahora recibimos información de que la oficina que presta servicio a los Rosais/Visma/Labañou/O Portiño/Bens y parte de Riazor, que suman más de 30.000 personas, únicamente prestará sus servicios en horario de mañana, lo que es un nuevo recorte que conlleva un descenso de los servicios prestados y una grave limitación horaria para todas las personas que tengan un horario laboral de mañana, al no poder acudir a la oficina de Correos en horario de tarde ni de sábados, al encontrarse cerrado.

Tamén é importante lembrar que, con isto, créase un agravio comparativo inxustificado entre diferentes zonas da nosa cidade, pois das 6 sucursais existentes en diferentes zonas unicamente a que presta servizo nesas zonas deixará de abrir polas tardes.

También es importante recordar que, con esto, se crea un agravio comparativo injustificado entre diferentes zonas de nuestra ciudad, pues de las 6 sucursales existentes en diferentes zonas únicamente la que presta servicio en esas zonas dejará de abrir por las tardes.

Ademais, é importante lembrar que a Oficina Satélite 2, de Novo Mesoiro, é obxecto de colas e queixas reiteradas da veciñanza polo seu exiguo horario de apertura, de somentes 4 horas de mañá, insuficiente para un barrio de maioría de xente moza e traballadora que tamén precisa unha ampliación de horario.

Además, es importante recordar que la Oficina Satélite 2, de Novo Mesoiro, es objeto de colas y quejas reiteradas del vecindario por su exiguo horario de apertura, de solo 4 horas de mañana, insuficiente para un barrio de mayoría de gente joven y trabajadora que también precisa una ampliación de horario.

Dende este concello instamos a Correos:

- A recuperar a atención ao público os sábados en todas as sucursais da nosa cidade.

- A deixar sen efecto a redución de horario anunciada para a Sucursal 6, volvendo a prestar servizo de mañá e tarde nesa unidade.

- A ampliar o horario e os servizos prestados na Oficina Satélite 2 de Novo Mesoiro, converténdoa en sucursal, aumentando o persoal e o horario da mesma.

Presidencia

Quero agradecer, tamén, aos representantes das asociacións de veciños de Labañou, Os Rosais e San Pedro de Visma que hoxe nos acompañan nesta tribuna para lectura e apoio a esta declaración institucional. Moitas grazas.

Pasamos xa coa orde do día.

193.- Aprobación de actas

Remitida a todos e cada un dos membros corporativos unha copia do borrador da acta da sesión plenaria celebrada o 7 de outubro de 2021, esta dáse por lida e procédese á súa aprobación.

Presidencia

Asunto número dous.

ALCALDÍA

IMCE

Desde este ayuntamiento instamos a Correos:

- A recuperar la atención al público los sábados en todas las sucursales de nuestra ciudad.

- A dejar sin efecto la reducción de horario anunciada para la Sucursal 6, volviendo a prestar servicio de mañana y tarde en esa unidad.

- A ampliar el horario y los servicios prestados en la Oficina Satélite 2 de Novo Mesoiro, convirtiéndola en sucursal, aumentando el personal y el horario de la misma.

Presidencia

Quiero agradecer, también, a los representantes de las asociaciones de vecinos de Labañou, Os Rosais y San Pedro de Visma que hoy nos acompañan en esta tribuna para lectura y apoyo a esta declaración institucional. Muchas gracias.

Pasamos ya con el orden del día.

193.- Aprobación de actas.

Remitidas a todos y cada uno de los miembros corporativos una copia del borrador del acta de la sesión plenaria celebrada el 7 de octubre de 2021, esta se da por leída y se procede a su aprobación.

Presidencia

Asunto número dos.

ALCALDÍA

IMCE

194.- Aprobación inicial do expediente modificativo do orzamento do IMCE de 2021, consistente en transferencias de crédito polo importe de 257.635,12 €.

194.- Aprobación inicial del expediente modificativo del presupuesto del IMCE de 2021, consistente en transferencias de crédito por el importe de 257.635,12 €.

Asunto: Aprobación inicial do expediente modificativo do orzamento do IMCE de 2021, consistente en transferencias de crédito polo importe de 257.635,12 €.

Asunto: *Aprobación inicial del expediente modificativo del presupuesto del IMCE de 2021, consistente en transferencias de crédito por el importe de 257.635,12 €.*

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral celebrada o día 29 de novembro de 2021, co voto a favor do Grupo Municipal Socialista, e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, propoñéndose ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda y Administración General celebrada el día 29 de noviembre de 2021, con el voto a favor del Grupo Municipal Socialista, y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular y del Bloque Nacionalista Galego, proponiéndose al Pleno Municipal la adopción de los acuerdos siguientes:

Aprobar inicialmente o expediente modificativo do orzamento do IMCE de 2021 consistente en transferencias de crédito polo importe de 257.635,12 € de acordo co seguinte detalle:

Aprobar inicialmente el expediente modificativo del presupuesto del IMCE de 2021 consistente en transferencias de crédito por el importe de 257.635,12 € de acuerdo con el siguiente detalle:

Aplicacións	Concepto	Transferencias negativas	Transferencias positivas
330/120.00	SOLDOS DO GRUPO A1	-16.049,18	
330/120.01	SOLDOS DO GRUPO A2	-9.321,63	
330/120.04	SOLDOS DO GRUPO C2	-4.546,32	
330/121.00	COMPLEMENTO DE DESTINO	-18.485,83	
330/121.01	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	-47.482,31	
330/130.00	RETRIBUCIÓNS BÁSICAS	-25.960,67	
330/130.02	OUTRAS REMUNERACIÓNS	-43.311,19	
330/153.00	COMPLEMENTO DEDICACIÓN ESPECIAL	-19.468,81	
330/160.00	SEGURIDADE SOCIAL	-52.259,18	
338/481.00	PREMIOS	-20.750,00	
338/203.00	ALUGUER DE MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE	0,00	20.750,00
338/227.99	OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS E PROF.	0,00	236.885,12

		-257.635,12	**257.635,12**

Señor secretario

Aprobación inicial do expediente modificativo do orzamento do IMCE de 2021, consistente en transferencias de crédito polo importe de 257.635,12 €.

Señor secretario

Aprobación inicial del expediente modificativo del presupuesto del IMCE de 2021, consistente en transferencias de crédito por el importe de 257.635,12 €.

Presidencia

Ben, ten a palabra o voceiro do Goberno, señor Lage Tuñas, e despois se iniciará o debate.

Presidencia

Bien, tiene la palabra el portavoz del Gobierno, señor Lage Tuñas, y después se iniciará el debate.

Señor Lage Tuñas

Bo día a todos e a todas.

Este modificativo vén a dar resposta ao compromiso que adquirimos como goberno nesta Corporación de potenciar a industria cultural desta cidade durante un ano complexo, marcado tamén pola pandemia nun sector que, xa no ano 2020, padeceu os efectos das restricións sanitarias. Só supón un cambio de destino de partidas dentro do propio IMCE, sen afectar ao funcionamento do Instituto, pero permitirá destinar 257.631 € á programación cultural extraordinaria durante o mes de decembro, multiplicando así a oferta en toda a cidade, a oferta cultural en toda a cidade a través da contratación de artistas locais.

Señor Lage Tuñas

Buenos días a todos y a todas.

Este modificativo viene a dar respuesta al compromiso que adquirimos como gobierno en esta Corporación de potenciar la industria cultural de esta ciudad durante un año complejo, marcado también por la pandemia en un sector que, ya en el año 2020, padeció los efectos de las restricciones sanitarias. Solo supone un cambio de destino de partidas dentro del propio IMCE, sin afectar al funcionamiento del Instituto, pero permitirá destinar 257.631 € a la programación cultural extraordinaria durante el mes de diciembre, multiplicando así la oferta en toda la ciudad, la oferta cultural en toda la ciudad a través de la contratación de artistas locales.

Este modificativo, froito tamén, por certo, do diálogo aberto co Grupo da Marea Atlántica, supón un refrendo do compromiso que ten o Goberno co mundo da cultura, un goberno que establece un compromiso firme do que xa temos dado conta en múltiples ocasións e do que ten explicitado os puntos centrais a nosa alcaldesa, mantendo os investimentos durante os meses máis

Este modificativo, fruto también, por cierto, del diálogo abierto con el Grupo de la Marea Atlántica, supone un refrendo del compromiso que tiene el Gobierno con el mundo de la cultura, un gobierno que establece un compromiso firme del que ya hemos dado cuenta en múltiples ocasiones y del que ha explicitado los puntos centrales nuestra alcaldesa, manteniendo las inversiones

duros da pandemia e contribuíndo dun xeito moi destacado ao mantemento do sector con dous plans de recuperacións postos en marcha por este concello. Neste caso, quero recordar, ademais, o éxito dos bonos PRESCO para o sector cultural, que son unha boa mostra dese respaldo, do respaldo á industria cultural a un sector moi afectado polas consecuencias derivadas da pandemia e que, desde logo, intentamos ademais que non só quede aí senón que se reflicta en diferentes ámbitos, tamén no mantemento, por certo, na programación que se fai nos diferentes espazos municipais.

durante los meses más duros de la pandemia y contribuyendo de una manera muy destacada al mantenimiento del sector con dos planes de recuperaciones puestos en marcha por este ayuntamiento. En este caso, quiero recordar, además, el éxito de los bonos PRESCO para el sector cultural, que son una buena muestra de ese respaldo, del respaldo a la industria cultural a un sector muy afectado por las consecuencias derivadas de la pandemia y que, desde luego, intentamos además que no solo quede ahí sino que se refleje en diferentes ámbitos, también en el mantenimiento, por cierto, en la programación que se hace en los diferentes espacios municipales.

En calquera caso, quero recordar que hai moito por facer e é un sector especialmente afectado pola situación que levamos vivindo dende o ano 2020. Diría tamén que, dentro do ámbito da cultura, é un bo momento para facer un avance, un avance que forma parte tamén do compromiso establecido no Pleno desta Corporación, e é o cumprimento do compromiso da nosa alcaldesa, Inés Rey, co impulso á cultura nesta cidade. Antes de que remate o ano daremos un pulo decisivo para a creación do Consello Municipal da Cultura, un organismo chamado a dar a voz a todo o sector para escoitar directamente as súas demandas e as súas propostas. E nese mesmo ámbito, este goberno ten tamén o compromiso de convocar a praza de dirección do Teatro Colón antes de que remate o actual exercicio nunha decidida aposta por darlle un impulso aos espazos dos que nos dotamos, espazos singulares, espazos que, desde logo, permiten a posta en escena de diferentes actividades e dunha programación cultural moi extensa.

En cualquier caso, quiero recordar que hay mucho por hacer y es un sector especialmente afectado por la situación que llevamos viviendo desde el año 2020. Diría también que, dentro del ámbito de la cultura, es un buen momento para hacer un avance, un avance que forma parte también del compromiso establecido en el Pleno de esta Corporación, y es el cumplimiento del compromiso de nuestra alcaldesa, Inés Rey, con el impulso a la cultura en esta ciudad. Antes de que finalice el año daremos un impulso decisivo para la creación del Consejo Municipal de la Cultura, un organismo llamado a dar la voz a todo el sector para escuchar directamente sus demandas y sus propuestas. Y en ese mismo ámbito, este gobierno tiene también el compromiso de convocar la plaza de dirección del Teatro Colón antes de que finalice el actual ejercicio en una decidida apuesta por darle un impulso a los espacios de los que nos dotamos, espacios singulares, espacios que, desde luego, permiten la puesta en escena de diferentes actividades y de una programación cultural muy extensa.

Para este goberno a cultura é esencial e vai, como non pode ser doutro xeito, moito máis alá do ocio. A cultura é o que nos constitúe como o que somos e que nos fai avanzar como sociedade e, por iso, non teñan ningunha dúbida, este goberno vai seguir apostando por este sector, promovendo eventos de máxima calidade nesta cidade e apostando, tamén, por artistas locais, ao igual que se fai tamén por aqueles que están no panorama internacional. Unha combinación, unha fusión, unha aposta decidida por darlle espazo ao talento local, á creatividade local pero, tamén, porque A Coruña sexa esa cidade aberta ao mundo, insertada no mundo, que recibe as referencias da cultura, referencias do espectáculo que, desde logo, son de carácter mundial. Mañá mesmo estaba previsto que, 21 anos despois, Van Morrison actuase de novo nesta cidade e saben que, por motivos de saúde, ese concerto dun dos intérpretes máis importantes da música contemporánea, está posposto. Eu agardo que pronto estea na Coruña e iso tamén é un compromiso coa cultura e coa promoción da cidade. Do máis pequeno ao máis grande, sendo conscientes de que hai que ter unha visión global, e hai que ter unha visión global sabendo que temos moito a aportar ao mundo e que temos moitas persoas que, dedicadas á creación cultural, fan aportacións moi valiosas. Nese empeño e nese empuxe vai estar o Goberno municipal e, desde logo, entendemos que a creación do Consello Municipal da Cultura tamén vai ser un bo paso, un bo paso non só para o compromiso da palabra dada, sen dúbida ningunha, compromiso que ten establecido este goberno municipal nos acordos coa Marea Atlántica, tamén formando parte das iniciativas que ten formulado o Bloque Nacionalista Galego, sen dúbida ningunha, e tamén recollendo o propio acordo plenario ao que se chegou nos pasados meses.

Para este gobierno la cultura es esencial y va, como no puede ser de otro modo, mucho más allá del ocio. La cultura es lo que nos constituye como lo que somos y que nos hace avanzar como sociedad y, por eso, no tengan ninguna duda, este gobierno va a seguir apostando por este sector, promoviendo eventos de máxima calidad en esta ciudad y apostando, también, por artistas locales, al igual que se hace también por aquellos que están en el panorama internacional. Una combinación, una fusión, una apuesta decidida por darle espacio al talento local, a la creatividad local pero, también, porque A Coruña sea esa ciudad abierta al mundo, insertada en el mundo, que recibe las referencias de la cultura, referencias del espectáculo que, desde luego, son de carácter mundial. Mañana mismo estaba previsto que, 21 años después, Van Morrison actuara de nuevo en esta ciudad y saben que, por motivos de salud, ese concierto de uno de los intérpretes más importantes de la música contemporánea, está pospuesto. Yo espero que pronto esté en A Coruña y eso también es un compromiso con la cultura y con la promoción de la ciudad. Del más pequeño al más grande, siendo conscientes de que hay que tener una visión global, y hay que tener una visión global sabiendo que tenemos mucho que aportar al mundo y que tenemos muchas personas que, dedicadas a la creación cultural, hacen aportaciones muy valiosas. En ese empeño y en ese empuje va a estar el Gobierno municipal y, desde luego, entendemos que la creación del Consejo Municipal de la Cultura también va a ser un buen paso, un buen paso no solo para el compromiso de la palabra dada, sin duda alguna, compromiso que ha establecido este gobierno municipal en los acuerdos con la Marea Atlántica, también formando parte de las iniciativas que ha formulado el Bloque Nacionalista Galego, sin duda alguna, y también

recogiendo el propio acuerdo plenario al que se llegó en los pasados meses.

Polo tanto, este é un modificativo, un modificativo importante para a programación cultural de decembro, pero tamén é un bo momento para dar un impulso ao Consello Municipal da Cultura.

Por lo tanto, este es un modificativo, un modificativo importante para la programación cultural de diciembre, pero también es un buen momento para dar un impulso al Consejo Municipal de la Cultura.

Nada máis e moitas grazas.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Muchas gracias, señor Lage.

Iniciamos o debate. Son 3 minutos amplos, o que veñen sendo 5 minutos por grupo. Señora Faraldo, cando queira.

Iniciamos el debate. Son 3 minutos amplios, lo que vienen siendo 5 minutos por grupo. Señora Faraldo, cuando quiera.

Señora Faraldo Calvo

Señora Faraldo Calvo

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Bo día, bo día, alcaldesa, concelleiros e concelleiras, traballadoras e traballadores do Concello, prensa, persoas presentes na tribuna e veciñanza que siga o Pleno por streaming. Saudar tamén ás persoas que están na praza hoxe reivindicando e defendendo os seus dereitos.

Buenos días, buenos días, alcaldesa, concejalas y concejales, trabajadoras y trabajadores del Ayuntamiento, prensa, personas presentes en la tribuna y vecindario que siga el Pleno por retransmisión en directo. Saludar también a las personas que están en la plaza hoy reivindicando y defendiendo sus derechos.

Hoxe, unha ausencia significativa tras varios meses de presenza na praza, a dos policías locais loitando polas súas condicións laborais. Parece que se reiniciaron as negociacións que desexamos vaian polo mellor camiño na consecución das súas lexítimas demandas. Será positivo para o colectivo, para o Concello, pero sobre todo, será positivo para a cidade.

Hoy, una ausencia significativa tras varios meses de presencia en la plaza, la de los policías locales luchando por sus condiciones laborales. Parece que se reiniciaron las negociaciones que deseamos vayan por el mejor camino en la consecución de sus legítimas demandas. Será positivo para el colectivo, para el Ayuntamiento, pero sobre todo, será positivo para la ciudad.

Aínda que foi a mediados do mes pasado, permítaseme ter unha lembranza para o

Aunque fue a mediados el mes pasado, permítaseme tener un recuerdo para la

pasamento de José Manuel Sánchez Mesejo, coñecido como Cholo, coordinador comarcal de Esquerda Unida de 1999 e candidato á Alcaldía da Coruña no 2003, e ademais un dos fundadores da Comisión de Recuperación da Memoria Histórica da Coruña. Home moi querido e valorado, sobre todo no barrio de Labañou, onde foi directivo da asociación de veciños e do club de fútbol do Sin Querer, un dos bos e xenerosos. Vaia desde aquí o noso recoñecemento.

muerte de José Manuel Sánchez Mesejo, conocido como Cholo, coordinador comarcal de Esquerda Unida de 1999 y candidato a la Alcaldía de A Coruña en el 2003, y además uno de los fundadores de la Comisión de Recuperación de la Memoria Histórica de A Coruña. Hombre muy querido y valorado, sobre todo en el barrio de Labañou, donde fue directivo de la asociación de vecinos y del club de fútbol del Sin Querer, uno de los buenos y generosos. Vaya desde aquí nuestro reconocimiento.

E antes de empezar, un saúdo especial hoxe ás mulleres do xoves de comadres, que tamén ocupan a praza e tamén ocupan a tribuna para pedir o que veñen defendendo, e eu no seu nome, que non é outra cousa que cambiar ese frío nome de praza de Fábrica de Tabacos por praza das Cigarreiras, o que se converte, ademais, en toda unha homenaxe a un grupo de traballadoras que o día 7 deste mes, fará xa 164 anos, iniciaron a primeira folga de mulleres da que se ten noticia, converténdose en todo un símbolo de loita pola igualdade e os dereitos. Ese cambio de nomeamento será unha merecida e digna homenaxe.

Y antes de empezar, un saludo especial hoy a las mujeres del jueves de comadres, que también ocupan la plaza y también ocupan la tribuna para pedir lo que vienen defendiendo, y yo en su nombre, que no es otra cosa que cambiar ese frío nombre de plaza de Fábrica de Tabacos por plaza de las Cigarreiras, lo que se convierte, además, en todo un homenaje a un grupo de trabajadoras que el día 7 de este mes, hará ya 164 años, iniciaron la primera huelga de mujeres de la que se tiene noticia, convirtiéndose en todo un símbolo de lucha por la igualdad y los derechos. Ese cambio de nombre será un merecido y digno homenaje.

Entrando xa no asunto, tráese hoxe unha modificación do orzamento do IMCE baseada nun excedente do capítulo 1 por unha serie de prazas e promoción de persoal que non chegaron a cumprirse e que ascende a un total de algo máis de 134.000 €. Se ben non coñezo as razóns pola non materialización desas coberturas, por outra parte, o informe de Intervención Xeral é favorable, no sentido das garantías en termos orzamentarios, ao aparecer o expediente nivelado e equilibrado en palabras do propio interventor. O que si se explica é o destino final do modificativo, que será o PRESCO cultural e para dinamizar as

Entrando ya en el asunto, se trae hoy una modificación del presupuesto del IMCE basada en un excedente del capítulo 1 por una serie de plazas y promoción de personal que no llegaron a cumplirse y que asciende a un total de algo más de 134.000 €. Si bien no conozco las razones por la no materialización de esas coberturas, por otra parte, el informe de Intervención General es favorable, en el sentido de las garantías en términos presupuestarios, al aparecer el expediente nivelado y equilibrado en palabras del propio interventor. Lo que sí se explica es el destino final del modificativo, que será el PRESCO

datas navideñas e algún dos gastos dos que dos seus actos se desprendan, actos basicamente culturais co que iso supón de incentivo para un sector que está todavía intentando superar o impacto da crise sanitaria. Por iso, pola nosa parte, non resta máis que votar a favor cando proceda. Grazas.

cultural y para dinamizar las fechas navideñas y alguno de los gastos de los que de sus actos se desprendan, actos básicamente culturales con lo que eso supone de incentivo para un sector que está todavía intentando superar el impacto de la crisis sanitaria. Por eso, por nuestra parte, no resta más que votar a favor cuando proceda. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Faraldo.

Muchas gracias, señora Faraldo.

Señor Jorquera, polo Bloque Nacionalista Galego.

Señor Jorquera, por el Bloque Nacionalista Galego.

Señor Jorquera Caselas

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

En primeiro lugar, como é habitual, quero aproveitar a primeira intervención para saudar aos membros da Corporación, ás traballadoras e traballadores da prensa, ao persoal do Concello, ao público que está seguindo este pleno e á representación do movemento veciñal, e quero enviar, tamén, un saúdo aos colectivos presentes na praza de María Pita e sumarme ao recoñecemento expresado pola señora Faraldo.

En primer lugar, como es habitual, quiero aprovechar la primera intervención para saludar a los miembros de la Corporación, a las trabajadoras y trabajadores de la prensa, al personal del Ayuntamiento, al público que está siguiendo este pleno y a la representación del movimiento vecinal, y quiero enviar, también, un saludo a los colectivos presentes en la plaza de María Pita y sumarme al reconocimiento expresado por la señora Faraldo.

Cando o Goberno municipal optou unilateralmente por prorrogar os orzamentos de 2020, unha das razóns da nosa crítica era que esa decisión abocaba a ter que negociar os orzamentos a retallos, pronunciándonos ao longo do exercicio sobre continuas modificacións orzamentarias en vez de abordar na súa globalidade unha previsión de gastos e ingresos, como sería o racional. Fago este recordatorio porque, se non levo mal as contas, con este modificativo xa son 9 os que presentou o Goberno municipal dende o pasado mes de xaneiro, e aínda

Cuando el Gobierno municipal optó unilateralmente por prorrogar los presupuestos de 2020, una de las razones de nuestra crítica era que esa decisión abocaba a tener que negociar los presupuestos a retales, pronunciándonos a lo largo del ejercicio sobre continuas modificaciones presupuestarias en vez de abordar en su globalidad una previsión de gastos e ingresos, como sería lo racional. Hago este recordatorio porque, si no llevo mal las cuentas, con este modificativo ya son 9 los que presentó el Gobierno municipal desde el pasado mes

por riba, seguimos agardando un pleno máis pola ampliación do capital de Emvsa, necesaria para poñer en marcha o complexo deportivo do Castrillón, aínda que, por agardar, seguimos agardando polo que é máis importante, os novos orzamentos. Estamos a 2 de decembro de 2021, dos orzamentos de 2022 non sabemos nada, e namentras seguimos funcionando cos orzamentos prorrogados de 2020. Non nos parece serio. Teremos ocasión de debater esta cuestión máis devagar neste pleno, dado que o Grupo Popular presentou unha moción sobre os orzamentos municipais, pero non nos parece serio nin cremos que sexa, precisamente, un exemplo de boa xestión, máxime se temos en conta que, co modificativo que agora se debate, van xa 5 que afectan singularmente ao IMCE. En xullo aprobamos os expedientes M2 e M3 para dotar o PRESCO e ampliar os convenios, que contemplaban sendas baixas no IMCE por importe de 860.000 e 240.000 €. No Pleno de setembro aprobouse a concesión dun crédito extraordinario de preto de 31.000 € co obxecto de facer fronte ao recoñecemento extraxudicial de obrigas do IMCE, e aprobouse tamén un suplemento de crédito de 660.000, dos cales 300.000 íanse destinar a traballos realizados por empresas e profesionais co obxecto de facer fronte á programación cultural até a fin de 2021. Pero seica non abondou. Agora se propón unha transferencia de crédito por importe de máis de 257.000 € para dotar de crédito suficiente ás necesidades previstas até fin de exercicio, a maior parte destinado a atender a programación cultural e outros espectáculos e eventos, a desenvolver no mes de decembro. Transferencia que se fai ao cargo de créditos por unha serie de gastos que, a estas alturas do exercicio, non está previsto realizar.

de enero, y por si fuera poco, seguimos esperando un pleno más por la ampliación del capital de Emvsa, necesaria para poner en marcha el complejo deportivo del Castrillón, aunque, por esperar, seguimos esperando por lo que es más importante, los nuevos presupuestos. Estamos a 2 de diciembre de 2021, de los presupuestos de 2022 no sabemos nada, y mientras seguimos funcionando con los presupuestos prorrogados de 2020. No nos parece serio. Tendremos ocasión de debatir esta cuestión más despacio en este pleno, dado que el Grupo Popular presentó una moción sobre los presupuestos municipales, pero no nos parece serio ni creemos que sea, precisamente, un ejemplo de buena gestión, máxime si tenemos en cuenta que, con el modificativo que ahora se debate, van ya 5 que afectan singularmente al IMCE. En julio aprobamos los expedientes M2 y M3 para dotar el PRESCO y ampliar los convenios, que contemplaban sendas bajas en el IMCE por importe de 860.000 y 240.000 €. En el Pleno de septiembre se aprobó la concesión de un crédito extraordinario de cerca de 31.000 € con el objeto de hacer frente al reconocimiento extrajudicial de obligaciones del IMCE, y se aprobó también un suplemento de crédito de 660.000, de los cuales 300.000 se iban a destinar a trabajos realizados por empresas y profesionales con el objeto de hacer frente a la programación cultural hasta el fin de 2021. Pero parece que no fue suficiente. Ahora se propone una transferencia de crédito por importe de más de 257.000 € para dotar de crédito suficiente a las necesidades previstas hasta fin de ejercicio, la mayor parte destinado a atender la programación cultural y otros espectáculos y eventos, a desarrollar en el mes de diciembre. Transferencia que se hace a cargo de créditos por una serie de gastos que, a

estas alturas del ejercicio, no está previsto realizar.

Ben, que nos orzamentos do IMCE estivesen contempladas a cobertura dunha serie de prazas e a realización dunha serie de promocións de persoal que non se chegaron a realizar, cremos que revela importantes déficits de planificación e de xestión. Preocúpanos, por exemplo, que se usen os recursos que se contemplaban para a praza de director do Teatro Colón por atoparse agora vacante. Preocúpanos porque nos parece incríbel que esta praza siga vacante dende o mes de abril por mor do nomeamento da anterior directora como nova directora da área de Cultura do Concello, por moito que agora vostede anuncie, señor Lage, que se vai a convocar por fin esta praza. Preocúpanos polo que revela de improvisación e inestabilidade constante no eido da cultura, unha improvisación e inestabilidade constante que tamén explica que, primeiro en xullo se aproben baixas no IMCE por importe de 1.100.000 €, despois en setembro se aprobe un suplemento de crédito co obxecto de facer fronte á programación cultural de 2021 e só 3 meses despois se propoña unha transferencia de crédito por importe de máis de 250.000 € co mesmo fin.

Bien, que en los presupuestos del IMCE estuvieran contempladas la cobertura de una serie de plazas y la realización de una serie de promociones de personal que no se llegaron a realizar, creemos que revela importantes déficits de planificación y de gestión. Nos preocupa, por ejemplo, que se usen los recursos que se contemplaban para la plaza de director del Teatro Colón por encontrarse ahora vacante. Nos preocupa porque nos parece increíble que esta plaza siga vacante desde el mes de abril a causa del nombramiento de la anterior directora como nueva directora del área de Cultura del Ayuntamiento, por mucho que ahora usted anuncie, señor Lage, que se va a convocar por fin esta plaza. Nos preocupa por lo que revela de improvisación e inestabilidad constante en el campo de la cultura, una improvisación e inestabilidad constante que también explica que, primero en julio se aprueben bajas en el IMCE por importe de 1.100.000 €, después en septiembre se apruebe un suplemento de crédito con el objeto de hacer frente a la programación cultural de 2021 y solo 3 meses después se proponga una transferencia de crédito por importe de más de 250.000 € con el mismo fin.

En definitiva, parcheo continuo, carencia de planificación global, e o que é máis grave, carencia de política cultural, por moito que por fin anuncien que se van iniciar os pasos para crear o Consello Municipal de Cultura como tantas veces ten demandado o BNG. Xa era hora.

En definitiva, parcheo continuo, carencia de planificación global, y lo que es más grave, carencia de política cultural, por mucho que por fin anuncien que se van a iniciar los pasos para crear el Consejo Municipal de Cultura como tantas veces ha demandado el BNG. Ya era hora.

Por responsabilidade, non imos dificultar co noso voto que se poida desenvolver a programación prevista, pero tampouco podemos avalar un xeito de facer as cousas do que discrepamos

Por responsabilidad, no vamos a dificultar con nuestro voto que se pueda desarrollar la programación prevista, pero tampoco podemos avalar una manera de hacer las cosas de la que

profundamente. Por ese motivo, o BNG absterase nesta votación. Moitas grazas.

discrepamos profundamente. Por ese motivo, el BNG se abstendrá en esta votación. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Muchas gracias, señor Jorquera.

Turno da Marea Atlántica, señor Martínez.

Turno de la Marea Atlántica, señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Señor Martínez Durán

Alcaldesa, concelleiros, concelleiras, persoal municipal, xornalistas, veciños e veciñas de Elviña e Labañou, cigarreiras, moi bo día a todos e a todas.

Alcaldesa, concejales, concejalas, personal municipal, periodistas, vecinos y vecinas de Elviña y Labañou, cigarreras, muy buenos días a todos y a todas.

Advertimos no seu día, diría que en solitario, que era mala idea recortar o orzamento do IMCE. Era mala idea por varias razóns. Era mala idea recortar fondos no IMCE porque supoñía reincidir nun cambio de tendencia que xa daquela se consumara. En 2020, por primeira vez en 5 anos, os orzamentos da cultura, do gasto cultural, perderon peso neste concello. Hai que recordar que co Goberno da Marea Atlántica pasaron do 7,9 ao 11,1 % unicamente nun mandato. Advertimos de que era mala idea retraer recursos do IMCE porque era xusto o contrario do que precisaba naquel momento un sector vulnerable como é o da cultura que, ademais, foi un dos máis damnificados polas restricións impostas pola pandemia. Un sector, recordémolo tamén, que achega entorno ao 3 % do emprego, das empresas e do PIB desta cidade. E advertimos, por último, de que era mala idea aplicar recortes no IMCE porque, dalgún xeito, era darlle a razón a quen pensa que o gasto cultural é prescindible, que é ese gasto do que hai que botar man para recortalo cada vez que as circunstancias nos obrigan a facer política seria, política de verdade.

Advertimos en su día, diría que en solitario, que era mala idea recortar el presupuesto del IMCE. Era mala idea por varias razones. Era mala idea recortar fondos en el IMCE porque suponía reincidir en un cambio de tendencia que ya entonces se había consumado. En 2020, por primera vez en 5 años, los presupuestos de la cultura, del gasto cultural, perdieron peso en este ayuntamiento. Hay que recordar que con el Gobierno de la Marea Atlántica pasaron del 7,9 al 11,1 % únicamente en un mandato. Advertimos de que era mala idea retraer recursos del IMCE porque era justo lo contrario de lo que precisaba en aquel momento un sector vulnerable como es el de la cultura que, además, fue uno de los más damnificados por las restricciones impuestas por la pandemia. Un sector, recordémoslo también, que aporta en torno al 3 % del empleo, de las empresas y del PIB de esta ciudad. Y advertimos, por último, de que era mala idea aplicar recortes en el IMCE porque, de alguna manera, era darle la razón a quien piensa que el gasto cultural es prescindible, que es ese gasto del que hay que echar mano para recortarlo cada vez que las circunstancias nos obligan a

hacer política seria, política de verdad.

Os discursos importan en política, as ideas importan en política e, para mostra, desgraciadamente, o que está a acontecer coa seguridade cidadá. Toda unha ofensiva cultural que está ameazando fundamentos básicos da convivencia democrática, a ofensiva cultural. Aos vendedores de alarmas, e aquí temos representantes do sector dos vendedores de alarmas, non se lles gaña o pulso ofrecendo unha alarma mellor ou unha alarma máis barata, porque cando facemos iso estamos deixando intactas dúas cuestións básicas: a definición do problema e a definición do tipo de solucións. Cando un quere ofrecer alternativas hai que cuestionar, precisamente, o diagnóstico e o horizonte. Volvendo ao que nos ocupa, se un non cre que o gasto en cultura sexa prescindible, o que ten que facer precisamente é non prescindir do gasto en cultura cando hai que facer políticas de emerxencia.

Los discursos importan en política, las ideas importan en política y, para muestra, desgraciadamente, lo que está sucediendo con la seguridad ciudadana. Toda una ofensiva cultural que está amenazando fundamentos básicos de la convivencia democrática, la ofensiva cultural. A los vendedores de alarmas, y aquí tenemos representantes del sector de los vendedores de alarmas, no se les gana el pulso ofreciendo una alarma mejor o una alarma más barata, porque cuando hacemos eso estamos dejando intactas dos cuestiones básicas: la definición del problema y la definición del tipo de soluciones. Cuando uno quiere ofrecer alternativas hay que cuestionar, precisamente, el diagnóstico y el horizonte. Volviendo a lo que nos ocupa, si uno no cree que el gasto en cultura sea prescindible, lo que tiene que hacer precisamente es no prescindir del gasto en cultura cuando hay que hacer políticas de emergencia.

Este modificativo de crédito danos a razón dúas veces. En primeiro lugar, porque era mala idea recortar orzamento no IMCE e en segundo lugar porque era mala idea, peor idea aínda, prorrogar os orzamentos de 2020. Tamén, tamén advertimos no seu día de que iso era un erro. Como ter razón en política non abonda non sendo que un teña exclusivamente vocación de Pepito Grillo ou de voz da conciencia, e non é o caso da Marea Atlántica, imos ser tamén parte da solución e, como adiantaba o portavoz do Goberno, a Marea Atlántica vai apoiar este modificativo como xa fixo na comisión para que se lles poña remedio aos problemas creados no IMCE para completar este ano.

Este modificativo de crédito nos da la razón dos veces. En primer lugar, porque era mala idea recortar presupuesto en el IMCE y en segundo lugar porque era mala idea, peor idea aún, prorrogar los presupuestos de 2020. También, también advertimos en su día de que eso era un error. Como tener razón en política no es suficiente a no ser que uno tenga exclusivamente vocación de Pepito Grillo o de voz de la conciencia, y no es el caso de la Marea Atlántica, vamos a ser también parte de la solución y, como adelantaba el portavoz del Gobierno, la Marea Atlántica va a apoyar este modificativo como ya hizo en la comisión para que se les ponga remedio a los problemas creados en el IMCE para completar este año.

A letra pequena do modificativo

La letra pequeña del modificativo

tampouco nos gusta. Hai elementos de preocupación. Non vou insistir na execución orzamentaria, xa o fixen no último pleno, pero é baixa, volve estar una ano máis a execución global do concello por debaixo do desexable e por debaixo do que era habitual no pasado mandato, e hai concellerías, alcaldesa, e sábeo, con cifras francamente indefendibles. Boa parte dos recursos que se mobilizan neste modificativo, como xa adiantaron compañeiros e compañeiras da Corporación nas súas intervencións, se reciclan porque os fins para os que estaban destinados non se van executar. Iso sempre é mala noticia e sempre é un indicador de que as cousas non se están a facer ben. Unha parte deses recursos, e isto é moi significativo, proceden do feito lamentable de que o Teatro Colón teña a súa praza de dirección vacante. E a dirección do Teatro Colón está vacante porque a área de Cultura leva moito, moito, moito tempo instalada nunha interinidade que non dá acabado.

tampoco nos gusta. Hay elementos de preocupación. No voy a insistir en la ejecución presupuestaria, ya lo hice en el último pleno, pero es baja, vuelve a estar un año más la ejecución global del ayuntamiento por debajo de lo deseable y por debajo de lo que era habitual en el pasado mandato, y hay concejalías, alcaldesa, y lo sabe, con cifras francamente indefendibles. Buena parte de los recursos que se movilizan en este modificativo, como ya adelantaron compañeros y compañeras de la Corporación en sus intervenciones, se reciclan porque los fines para los que estaban destinados no se van a ejecutar. Eso siempre es mala noticia y siempre es un indicador de que las cosas no se están haciendo bien. Una parte de esos recursos, y esto es muy significativo, proceden del hecho lamentable de que el Teatro Colón tenga su plaza de dirección vacante. Y la dirección del Teatro Colón está vacante porque el área de Cultura lleva mucho, mucho, mucho tiempo instalada en una interinidad que no da acabado.

O Teatro Colón, que é xestionado neste concello grazas a un acordo da Marea Atlántica coa Deputación da Coruña, ten que renovar o 31 de decembro o seu convenio. Cónstame que o Goberno municipal ten intención de renovar ese convenio. Fágano nas mellores condicións posibles, polo maior tempo posible, e aproveiten para recoller unha proposta que formulaba hai pouco o noso compañeiro, poeta, editor, exparlamentario, Miguel Anxo Fernán Vello, e cámbienlle o nome polo de Teatro María Casares.

El Teatro Colón, que es gestionado en este ayuntamiento gracias a un acuerdo de la Marea Atlántica con la Diputación de A Coruña, tiene que renovar el 31 de diciembre su convenio. Me consta que el Gobierno municipal tiene intención de renovar ese convenio. Háganlo en las mejores condiciones posibles, por el mayor tiempo posible, y aprovechen para recoger una propuesta que formulaba hace poco nuestro compañero, poeta, editor, exparlamentario, Miguel Ángel Fernán Vello, y cámbienle el nombre por el de Teatro María Casares.

Xa saben que desaprobamos a súa xestión en cultura. Repetímolo moitas veces. É moi difícil que a área de Cultura vaia levantar cabeza no que queda de mandato, pero algo hai que facer. Creo

Ya saben que desaprobamos su gestión en cultura. Lo repetimos muchas veces. Es muy difícil que el área de Cultura vaya a levantar cabeza en lo que queda de mandato, pero algo hay que hacer.

que hai unha parte da solución do problema que só pode facer vostede, alcaldesa. Hai outra parte na que a Marea Atlántica pode axudar. Desbloqueemos canto antes a constitución do Consello Municipal da Cultura, xa temos por fin unha primeira versión do regulamento na que traballaremos con todo o interese e a mellor disposición nos próximos días, e fagamos tamén dos orzamentos de 2022 unha oportunidade para cambiar o rumbo da xestión cultural deste mandato.

Creo que hay una parte de la solución del problema que solo puede hacer usted, alcaldesa. Hay otra parte en la que la Marea Atlántica puede ayudar. Desbloqueemos lo antes posible la constitución del Consejo Municipal de la Cultura, ya tenemos por fin una primera versión del reglamento en la que trabajaremos con todo el interés y la mejor disposición en los próximos días, y hagamos también de los presupuestos de 2022 una oportunidad para cambiar el rumbo de la gestión cultural de este mandato.

Nada máis. Moitas grazas.

Nada más. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Martínez.

Muchas gracias, señor Martínez.

Turno para o Partido Popular, señora Gallego.

Turno para el Partido Popular, señora Gallego.

Señora Gallego Neira

Señora Gallego Neira

Si, moitas grazas. Moi bos días a todos os compañeiros de Corporación, medios de comunicación, ao público que nos acompaña, a quen nos escoita por retransmisión en directo e, por suposto, aos funcionarios municipais.

Sí, muchas gracias. Muy buenos días a todos los compañeros de Corporación, medios de comunicación, al público que nos acompaña, a quienes nos escuchan por streaming y, por supuesto, a los funcionarios municipales.

Hoxe é 2 de decembro. Nada sabemos do orzamento municipal para 2022, nin da evolución do PRESCO que pactamos entre todos os grupos, que aquí parece que só o fixeron a Marea e o PSOE e non é así. Esperemos que despois da ponte, como se comprometeu o señor Lage, rendan contas á Comisión. A nós o que nos chega é que non se están pagando as axudas e que hai máis problemas este ano que o ano pasado para xustificar.

Hoy es 2 de diciembre. Nada sabemos del presupuesto municipal para 2022, ni de la evolución del PRESCO que pactamos entre todos los grupos, que aquí parece que solo lo hicieron la Marea y el PSOE y no es así. Esperemos que después del puente, como se comprometió el señor Lage, rindan cuentas a la Comisión. A nosotros lo que nos llega es que no se están pagando las ayudas y que hay más problemas este año que el año pasado para justificar.

O que si sabemos é que a alcaldesa asumiu o modelo de cidade de Xulio

Lo que sí sabemos es que la alcaldesa asumió el modelo de ciudad de Xulio

Ferreiro, que aprobou unha subida de impostos coa Marea Atlántica e que despois de renunciar unilateralmente a elaborar o orzamento para 2021, máis necesario que nunca, leva desde setembro dicindo que está a pactar coa Marea o orzamento para 2022. Esta semana en rolda de prensa conxunta, Inés Rey e María García, dixo que están a sentar as bases. Estamos ao 2 de decembro. A seguir esperando a ver se sentan as bases. Os coruñeses de espectadores e aguantando nas súas casas a maior subida do IPC en 30 anos, o 5,6 % en novembro e o prezo da luz e os carburantes como nunca, pero vostedes seguen no seu mundo. A única certeza que temos a día de hoxe é que o 1 de xaneiro imos ter o orzamento de 2020 prorrogado por segundo ano consecutivo, sen investimentos e sen convenios porque non se prorrogan, e volta á lea deste ano para que ao final se aproben en xullo. Logo quéixanse de que presentemos emendas. Só faltaba. Quedou ben claro, señora Rey, que non poden vulnerar os dereitos fundamentais dos concelleiros.

Ferreiro, que aprobó una subida de impuestos con la Marea Atlántica y que después de renunciar unilateralmente a elaborar el presupuesto para 2021, más necesario que nunca, lleva desde septiembre diciendo que está pactando con la Marea el presupuesto para 2022. Esta semana en rueda de prensa conjunta, Inés Rey y María García, dijo que están sentando las bases. Estamos a 2 de diciembre. A seguir esperando a ver si sientan las bases. Los coruñeses de espectadores y aguantando en sus casas la mayor subida del IPC en 30 años, el 5,6 % en noviembre y el precio de la luz y los carburantes como nunca, pero ustedes siguen en su mundo. La única certeza que tenemos a día de hoy es que el 1 de enero vamos a tener el presupuesto de 2020 prorrogado por segundo año consecutivo, sin inversiones y sin convenios porque no se prorrogan, y vuelta al lío de este año para que al final se aprueben en julio. Luego se quejan de que presentemos enmiendas. Solo faltaba. Le quedó bien claro, señora Rey, que no pueden vulnerar los derechos fundamentales de los concejales.

Pero de orzamento e de vulneración de dereitos falaremos máis tarde. Agora imos falar do IMCE, do expediente que traen e Pleno. Unha transferencia de crédito recortando gasto de persoal por importe de 257.600 € e 20.000 duns premios de entroido que non se celebraron, e non sabemos para que. Din que para facilitar a actividade do IMCE pero non din a que se vai a destinar. Saberao o xefe do gabinete da alcaldesa que é quen manexa o IMCE. De feito estou a esperar a súa chamada. Estaba moi interesado en falar comigo, supoño que porque pensaba que a Marea ía votar en contra pero, desde a rolda de prensa da alcaldesa coa portavoz da Marea Atlántica, perdeu o interese porque xa pactaron todo. Ata pactan isto

Pero de presupuesto y de vulneración de derechos hablaremos más tarde. Ahora vamos a hablar del IMCE, del expediente que traen e Pleno. Una transferencia de crédito recortando gasto de personal por importe de 257.600 € y 20.000 de unos premios de carnaval que no se celebraron, y no sabemos para qué. Dicen que para facilitar la actividad del IMCE pero no dicen a qué se va a destinar. Lo sabrá el jefe del gabinete de la alcaldesa que es quien maneja el IMCE. De hecho estoy esperando su llamada. Estaba muy interesado en hablar conmigo, supongo que porque pensaba que la Marea iba a votar en contra pero, desde la rueda de prensa de la alcaldesa con la portavoz de la Marea Atlántica, perdió el interés porque ya han pactado todo. Hasta pactan

que supón un recorte do gasto de persoal de nada máis e nada menos que 257.600 €, que se di pronto. Tanto pedir que se cubra a dirección do Teatro Colón, señor Martínez. Saben quen e como están a xestionar o Teatro Colón? Sábeo, seguro que mellor que eu porque vostede é membro do Consello Reitor. Pois aquí vai o diñeiro para cubrir ese posto. Non esixiu ata hoxe nada. Tanto pedir que non se recorte o orzamento do IMCE, pois xa ve. Recortes en promocións internas e en vacantes non cubertas. Recortes de promesas incumpridas, o IMCE, que ten un orzamento total de 7 millóns, aquí está a execución. Deses 7 millóns –logo pásolla se a quere, por se non a ten–, deses 7 millóns gastaron 4, quedan 3 sen executar, ou sexa, o 43 %, señor Martínez, señor Lage, 257.000 € van arranxarlle a vida. E din que os necesitan para o funcionamento. Están de broma. Di que para potenciar a industria cultural. Pois ten 3 millóns. Non o recorten de persoal. A que o queren dedicar? Non o sabemos porque o ocultan. Non aparece na documentación nin deron explicación. O que lle sobra ao IMCE agora mesmo é diñeiro.

esto que supone un recorte del gasto de personal de nada más y nada menos que 257.600 €, que se dice pronto. Tanto pedir que se cubra la dirección del Teatro Colón, señor Martínez. ¿Saben quién y cómo están gestionando el Teatro Colón? Lo sabe, seguro que mejor que yo porque usted es miembro del Consejo Rector. Pues aquí va el dinero para cubrir ese puesto. No ha exigido hasta hoy nada. Tanto pedir que no se recorte el presupuesto del IMCE, pues ya ve. Recortes en promociones internas y en vacantes no cubiertas. Recortes de promesas incumplidas, el IMCE, que tiene un presupuesto total de 7 millones, aquí está la ejecución. De esos 7 millones –luego se la paso si la quiere, por si no la tiene–, de esos 7 millones han gastado 4, les quedan 3 sin ejecutar, o sea, el 43 %, señor Martínez, señor Lage, 257.000 € van a arreglarle la vida. Y dicen que los necesitan para el funcionamiento. Están de broma. Dice que para potenciar la industria cultural. Pues tiene 3 millones. No lo recorten de personal. ¿A qué lo quieren dedicar? No lo sabemos porque lo ocultan. No aparece en la documentación ni han dado explicación. Lo que le sobra al IMCE ahora mismo es dinero.

Obviamente imos votar en contra, porque o IMCE vai funcionar exactamente igual. 7 millóns de euros de crédito e quédanlle 3, e non imos votar a cegas nada. Xa lles dixemos en numerosas ocasións que o noso voto non lles vai a saír gratis, que apoiaremos o que sexa bo para a cidade, pero que pedimos diálogo, e o mínimo é saber que votamos. E, desde logo, que se deixen de cordóns sanitarios.

Obviamente vamos a votar en contra, porque el IMCE va a funcionar exactamente igual. 7 millones de euros de crédito y le quedan 3, y no vamos a votar a ciegas nada. Ya les hemos dicho en numerosas ocasiones que nuestro voto no les va a salir gratis, que apoyaremos lo que sea bueno para la ciudad, pero que pedimos diálogo, y lo mínimo es saber qué votamos. Y, desde luego, que se dejen de cordones sanitarios.

De momento dálles igual o noso voto, señora Rey, porque están en bipartito harmonioso coa Marea. Veremos máis adiante cando rompa o amor. Ou non lles dá igual, porque hoxe é a segunda vez

De momento les da igual nuestro voto, señora Rey, porque están en bipartito armonioso con la Marea. Veremos más adelante cuando se rompa el amor. O no les da igual, porque hoy es la segunda vez

que retiran do pleno, da orde do día, un asunto de Urbanismo porque necesitan maioría absoluta e, sen o voto favorable do Partido Popular, non sae adiante, porque a Marea Atlántica non o apoia.

que retiran del pleno, del orden del día, un asunto de Urbanismo porque necesitan mayoría absoluta y, sin el voto favorable del Partido Popular, non sale adelante, porque la Marea Atlántica no lo apoya.

Doutra banda, dicía antes que quen manexa o IMCE é o xefe do gabinete da alcaldesa, que é persoal eventual, e isto é así porque, ademais de ser vox pópuli, a alcaldesa desfíxose da área de Seguridade Cidadá e asumiu Cultura co IMCE, que non é exactamente o mesmo, pero está dedicada a outras cousas, basicamente a fotos e agora coa Marea Atlántica.

Por otro lado, decía antes que quien maneja el IMCE es el jefe del gabinete de la alcaldesa, que es personal eventual, y esto es así porque, además de ser vox pópuli, la alcaldesa se deshizo del Área de Seguridad Ciudadana y asumió Cultura con el IMCE, que non es exactamente lo mismo, pero está dedicada a otras cosas, basicamente a fotos y ahora con la Marea Atlántica.

Isto é un certificado, por exemplo, un de tantos, quen o asina? Gonzalo Enrique de Castro Prado en funcións de presidente do IMCE, pono aquí. Asina os pregos, as convocatorias do Consello reitor, informes proposta, propostas de adxudicación de contratos e ata preside o IMCE por delegación da alcaldesa, decreto de Alcaldía 6783/2020, do 15 de decembro, decreto que non puidemos ver con tanta xunta, comisións, plenos extraordinarios porque desde a semana pasada a alcaldesa prohibiu, persoalmente a alcaldesa, segundo un correo electrónico que recibimos, ao persoal eventual da oposición acceder aos decretos e resolucións e temos que subir os concelleiros a Actas a ver os decretos e a fotocopiar. Cal é o motivo desta decisión inédita? Con Paco Vázquez, con Javier Losada, con Carlos Negreira e ata con Xulio Ferreiro podían os asesores acceder a esta documentación. É persoal eventual que traballa para os grupos municipais e entre as súas funcións de asesoramento, pois estará revisar os decretos e resolucións como ata o de agora. Que queren esconder? Por que esta falta de transparencia? Porque isto é obstaculizar o labor da oposición porque

Esto es un certificado, por ejemplo, uno de tantos, ¿quién lo firma? Gonzalo Enrique de Castro Prado en funciones de presidente del IMCE, lo pone aquí. Firma los pliegos, las convocatorias del Consejo rector, informes propuesta, propuestas de adjudicación de contratos y hasta preside el IMCE por delegación de la alcaldesa, decreto de Alcaldía 6783/2020, de 15 de diciembre, decreto que no hemos podido ver con tanta junta, comisiones, plenos extraordinarios porque desde la semana pasada la alcaldesa ha prohibido, personalmente la alcaldesa, según un correo electrónico que recibimos, al personal eventual de la oposición acceder a los decretos y resoluciones y tenemos que subir los concejales a Actas a ver los decretos y a fotocopiar. ¿Cuál es el motivo de esta decisión inédita? Con Paco Vázquez, con Javier Losada, con Carlos Negreira y hasta con Xulio Ferreiro podían los asesores acceder a esta documentación. Es personal eventual que trabaja para los grupos municipales y entre sus funciones de asesoramiento, pues estará revisar los decretos y resoluciones como hasta ahora. ¿Qué quieren esconder? ¿Por qué esta falta de transparencia? Porque esto es obstaculizar la labor de la oposición porque **(se oye**

(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)*… o día mirando decretos e fotocopiando en lugar de facer o noso traballo. O persoal eventual do Goberno ten acceso a todo, toman decisións e, no caso do IMCE, aínda é máis sanguento, porque actúa o xefe de gabinete como presidente en substitución da alcaldesa. Mentres tanto, os grupos da oposición, como xa dixen, non poden nin ir a fotocopiar decretos e resolucións por orde da alcaldesa. Lémbrolle, señora Rey, que a Lei de emprego público de Galicia establece no seu artigo 29 as funcións do persoal eventual cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, entre as que se inclúe expresamente o apoio que supoña unha colaboración de carácter reservado. Non queren os decretos para levalos á súa casa* ***(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)****… para facilitar o noso labor de oposición.*

unha señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)… el día mirando decretos y fotocopiando en lugar de hacer nuestro trabajo. El personal eventual del Gobierno tiene acceso a todo, toman decisiones y, en el caso del IMCE, todavía es más sangrante, porque actúa el jefe de gabinete como presidente en sustitución de la alcaldesa. Mientras tanto, los grupos de la oposición, como ya he dicho, no pueden ni ir a fotocopiar decretos y resoluciones por orden de la alcaldesa. Le recuerdo, señora Rey, que la Ley de Empleo Público de Galicia establece en su artículo 29 las funciones del personal eventual calificadas como de confianza o asesoramiento especial, entre las que se incluye expresamente el apoyo que suponga una colaboración de carácter reservado. No quieren los decretos para llevarlos a su casa **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)**… para facilitar nuestra labor de oposición.

En definitiva, imos votar en contra deste modificativo.

En definitiva, vamos a votar en contra de este modificativo.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Gallego.

Muchas gracias, señora Gallego.

Señor Lage, para pechar este debate.

Señor Lage, para cerrar este debate.

Señor Lage Tuñas

Señor Lage Tuñas

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Señor Jorquera, creo que ten algún erro na súa apreciación. O suplemento de crédito ao que vostede fai alusión, é dicir, aquí fixo, falou dunha baixa mezclando todo, imaxino que o fixo conscientemente, quero dicir, non por descoñecemento, pero a min correspóndeme explicalo como se vostede se tivera equivocado sen querer

Señor Jorquera, creo que tiene algún error en su apreciación. El suplemento de crédito al que usted hace alusión, es decir, aquí hizo, habló de una baja mezclando todo, imagino que lo hizo conscientemente, quiero decir, no por desconocimiento, pero a mí me corresponde explicarlo como si usted se hubiera equivocado sin querer

equivocarse. O que houbo foi unha utilización do remanente do IMCE, como vostede ben sabe, para financiar unha parte do PRESCO, na que vostede, como di o señor Martínez, estaba de acordo, co cal, en fin, eu entendo todo, entendo todo, pero non lle vou a dicir que non teña razón, que razón xa sabe que non a ten, senón que teño que explicar que non é certo. Utilizouse remanente do IMCE. Polo tanto, dese millón de euros, non é que primeiro se dera de baixa un millón de euros e agora se vaia o mesmo millón de euros, non. Vostede sabe que o suplemento de crédito se fixo con cargo ao remanente e tanto o suplemento posterior como a transferencia da que estamos a falar se fai con cargo a recursos propios, no primeiro caso remanente e no segundo caso no que nos atañe, con respecto ao capítulo 1, polo tanto, non hai ningún desorden. Non hai ningún desorden, ningún desbaraxuste, ningunha falta de planificación. Hai unha utilización dos recursos en función das necesidades.

equivocarse. Lo que hubo fue una utilización del remanente del IMCE, como usted bien sabe, para financiar una parte del PRESCO, en la que usted, como dice el señor Martínez, estaba de acuerdo, con lo cual, en fin, yo entiendo todo, entiendo todo, pero no le voy a decir que no tenga razón, que razón ya sabe que no la tiene, sino que tengo que explicar que no es cierto. Se utilizó remanente del IMCE. Por lo tanto, de ese millón de euros, no es que primero se hubiese dado de baja un millón de euros y ahora se vaya el mismo millón de euros, no. Usted sabe que el suplemento de crédito se hizo con cargo al remanente y tanto el suplemento posterior como la transferencia de la que estamos hablando se hace con cargo a recursos propios, en el primer caso remanente y en el segundo caso que nos atañe, con respecto al capítulo 1, por lo tanto, no hay ningún desorden. No hay ningún desorden, ningún desbaraxuste, ninguna falta de planificación. Hay una utilización de los recursos en función de las necesidades.

Señor Jorquera, non se pode ser dogmático, non se pode ser dogmático. Eu, a primeira parte entendo que intentou mezclalo todo, e loxicamente, pois sei que é unha persoa con moita capacidade e sei que o que dixo podía ser un bo intento de confusión, pero por se chegara a triunfar o intento de confusión teño que aclarar que non se pode mezclar o touciño coa velocidade. Non é posible. Pódese intentar pero hai que deixalo claro. Despois da baixa, o IMCE o que fixo foi atender todas as súas necesidades con recursos propios. E vostede di, bueno, é que trouxeron un suplemento, hai unha modificación e agora traen outra. E vostede debería de estar contento porque vostede era o que reivindicaba que se fixeran máis actuacións, que se programara cos artistas locais, que houbera máis eventos, incluso que se

Señor Jorquera, no se puede ser dogmático, no se puede ser dogmático. Yo, la primera parte entiendo que intentó mezclalo todo, y lógicamente, pues sé que es una persona con mucha capacidad y sé que lo que dijo podía ser un buen intento de confusión, pero por si llegase a triunfar el intento de confusión tengo que aclarar que no se puede mezclar el tocino con la velocidad. No es posible. Se puede intentar pero hay que dejarlo claro. Después de la baja, el IMCE lo que hizo fue atender todas sus necesidades con recursos propios. Y usted dice, bueno, es que trajeron un suplemento, hay una modificación y ahora traen otra. Y usted debería de estar contento porque usted era el que reivindicaba que se hiciesen más actuaciones, que se programase con los artistas locales, que hubiera más eventos, incluso que se explotase todo el

explotara todo o potencial do sector cultural, por iso me chama a atención. Entendo que ao mellor o que non lle gusta é que forme parte dun acordo con outro grupo. Iso é entendible desde o punto de vista político pero é incoherente co que ten dito o BNG e vostede mesmo nos últimos 9 meses, xa non vou máis atrás, pero si nos últimos 9 meses. Polo tanto, di vostede, seica non chegou? Pois será porque se programan máis eventos e se aposta polos artistas locais. Parécelle mal, señor Jorquera, que se convoque a praza do Teatro Colón? Parece que non. Foi o primeiro que anunciei na miña primeira intervención. Está de acordo coa creación do Consello Municipal da Cultura? Ata onde eu chego creo que está de acordo coa creación do Consello Municipal da Cultura. A programación do Teatro Colón tivo algún problema ao longo dos últimos meses? Funcionou sen ningún tipo de problema. Está pechada a programación do primeiro semestre de 2022? Está pechada unha programación, polo tanto hai planificación. Sempre se pode facer máis. Modificativos? Pois mire, no pasado mandato aprobáronse 29 modificativos. Pero bueno, e tamén poderíamos falar de cal é a opinión sobre os modificativos. Hai que xestionar o orzamento, hai que adaptarse sempre en calquera circunstancia. Non é certo que entre o ano 2020 e o 2021, é dicir, nos últimos 20 meses, hai suficiente contexto, circunstancias como para que haxa flexibilidade e adaptación? Se non se fixera non se nos estaría acusando de dogmáticos? Seguramente. O que estamos é utilizando os recursos do mellor xeito posible precisamente para mobilizar a economía, para darlle un pulo ao sector cultural, para combinar a presenza de artistas locais e de eventos de diferente magnitude. Eu creo que no esencial estamos de acordo.

potencial del sector cultural, por eso me llama la atención. Entiendo que a lo mejor lo que no le gusta es que forme parte de un acuerdo con otro grupo. Eso es entendible desde el punto de vista político pero es incoherente con lo que ha dicho el BNG y usted mismo en los últimos 9 meses, ya no voy más atrás, pero sí en los últimos 9 meses. Por lo tanto, dice usted, ¿acaso no llegó? Pues será porque se programan más eventos y se apuesta por los artistas locales. ¿Le parece mal, señor Jorquera, que se convoque la plaza del Teatro Colón? Parece que no. Fue lo primero que anuncié en mi primera intervención. ¿Está de acuerdo con la creación del Consejo Municipal de la Cultura? Hasta donde yo llego creo que está de acuerdo con la creación del Consejo Municipal de la Cultura. ¿La programación del Teatro Colón tuvo algún problema a lo largo de los últimos meses? Funcionó sin ningún tipo de problema. ¿Está cerrada la programación del primer semestre de 2022? Está cerrada una programación, por lo tanto hay planificación. Siempre se puede hacer más. ¿Modificativos? Pues mire, en el pasado mandato se aprobaron 29 modificativos. Pero bueno, y también podríamos hablar de cuál es la opinión sobre los modificativos. Hay que gestionar el presupuesto, hay que adaptarse siempre en cualquier circunstancia. ¿No es cierto que entre el año 2020 y el 2021, es decir, en los últimos 20 meses, hay suficiente contexto, circunstancias como para que haya flexibilidad y adaptación? Si no se hubiera hecho, ¿no se nos estaría acusando de dogmáticos? Seguramente. Lo que estamos es utilizando los recursos de la mejor manera posible precisamente para movilizar la economía, para darle un empuje al sector cultural, para combinar la presencia de artistas locales y de eventos de diferente magnitud. Yo creo que en lo esencial estamos de

Polo tanto, digo, señor Jorquera, señora Gallego, entendo que vostede veu aquí a falar doutra cousa. Imaxino, imaxino que cando vostede trae a colación ao xefe de gabinete de Alcaldía, creo que non dixo que houbese nada ilegal no decreto que firmou a señora alcaldesa porque se non, como é tradición no seu grupo, xa terían adoptado outras decisións, pero o que non sei é se a mesma crítica que formula vale cando do seu propio grupo lle piden a ese mesmo xefe de gabinete que ten delegada a xestión do IMCE que hoxe mesmo ás 13:30 reciba por petición do Grupo Municipal Popular a un programador cultural. É dicir, vostedes critican unha decisión, que é lícita, que é lícita a crítica que poidan facer, pero cunha man critican que quen dirixa o IMCE por delegación da alcaldesa sexa o seu xefe de gabinete, pero por outro non teñen rubor ningún en pedirlle que reciba a un programador cultural hoxe mesmo. É dicir, hai unha incoherencia absoluta, co cal, bueno, eu creo que un pouquiño de coherencia non estaría de máis.

Señora Gallego **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** –remato, señora alcaldesa– non hai ningún cordón sanitario. Repítollo, tódalas propostas que vostedes queiran achegar son benvidas, pero non son benvidos hoxe, son benvidos dende fai moitos meses, cando vostedes intentaban facer unha pinza con outro grupo político para que o Goberno tivera dificultades e, polo tanto, non estamos pechados a falar con ninguén. Agora, tampouco lle ten que parecer mal a ninguén que cando un grupo como a Marea Atlántica manifestou a súa vontade de sentarse a negociar, fixémolo. **(Óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)**.

acuerdo.

Por lo tanto, digo, señor Jorquera, señora Gallego, entiendo que usted vino aquí a hablar de otra cosa. Imagino, imagino que cuando usted trae a colación al jefe de gabinete de Alcaldía, creo que no dijo que hubiera nada ilegal en el decreto que firmó la señora alcaldesa porque si no, como es tradición en su grupo, ya habrían adoptado otras decisiones, pero lo que no sé es si la misma crítica que formula vale cuando de su propio grupo le piden a ese mismo jefe de gabinete que tiene delegada la gestión del IMCE que hoy mismo a las 13:30 reciba por petición del Grupo Municipal Popular a un programador cultural. Es decir, ustedes critican una decisión, que es lícita, que es lícita la crítica que puedan hacer, pero con una mano critican que quien dirija el IMCE por delegación de la alcaldesa sea su jefe de gabinete, pero por otro no tienen rubor ninguno en pedirle que reciba a un programador cultural hoy mismo. Es decir, hay una incoherencia absoluta, con lo cual, bueno, yo creo que un poquito de coherencia no estaría de más.

Señora Gallego ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *–finalizo, señora alcaldesa– no hay ningún cordón sanitario. Se lo repito, todas las propuestas que ustedes quieran aportar son bienvenidas, pero no son bienvenidos hoy, son bienvenidos desde hace muchos meses, cuando ustedes intentaban hacer una pinza con otro grupo político para que el Gobierno tuviera dificultades y, por lo tanto, no estamos cerrados a hablar con nadie. Ahora, tampoco le tiene que parecer mal a nadie que cuando un grupo como la Marea Atlántica manifestó su voluntad de sentarse a negociar, lo hicimos.* ***(Se oyen dos señales acústicas indicativas de la***

E agardamos que dea máis froitos, e agardamos que se avance máis e, polo tanto, creo que non sobra nada, fai falta todo, señora Gallego, polo tanto, cordón sanitario ningún, ningún. Estamos sempre dispostos...

finalización del tiempo de intervención). *Y esperamos que dé más frutos, y esperamos que se avance más y, por lo tanto, creo que no sobra nada, hace falta todo, señora Gallego, por lo tanto, cordón sanitario ninguno, ninguno. Estamos siempre dispuestos...*

Presidencia

Presidencia

Ten que rematar, señor Lage.

Tiene que finalizar, señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Señor Lage Tuñas

Remato, señora alcaldesa.

Finalizo, señora alcaldesa.

Estamos sempre dispostos, a man tendida e a traballar conxuntamente por esta cidade, sen vetos.

Estamos siempre dispuestos, la mano tendida y a trabajar conjuntamente por esta ciudad, sin vetos.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas a todos e a todas. Pasamos xa á votación deste punto.

Muchas gracias a todos y a todas. Pasamos ya a la votación de este punto.

Votación do asunto número dous

Votación del asunto número dos

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número dous referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número dos referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (1 abstención).

Se abstiene el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (1 abstención).

Vota a favor a concelleira non adscrita dona Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita doña Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita dona Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita doña Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas. Queda aprobado.

Muchas gracias. Queda aprobado.

Acordo

Acuerdo

Aprobar inicialmente o expediente modificativo do orzamento do IMCE de 2021 consistente en transferencias de crédito polo importe de 257.635,12 € de acordo co seguinte detalle:

Aprobar inicialmente el expediente modificativo del presupuesto del IMCE de 2021 consistente en transferencias de crédito por el importe de 257.635,12 € de acuerdo con el siguiente detalle:

Aplicacións	Concepto	Transferencias negativas	Transferencias positivas
330/120.00	SOLDOS DO GRUPO A1	-16.049,18	
330/120.01	SOLDOS DO GRUPO A2	-9.321,63	
330/120.04	SOLDOS DO GRUPO C2	-4.546,32	
330/121.00	COMPLEMENTO DE DESTINO	-18.485,83	
330/121.01	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	-47.482,31	
330/130.00	RETRIBUCIÓNS BÁSICAS	-25.960,67	
330/130.02	OUTRAS REMUNERACIÓNS	-43.311,19	
330/153.00	COMPLEMENTO DEDICACIÓN ESPECIAL	-19.468,81	
330/160.00	SEGURIDADE SOCIAL	-52.259,18	
338/481.00	PREMIOS	-20.750,00	
338/203.00	ALUGUER DE MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE	0,00	20.750,00
338/227.99	OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS E PROF.	0,00	236.885,12
		-257.635,12	**257.635,12**

Presidencia

Presidencia

Asunto número tres. Señor secretario.

Asunto número tres. Señor secretario.

ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR

ECONOMÍA, HACIENDA Y RÉGIMEN INTERIOR

Facenda

Hacienda

195.- Expte. 360/2021/341
Aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora das contribucións especiais

195.- Expte. 360/2021/341
Aprobación inicial de la Ordenanza fiscal reguladora de las contribuciones

para a ampliación do Servizo de Extinción de Incendios do Concello da Coruña.

Asunto: Aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora das contribucións especiais para a ampliación do Servizo de Extinción de Incendios do Concello da Coruña.

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral celebrada o día 29 de novembro de 2021, co voto a favor do Grupo Municipal Socialista e as abstencións dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, propoñéndose ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

PRIMEIRO.- aprobar inicialmente a ordenanza de Contribucións Especiais para a ampliación do servizo de extinción de incendios do Concello da Coruña, nos termos que se regulan a continuación. No non previsto naquela, rexeranse polo establecido na Ordenanza Fiscal nº 19, Xeral de Contribucións Especiais, aprobada polo Pleno da Corporación o 3 de decembro de 2004 e actualmente en vigor:

1.1. Suxeitos pasivos.- Son suxeitos pasivos das contribucións especiais, de acordo co previsto no artigo 30.2. c do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, as compañías aseguradoras que desenvolvan a súa actividade no ramo de incendios no termo municipal da Coruña. A GESTORA DE CONCIERTOS PARA LA CONTRIBUCIÓN A LOS SERVICIOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS A.I.E. (V-81070211) actúa

especiales para la ampliación del Servicio de Extinción de Incendios del Ayuntamiento de A Coruña.

Asunto: *Aprobación inicial de la Ordenanza fiscal reguladora de las contribuciones especiales para la ampliación del Servicio de Extinción de Incendios del Ayuntamiento de A Coruña.*

Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda y Administración General celebrada el día 29 de noviembre de 2021, con el voto a favor del Grupo Municipal Socialista y las abstenciones de los grupos municipales del Partido Popular y del Bloque Nacionalista Galego, proponiéndose al Pleno Municipal a adopción de los acuerdos siguientes:

PRIMERO.- *aprobar inicialmente la ordenanza de contribuciones Especiales para la ampliación del servicio de extinción de incendios del Ayuntamiento de A Coruña, en los términos que se regulan a continuación. En lo no previsto en aquella, se regirán por el establecido en la Ordenanza Fiscal nº 19, General de Contribuciones Especiales, aprobada por el Pleno de la Corporación el 3 de diciembre de 2004 y actualmente en vigor:*

1.1. Sujetos pasivos.- Son sujetos pasivos de las contribuciones especiales, de acuerdo con lo previsto en el artículo 30.2. c del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la ley reguladora de las haciendas locales, las compañías aseguradoras que desarrollen su actividad en el ramo de incendios en el término municipal de A Coruña. La GESTORA DE CONCIERTOS PARA LA CONTRIBUCIÓN A LOS SERVICIOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS A.I.E.

en representación dos suxeitos pasivos, nos termos previstos no Convenio de Colaboración aprobado pola Xunta de Goberno Local de 18/12/2019 e formalizado en data 04/05/2020.

(V-81070211) actúa en representación de los sujetos pasivos, en los términos previstos en el Convenio de Colaboración aprobado por la Junta de Gobierno Local de 18/12/2019 y formalizado en fecha 04/05/2020.

1.2. Custo da ampliación do servizo de extinción de incendios.- O custo da ampliación do servizo de extinción de incendios ascende á cantidade de 1.171.167,27 € (UN MILLÓN CENTO SETENTA E UN MIL CENTO SESENTA E SETE EUROS CON VINTE E SETE CENTIMOS) que se corresponde cos seguintes proxectos de investimento:

1.2. Coste de la ampliación del servicio de extinción de incendios.- El coste de la ampliación del servicio de extinción de incendios asciende a la cantidad de 1.171.167,27 € (UN MILLÓN CIENTO SETENTA Y UN MIL CIENTO SESENTA Y SIETE EUROS CON VEINTISIETE CENTIMOS) que se corresponde con los siguientes proyectos de inversión:

APLICACIÓN	CAP	ANUALIDADE 2021	DENOMINACIÓN DO PROXECTO	APORTACION MUNICIPAL	PRÉSTAMO	CONTRIB ESPECIAIS	TOTAL PROXECTO
10.136.622.00	6	177.205,56	Obra nova local para zona de descontaminación e limpeza de EPIs de bombeiros.		17.720,55	159.485,00	177.205,56 €
10.136.623.00	6	136.000,00	Equipos de protección Individual, material de rescate e subministro e instalación de hidrantes e señalización		13.600,00	122.400,00	136.000 €
10.136.624.00	6	700.000,00	Subministro de vehículo furgón F.S.V. con material diverso.		70.000,00	630.000,00	700.000 €
10.136.632.00	6	42.350,00	Obra de reforma en edificio de oficinas para mellorar a operatividade do servizo.		4.235,00	38.115,00	42.350 €
10.136 632.00	6	115.611,71	Substitución dos portalóns de peche no Parque de Bombeiros adecuados á normativa actual	11.561,17		104.050,54	115.611,71 €
			TOTAIS		105.555,55	1.054.050,54	1.171.167,27 €

1.3. Base Impoñible, Criterios de Repartición e Cotas Tributarias. A Base Impoñible cífrase na cantidade de 1.054.050,54€ (UN MILLÓN CINCUENTA CATRO MIL CINCUENTA EUROS, CON CINCUENTA CATRO CENTIMOS) que equivale ao 90 por cento do custo dos proxectos denominados "Obra nova local para zona de descontaminación e limpeza de EPIs de bombeiros. Equipos de protección Individual, material de rescate e subministro e instalación de hidrantes e señalización. Subministro de vehículo furgón F.S.V. con material diverso. Obra de reforma en edificio de oficinas para mellorar a operatividade del servizo. Substitución dos portalóns de peche no Parque de Bombeiros adecuados á normativa actual, e que será distribuída entre os suxeitos pasivos, proporcionalmente ao importe das primas recadadas no ano 2020. Se a cota esixible fose superior ao 5% das primas recadadas polas compañías aseguradoras, o exceso trasladarase a exercicios sucesivos ata a súa total amortización.

1.3. Base Imponible, Criterios de Reparto y Cuotas Tributarias. La Base Imponible se cifra en la cantidad de 1.054.050,54€ (UN MILLÓN CINCUENTA Y CUATRO MIL CINCUENTA EUROS, CON CINCUENTA Y CUATRO CENTIMOS) que equivale al 90 por ciento del coste de los proyectos denominados "Obra nueva local para zona de descontaminación y limpieza de EPIs de bomberos. Equipos de protección individual, material de rescate y suministro e instalación de hidrantes y señalización. Suministro de vehículo furgón F. S.V. con material diverso. Obra de reforma en edificio de oficinas para mejorar la operatividad del servicio. Sustitución de los portalones de cierre en el Parque de Bomberos adecuados a la normativa actual", y que será distribuida entre los sujetos pasivos, proporcionalmente al importe de las primas recaudadas en el año 2020. Si la cuota exigible fuera superior al 5% de las primas recaudadas por las compañías aseguradoras, el exceso se trasladará a ejercicios sucesivos hasta su total amortización.

1.4 Recadación de Cotas Tributarias. A XESTORA DE CONCERTOS PARA A CONTRIBUCIÓN AOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS A.I.E. (V-81070211), recadará das Entidades Aseguradoras que operan no termo municipal do Concello da Coruña, en cuxa representación actúa, a cantidade estipulada e que constitúe a cota global das Contribucións Especiais.

1.4 Recaudación de Cuotas Tributarias. La GESTORA DE CONCIERTOS PARA LA CONTRIBUCIÓN A LOS SERVICIOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS A.I.E. (V-81070211), recaudará de las Entidades Aseguradoras que operan en el término municipal del Ayuntamiento de A Coruña, en cuya representación actúa, la cantidad estipulada y que constituye la cuota global de las Contribuciones Especiales.

1.5 Achega municipal. A achega do Concello con cargo aos seus recursos propios aplicarase ás partidas orzamentarias 10.136.622.00, 10.136.623.00, 10.136.624.00, 10.136.632.00 do Orzamento xeral en vigor.

1.5 Aportación municipal. La aportación del Ayuntamiento con cargo a sus recursos propios se aplicará a las partidas presupuestarias 10.136.622.00, 10.136.623.00, 10.136.624.00, 10.136.632.00 del Presupuesto general en vigor.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación do presente acordo provisional, no taboleiro de anuncios do Concello, no Boletín Oficial da Provincia y nun dos diarios de maior difusión da provincia da Coruña, polo prazo de 30 días hábiles, en cumprimento do establecido no artigo 17 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Durante o citado prazo, aqueles que teñan a consideración de interesados, de acordo co regulado no artigo 18 da citada norma, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

***SEGUNDO**.- Ordenar la publicación del presente acuerdo provisional, en el tablón de anuncios del Ayuntamiento, en el Boletín Oficial de la Provincia y en uno de los diarios de mayor difusión de la provincia de A Coruña, por el plazo de 30 días hábiles, en cumplimiento de lo establecido en el artículo 17 del RDL 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales. Durante el citado plazo, aquellos que tengan la consideración de interesados, de acuerdo con lo regulado en el artículo 18 de la citada norma, podrán examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.*

TERCEIRO.- Facultar a Alcaldesa - Presidenta, tan amplamente como en dereito sexa posible, para garantir a plena execución do presente acordo**.**

***TERCERO**.- Facultar a la Alcaldesa - Presidenta, tan ampliamente como en derecho sea posible, para garantizar la plena ejecución del presente acuerdo.*

Señor secretario

Aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora das contribucións especiais para a ampliación do Servicio de Extinción de Incendios do Concello da Coruña.

Señor secretario

Aprobación inicial de la Ordenanza fiscal reguladora de las contribuciones especiales para la ampliación del Servicio de Extinción de Incendios del Ayuntamiento de A Coruña.

Presidencia

Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Goberno local, señor Lage Tuñas e despois un turno de 3 minutos por grupo.

Presidencia

Muchas gracias. Tiene la palabra el portavoz del Gobierno local, señor Lage Tuñas y después un turno de 3 minutos por grupo.

Señor Lage, cando queira.

Señor Lage, cuando quiera.

Señor Lage Tuñas

Grazas, señora alcaldesa.

Señor Lage Tuñas

Gracias, señora alcaldesa.

Traemos hoxe aquí a aprobación inicial do acordo de imposición e ordenación de contribucións especiais para a ampliación

Traemos hoy aquí la aprobación inicial del acuerdo de imposición y ordenación de contribuciones especiales para la

do Servizo de Extinción de Incendios do noso concello, a Ordenanza de contribucións especiais. Esta ordenanza é unha ordenanza que, como saben, está prevista para a modernización e a correcta dotación do parque de bombeiros. A ordenanza dótase economicamente mediante o acordo coas compañías de seguros que son as entidades que, na proporción da súa cota de mercado, aportan os fondos precisos para a actualización do parque de bombeiros.

Cabe recordar que aprobamos cada ano o acordo de imposición e de ordenación de ditas contribucións especiais, acordo que vai a permitir, ademais, investimentos totais na nosa cidade por un valor de 1.171.167 €, cantidade da que 1.054.050 € procede das achegas das aseguradoras e o resto complétase con aportacións municipais. Este é un asunto que xa é coñecido pero quero recordar que con estes fondos o Concello construirá unha nova nave para a descontaminación e limpeza dentro do recinto do parque, que acometerá unha reforma das instalacións, substituirá o portalón de acceso ao recinto, adquiriranse equipos de protección individual e material diverso de rescate e, por último, adquirirase tamén un vehículo polivalente de rescate que será o maior dos investimentos previstos porque alcanza o valor de 700.000 € e, polo tanto, estamos tamén facendo algo importante que é reforzar un servizo que é un servizo que, estaremos todos de acordo, que é exemplar e do que nos debemos de sentir orgullosos que é o servizo de bombeiros, que creo que é un exemplo non só en Galicia senón no conxunto da península polo seu funcionamento e polas experiencias que ten manifestado. Hoxe damos un pasiño máis. Nos próximos días, froito dos acordos aos que temos chegado, pois daremos tamén outro paso máis co

ampliación del Servicio de Extinción de Incendios de nuestro ayuntamiento, la Ordenanza de contribuciones especiales. Esta ordenanza es una ordenanza que, como saben, está prevista para la modernización y la correcta dotación del parque de bomberos. La ordenanza se dota económicamente mediante el acuerdo con las compañías de seguros que son las entidades que, en la proporción de su cuota de mercado, aportan los fondos precisos para la actualización del parque de bomberos.

Cabe recordar que aprobamos cada año el acuerdo de imposición y de ordenación de dichas contribuciones especiales, acuerdo que va a permitir, además, inversiones totales en nuestra ciudad por un valor de 1.171.167 €, cantidad de la que 1.054.050 € procede de las aportaciones de las aseguradoras y el resto se completa con aportaciones municipales. Este es un asunto que ya es conocido pero quiero recordar que con estos fondos el Ayuntamiento construirá una nueva nave para la descontaminación y limpieza dentro del recinto del parque, que acometerá una reforma de las instalaciones, sustituirá el portalón de acceso al recinto, se adquirirán equipos de protección individual y material diverso de rescate y, por último, se adquirirá también un vehículo polivalente de rescate que será la mayor de las inversiones previstas porque alcanza el valor de 700.000 € y, por lo tanto, estamos también haciendo algo importante que es reforzar un servicio que es un servicio que, estaremos todos de acuerdo, que es ejemplar y del que nos debemos de sentir orgullosos que es el servicio de bomberos, que creo que es un ejemplo no solo en Galicia sino en el conjunto de la península por su funcionamiento y por las experiencias que ha manifestado. Hoy damos un pasito más. En los próximos días, fruto de

modificativo correspondente.

los acuerdos a los que hemos llegado, pues daremos también otro paso más con el modificativo correspondiente.

Son, como se pode ver, investimentos importantes para a mellora do noso servizo de extinción de incendios e ademais investimentos, que é un tema que non é menor, que non supoñen apenas achega de fondos públicos. Hai unha cofinanciación moi baixa e, polo tanto, debemos de dar os pasos adiante para non só non perder os fondos senón utilizalos da mellor forma posible. Coido que é un dos asuntos nos que creo que hai un consenso amplo, creo que hai unha visión de conxunto moi compartida e ogallá non xere ningún tipo de problema nin de debate porque moitas veces debatimos de forma apasionada, vehemente, aguerrida, pero tamén hai outras moitísimas veces nas que estamos de acordo en moitísimas cousas e eu creo que o Servizo de Extinción de Incendios, o servizo de bombeiros que temos na cidade, pois, coincidiremos todas e todos en que é un gran servizo do cal nos podemos sentir todos moi orgullosos.

Son, como se puede ver, inversiones importantes para la mejora de nuestro servicio de extinción de incendios y además inversiones, que es un tema que no es menor, que no suponen apenas aportación de fondos públicos. Hay una cofinanciación muy baja y, por lo tanto, debemos de dar los pasos adelante para no solo no perder los fondos sino utilizarlos de la mejor forma posible. Creo que es uno de los asuntos en los que creo que hay un consenso amplio, creo que hay una visión de conjunto muy compartida y ojalá no genere ningún tipo de problema ni de debate porque muchas veces debatimos de forma apasionada, vehemente, aguerrida, pero también hay otras muchísimas veces en las que estamos de acuerdo en muchísimas cosas y yo creo que el Servicio de Extinción de Incendios, el servicio de bomberos que tenemos en la ciudad, pues, coincidiremos todas y todos en que es un gran servicio del cual nos podemos sentir todos muy orgullosos.

Nada máis e moitas grazas.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Turno de debate, señora Faraldo.

Turno de debate, señora Faraldo.

Ás dez horas e cincuenta e cinco minutos sae do Salón de Sesións a señora García Gómez.

A las diez horas y cincuenta y cinco minutos sale del Salón de Sesiones la señora García Gómez.

Señora Faraldo Calvo

Señora Faraldo Calvo

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Pola miña parte non teño nada que matizar nin que destacar presentando

Por mi parte no tengo nada que matizar ni que destacar presentando como se

como se presenta unha ordenanza para repercutir, en contribucións especiais, o 90 % do importe ao que ascende o custo da ampliación do Servizo de Extinción de Incendios polos investimentos que o propio informe especifica e que se acaban de explicar, a repartir entre as sociedades ou entidades que cubran os riscos proporcionalmente segundo as súas cotas.

presenta una ordenanza para repercutir, en contribuciones especiales, el 90 % del importe al que asciende el coste de la ampliación del Servicio de Extinción de Incendios por las inversiones que el propio informe especifica y que se acaban de explicar, a repartir entre las sociedades o entidades que cubran los riesgos proporcionalmente según sus cuotas.

As obras ou proxectos polos que se eleva esa cifra a repercutir nas contribucións especiais, máis dun millón de euros, pouco máis dun millón de euros, son proxectos de mellora e modernización do Servizo de Extinción de Incendios e, polo tanto, pola nosa parte só queda votar a favor desa aprobación inicial. Grazas.

Las obras o proyectos por los que se eleva esa cifra a repercutir en las contribuciones especiales, más de un millón de euros, poco más de un millón de euros, son proyectos de mejora y modernización del Servicio de Extinción de Incendios y, por lo tanto, por nuestra parte solo queda votar a favor de esa aprobación inicial. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Faraldo.

Muchas gracias, señora Faraldo.

Señor Jorquera.

Señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Señor Lage, dígollo con toda e absoluta sinceridade: na miña vida, á hora de exercer responsabilidades políticas pois, loxicamente, recibín moitas críticas, como recibiu todo o mundo, pero é a primeira vez que se me critica por dogmático. Sinceramente non me teño por tal. Si que me teño por unha persoa de principios, si que me teño por unha persoa coherente, ou que polo menos procura ser coherente. É a primeira vez, desde logo, que alguén me tacha de dogmático. Pero, en calquera caso, non me dou por ofendido porque non me sinto recoñecido en absoluto nesa definición.

evidentemente ya están certificados, en obra si son obras, y fondos que ya están enviados al ministerio para solicitar los pagos correspondientes. Hay mucho trabajo por delante, efectivamente, hay que acelerar el proceso, podemos tratar de mejorar la información, pero como decía el señor Martínez, más allá de los números, de los pequeños números, porque igual 18 o 20 millones en el conjunto del presupuesto no es tanto para un período de tiempo, yo creo que lo que importa aquí es el modelo en el que se está trabajando. Estamos asistiendo a un proceso en toda Europa con motivo del reto climático, acelerado por los procesos de la COVID-19, a un proceso de cambio casi de paradigma en el que son los modelos urbanos de cara a modelos urbanos más sostenibles. Y las estrategias DUSI, las estrategias de Agenda Urbana están estableciendo un camino dentro de ese nuevo paradigma de cara a llevar adelante procesos urbanos, políticas urbanas, urbanísticas, medioambientales, sociales, tecnológicas, porque no podemos olvidar que en ese nuevo paradigma la tecnología tiene mucho que ver, pero la tecnología también tiene que funcionar como palanca de integración, no como brecha digital, y en ese sentido, los procesos, yo diría como decía también el señor Martínez, es más importante quedarse con el bosque que con cada uno de los árboles que suponen estas importantes actuaciones.

Temos un reto climático que está aí, as conclusións da COP26 poden ser máis ou menos ambiciosas pero están aí, e camiñamos de cara a cidades neutras en 2050. Ese é un reto importante e incluso ese reto importante está establecendo como os importes dos fondos Feder para políticas urbanas para o novo período marco van crecer dunha forma moi significativa.

Tenemos un reto climático que está ahí, las conclusiones de la COP26 pueden ser más o menos ambiciosas pero están ahí, y caminamos de cara a ciudades neutras en 2050. Ese es un reto importante e incluso ese reto importante está estableciendo cómo los importes de los fondos Feder para políticas urbanas para el nuevo período marco van a crecer de una forma muy significativa.

Eu creo, para rematar, que a cidade da Coruña, a administración municipal ten unha longa tradición na xestión de fondos europeos. Lembramos aqueles procesos Urban, lembramos como o Fórum, que naceu en fondos europeos, fixo unha certa transformación importante do ámbito, Ágora, que tamén naceu na xestión de fondos europeos, implica unha transformación importante de ámbitos, e case quedémonos coa idea de que temos que aliñar as estratexias urbanas, Coruña ten esa tradición, podemos facelo mellor ou peor uns gobernos e outros, pero nese sentido, eu creo que, dentro desa boa tradición de xestión de fondos europeos, temos que seguir mellorando a maquinaria de xestión, por suposto, para ser capaces de captar fondos, fondos que, por certo, señor Jorquera, están asegurados porque se trata de financiamento afectado, polo tanto, aínda a pesar de prórrogas, ese financiamento afectado está asegurado en cada exercicio económico e, nese sentido, o único para rematar, emplazar a este pleno a que teremos unha nova sesión no seguinte semestre do vindeiro ano para explicar un pouco o estado de execución desta estratexia que, creo que é importante quedarnos coa idea de que, máis alá dos números pequenos, se trata dun cambio de modelo importante.

Yo creo, para finalizar, que la ciudad de A Coruña, la administración municipal tiene una larga tradición en la gestión de fondos europeos. Recordamos aquellos procesos Urban, recordamos cómo el Fórum, que nació en fondos europeos, hizo una cierta transformación importante del ámbito, Ágora, que también nació en la gestión de fondos europeos, implica una transformación importante de ámbitos, y casi quedémonos con la idea de que tenemos que alinear las estrategias urbanas, Coruña tiene esa tradición, podemos hacerlo mejor o peor unos gobiernos y otros, pero en ese sentido, yo creo que, dentro de esa buena tradición de gestión de fondos europeos, tenemos que seguir mejorando la maquinaria de gestión, por supuesto, para ser capaces de captar fondos, fondos que, por cierto, señor Jorquera, están asegurados porque se trata de financiación afectada, por lo tanto, aun a pesar de prórrogas, esa financiación afectada está asegurada en cada ejercicio económico y, en ese sentido, lo único para finalizar, emplazar a este pleno a que tendremos una nueva sesión en el siguiente semestre del próximo año para explicar un poco el estado de ejecución de esta estrategia que, creo que es importante quedarnos con la idea de que, más allá de los números pequeños, se trata de un cambio de modelo importante.

Máis nada e grazas.

Más nada y gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas a todos polo debate.

Muchas gracias a todos por el debate.

O asunto 6 se retira da orde do día.

El asunto 6 se retira del orden del día.

Asunto 7, señor secretario.

Asunto 7, señor secretario.

Rehabilitación e vivenda

Rehabilitación y vivienda

198.- Expte. 640/2021/88
Aprobación inicial da Ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles.

Asunto: Aprobación inicial da Ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles.

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda celebrada o día 29 de novembro de 2021, co voto a favor dos Grupos Municipais Socialista e de Marea Atlántica, e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, propoñéndose ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles, cuxo proxecto (CSV: 5X0P 1P4N 1S3N 6J1N 04M6) foi aprobado por acordo do 24/11/2021 da Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Dispoñer a apertura dun período de información pública e audiencia ás persoas interesadas por un prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, prazo que se computará a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio do Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña. Así mesmo, publicarase un anuncio no taboleiro de anuncios e edictos deste concello, a través da sede electrónica municipal, e nun dos diarios de maior difusión da provincia. No suposto de que non se presente ningunha reclamación nin suxestión nese prazo, o acordo até entón provisional entenderase definitivamente adoptado.

198.- Expte. 640/2021/88
Aprobación inicial de la Ordenanza de conservación e rehabilitación de inmuebles.

Asunto: *Aprobación inicial de la Ordenanza de conservación e rehabilitación de inmuebles.*

Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Urbanismo y Vivienda celebrada el día 29 de noviembre de 2021, con el voto a favor de los Grupos Municipales Socialista y de Marea Atlántica, y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular y del Bloque Nacionalista Galego, proponiéndose al Pleno Municipal la adopción de los acuerdos siguientes:

Primero.- Aprobar inicialmente la Ordenanza de conservación y rehabilitación de inmuebles, cuyo proyecto (CSV: 5X0P 1 P4N 1S3N 6J1 N04 M6) fue aprobado por acuerdo del 24/11/2021 de la Xunta de Gobierno Local.

Segundo.- Disponer la apertura de un período de información pública y audiencia a las personas interesadas por un plazo de treinta días para la presentación de reclamaciones y sugerencias, plazo que se computará a partir del día siguiente al de la publicación del correspondiente anuncio del Boletín Oficial de la Provincia (BOP) de A Coruña. Asimismo, se publicará un anuncio en el tablón de anuncios y edictos de este ayuntamiento, a través de la sede electrónica municipal, y en uno de los diarios de mayor difusión de la provincia. En el supuesto de que no se presente ninguna reclamación ni sugerencia en ese plazo, el acuerdo hasta entonces provisional se entenderá

definitivamente adoptado.

Terceiro.- Establecer a entrada en vigor da antedita ordenanza, logo da súa aprobación definitiva, unha vez se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tercero.- Establecer la entrada en vigor de la antedicha ordenanza, luego de su aprobación definitiva, una vez se publique completamente su texto en el Boletín Oficial de la Provincia (BOP) de A Coruña y transcurra el plazo previsto en el artículo 65.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril , reguladora de las bases del régimen local.

PROXECTO DE ORDENANZA DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS 70
TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓNS XERAIS 73
TÍTULO I: CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN 74
Capítulo I: DEBER DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN 74
Capítulo II. CUMPRIMENTO DOS DEBERES DE CONSERVACIÓN E DE REHABILITACIÓN 76
Capítulo III: DECLARACIÓN DE RUÍNA 80
Capítulo IV: MEDIDAS POR INCUMPRIMENTO 87
TÍTULO II. O INFORME DE AVALIACIÓN DOS EDIFICIOS 89

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), regulaba entre os medios de intervención na edificación o deber de conservación dos inmobles, a inspección periódica das construcións e a declaración de ruína. Sobre a base desta lei, o Concello da Coruña regulou esta materia, primeiro na Ordenanza sobre a conservación dos edificios e ruínas que aprobou o Pleno do Concello o 01/03/2004 (BOP do 15/03/2004), despois na Ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles aprobada polo mesmo órgano o 30/10/2006 (BOP do 17/11/2006) e finalmente no Texto refundido desa ordenanza aprobado o 10/11/2011 (BOP do 28/11/2011), este último aínda en vigor nesta parte.
En concreto, neste texto refundido regúlanse os seguintes procedementos derivados do deber legal de conservación e rehabilitación que recae sobre os propietarios dos inmobles:

- Os que teñen por obxecto a emenda das súas deficiencias de conservación e/ou mantemento (título II)
- Os relativos á inspección técnica dos edificios (ITE) (título III)
- Os procedementos de declaración de ruína (título IV)

- A execución subsidiaria (capítulo III do título II)
- O rexistro de soares e edificios a rehabilitar (título V)

En efecto, o texto refundido actualmente en vigor mantense na súa redacción orixinaria no que atinxe aos procedementos vinculados ao deber de conservación, en tanto que as únicas modificacións que nel se efectuaron, nos anos 2017 e 2018, afectaron ao seu título VI, no que se regulaban as axudas á rehabilitación. Así mesmo, o seu artigo 1, segundo parágrafo, artigos 9 e 10, ese título VI (artigos 84 ao 110), o título VII (artigos 111 ao 119), dedicado ao fomento de obras de accesibilidade e soterramento de *cableado*, e as súas disposicións adicionais primeira, segunda, terceira e quinta, foron derrogados expresamente pola Ordenanza municipal reguladora da concesión de axudas para a conservación e rehabilitación de edificios de vivendas aprobada definitivamente polo Pleno do Concello o 10/09/2020 (BOP do 19/10/2020).

No que atinxe á normativa que o texto refundido viña a desenvolver na materia de conservación, viuse afectada por varias normas posteriores.

En primeiro lugar, a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG núm. 34, do 19/02/2016 e BOE núm. 81, do 04/04/2016), que derrogou, entre outras, a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro (DOG núm. 213, do 09/11/2016), que aproba o regulamento de desenvolvemento da antedita lei 2/2016, en vigor dende o 19/03/2016 e o 09/12/2016, respectivamente, establecen no capítulo I do seu título VI a obriga dos propietarios dos edificios de conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles; atribuíndolles aos Concellos a competencia para ditar ordes de execución que obriguen ás persoas propietarias dos bens inmobles a realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento á dita obriga.
Con este fin, regulan as referidas ordes de execución e os procedementos de declaración de ruína, así como o rexistro de soares e a venta forzosa.

A aprobación deste texto legal supuxo unha consecuencia particularmente significativa nesta materia: a derrogación do artigo 200 da LOUGA, que era o que establecía o deber de inspección periódica das edificacións co fin de determinar o seu estado de conservación, impoñéndolle aos Concellos o deber de regulalo mediante unha ordenanza municipal. Esta derrogación supuxo que o desenvolvemento regulamentario municipal se quedase sen base legal; motivo polo cal inicialmente se seguiron tramitando procedementos desta natureza sobre a base da normativa estatal na materia, de aplicación supletoria, contida nesa data no Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (BOE núm. 261, do 31/12/2015), que viña a reproducir neste punto o previsto na Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas (BOE núm. 153, do 27/06/2013), que regulaba o informe de avaliación de edificios (IAE) e á súa vez derrogou a regulación anterior da inspección técnica de edificios (ITE) contida no Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, isto é, a normativa estatal do ano 2011 foi derrogada pola do ano 2013, e esta última pola do ano 2015.

Posteriormente, nesta materia incidiron dúas sentenzas do Tribunal Constitucional:

- A sentenza 5/2016, do 21/01/2016 (BOE do 22/02/2016), que declarou inconstitucionais os preceptos sobre esta materia do Real decreto lei 8/2011
- A sentenza 143/2017, do 14/12/2017 (BOE do 17/01/2018), que declarou inconstitucional a regulación do IAE da Lei 8/2013, estendéndose á contida no Real decreto lexislativo 7/2015 en canto reprodución daquela

Tras estas sentenzas, só se mantivo vixente o artigo 29.1 do Real decreto lexislativo 7/2015, que segue permitindo á Administración competente requirirlles aos propietarios que acrediten o estado de conservación do edificio, o cumprimento da normativa de accesibilidade e o grao de eficiencia enerxética; se ben os dous primeiros aspectos exclusivamente de competencia autonómica, e o terceiro de competencia estatal.

Todo o que antecede, isto é, a derrogación do artigo 200 da LOUGA e a declaración de inconstitucionalidade da normativa estatal na materia, supuxo, en conclusión, que dende o 19/03/2016 non tiñamos en Galicia normativa propia que amparase a esixencia das inspeccións periódicas dos edificios.

Este baleiro normativo encheuse coa entrada en vigor da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (DOG núm. 83, do 02/05/2019 e BOE núm. 126, do 27/05/2019), que tivo lugar o 22/05/2019, e que introduce no capítulo II do seu título preliminar (artigos 5 ao 10) a regulación do informe de avaliación dos edificios (IAE), definíndoo como o instrumento que acredita a situación na que se atopa un edificio en relación ao seu estado de conservación, ao cumprimento da normativa vixente sobre accesibilidade e ao seu grao de eficiencia enerxética e atribuíndolle aos Concellos a competencia para velar polo cumprimento da obriga de redactar estes informes.
O contido obrigatorio que establece este texto legal para o informe resulta de maior amplitude que os anteriores informes da ITE, en tanto que non só inclúe a avaliación do estado de conservación do edificio (o seu estado xeral, o dos seus elementos estruturais e construtivos e o das instalacións que non requiran, pola súa normativa sectorial, inspeccións técnicas específicas, así como as patoloxías ou deficiencias que poidan apreciarse coa inspección visual), senón tamén, como novidade respecto da ITE:

- a avaliación das condicións básicas de accesibilidade universal e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización do edificio,
- a certificación da eficiencia enerxética deste,
- en edificios catalogados e declarados bens de interese cultural (BIC), a avaliación do estado de conservación dos elementos merecedores de protección,
- a avaliación da calquera outras condicións básicas da edificación que se determinen de forma regulamentaria.

Esta lei 1/2019 remitiu o contido detallado, estrutura, alcance e efectos derivados do IAE ao desenvolvemento regulamentario; e nesta liña e tras un período de consulta pública e logo dos trámites da información pública e audiencia, aprobouse o Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro galego de informes de avaliación dos edificios (DOG núm. 73, do 20/04/2021), que entrou en vigor o 20/05/2021.

Esta nova regulación do IAE pon de manifesto tanto as dificultades que supuxo estar durante cinco anos sen base legal autonómica para esixir o deber da inspección periódica dos edificios, co conseguinte incremento do estado de deterioración do parque inmobiliario da cidade, como

a necesidade inmediata de pasar a exercer a nova competencia de velar pola presentación dos informes de avaliación dos edificios, a cal debería supoñer co transcurso dos vindeiros anos que se acade un maior control na materia e isto á súa vez traia consigo unha considerable redución no número de procedementos de reparación de deficiencias e de declaración de ruína.

Sobre a base de canto antecede resulta, por conseguinte, necesario aprobar unha nova ordenanza, tanto para adaptar a regulación contida na anterior ás modificacións que introduciron as normas mencionadas como para depurar a súa redacción logo de terse derrogado de forma expresa parte do seu articulado, en suma, para dotar de seguridade xurídica aos procedementos que se tramitan na materia. De feito, na actualidade estase interpretando o articulado da ordenanza vixente en conxunción coas normas de superior xerarquía para determinar que partes entran en contradición ou directamente están derrogadas de forma tácita.
Así mesmo, resulta preciso solucionar certas incidencias que se producen na tramitación ordinaria deses procedementos, motivadas xa non só unicamente polos cambios de regulación, senón por diversas disfuncións derivadas do elevado volume de denuncias e solicitudes que se reciben que non van acompañadas da documentación necesaria, o que obriga a facer numerosos requirimentos de emenda; da falta da necesaria adaptación á normativa da administración electrónica por parte de persoas obrigadas; da pretensión de utilización destes procedementos para abordar cuestións que pertencen ao ámbito do dereito privado... Disfuncións, en síntese, que dificultan acadar a eficacia e eficiencia necesarias no exercicio das competencias municipais na materia.

O obxectivo principal da nova ordenanza é, por tanto, adaptar a regulación municipal dos procedementos que teñen por obxecto o cumprimento dos deberes de conservación dos inmobles á actual normativa autonómica. Asemade, preténdese:

- Axilizar a tramitación dos procedementos
- Precisar a documentación que as persoas interesadas deben presentar coas súas solicitudes e incidir no cumprimento por estas dos requirimentos impostos pola normativa da administración electrónica
- Deslindar os asuntos da competencia municipal dos que deben tramitarse na vía civil
- Adaptar os supostos legais de ruína á normativa en vigor
- Simplificar a regulación dos supostos de execución subsidiaria por razóns de urxencia
- Precisar e desenvolver as cuestións que o novo decreto do informe de avaliación de edificios, que substitúe á anterior ITE, deixa ao criterio municipal

TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

É obxecto desta ordenanza regular, para o municipio da Coruña, a obriga de conservación e rehabilitación de terreos, construcións e edificios, co fin de mantelos en estado de seguridade, salubridade, funcionalidade e ornato público, garantíndose as condicións requiridas para a súa habitabilidade e uso efectivo. Regúlase, así mesmo, a determinación dos supostos legais de

ruína dos inmobles e o informe de avaliación dos edificios.

Artigo 2. Das persoas obrigadas

1. O deber de cumprimento das obrigas reguladas nesta ordenanza recae nos propietarios dos terreos, construcións e edificios.

No caso de edificios en réxime de propiedade horizontal, a responsabilidade recaerá sobre a comunidade de propietarios se a obriga se refire a elementos comúns.

2. Consonte o disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común, no suposto de que a propiedade e/ou as persoas que actúan na representación desta estean incluídas entre os suxeitos obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas, os escritos que acheguen aos procedementos regulados nesta ordenanza deberán presentalos nun rexistro telemático e ser asinados cunha certificación de sinatura electrónica. Polo mesmo, todas as notificacións que se lles dirixan a estas persoas nestes procedementos efectuaranse de forma exclusiva por medios electrónicos, a cuxo efecto enviaráselles o aviso da súa posta a disposición na sede electrónica do Concello da Coruña á dirección de correo electrónico que conste no expediente.

Artigo 3. Competencia

A competencia para a tramitación e resolución dos procedementos relativos ao cumprimento dos deberes de conservación e rehabilitación corresponde á Alcaldía, podendo delegarse na área de goberno correspondente.

Artigo 4. Participación

Os órganos responsables da tramitación dos expedientes a que se refire esta ordenanza facilitarán a participación da veciñanza a través das súas entidades representativas nos termos establecidos na lexislación e na normativa municipal de transparencia.
Así mesmo, a Administración municipal poderá solicitar a colaboración das ditas entidades nos supostos nos que a problemática social o aconselle.

TÍTULO I: CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN

Capítulo I: DEBER DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN

Artigo 5. Contido do deber de conservación

1. O deber de conservación abrangue as actuacións encamiñadas ao mantemento das condicións de seguridade, salubridade, funcionalidade e ornato público dos inmobles e instalacións, sen que isto supoña alteración da súa estrutura ou distribución nin das súas características formais.

Para este efecto, enténdese por condicións de:

- Seguridade: aquelas que garantan que non hai risco para as persoas nin para os bens, tanto respecto do propio inmoble como respecto dos lindeiros e en particular cara a vía pública, así como que non se incremente o estado de deterioración do inmoble.
- Salubridade: aquelas que garantan a estanquidade nas fachadas, cubertas e terreos e o correcto estado das instalacións de fontanería e saneamento do inmoble, en tal forma que se garanta a súa aptitude para servir ao uso ao que se destinan.
- Funcionalidade: aquelas que garantan que os elementos construtivos do inmoble están servindo para o fin para o que foron previstos.
- Ornato público: aquelas que garantan que as fachadas e en xeral elementos de peche cara a vía pública manteñan un estado tal que non afecte negativamente á imaxe urbana, mediante limpeza, pintura, reparación e/ou reposición dos seus materiais de revestimento. Así mesmo, o Concello poderá incluír nesta obriga a de adaptar as edificacións ao contorno.

Nos inmobles catalogados, o mantemento destas condicións subordinarase en todo caso aos condicionantes que impón a normativa de protección específica.

2. Para os soares e parcelas, o deber de conservación inclúe:

a) A obriga de valado ou pechamento segundo o esixido polo planeamento municipal; entendéndose neste senso como cerca de material resistente a executada en fábricas de ladrillo ou bloque revocadas e pintadas de forma que contribúan ao ornato da cidade, sendo obrigatoria unha porta de acceso ao interior. No caso específico dos polígonos, permitirase o valado provisional polo límite da parcela ata o momento en que se desenvolva a actuación urbanística.
b) A obriga de tratamento da súa superficie, eliminando elementos ou situacións que poidan xerar risco.
c) A obriga de mantemento das debidas condicións de limpeza e salubridade.

Artigo 6. Contido do deber de rehabilitación

1. O deber de rehabilitación inclúe as actuacións sobre un inmoble que melloren as súas condicións de seguridade, salubridade, funcionalidade, eficiencia enerxética e ornato, ou supoñan modificación dos seus elementos fundamentais, da súa distribución ou das súas características morfolóxicas.

2. Para os efectos desta ordenanza, o antedito deber afecta a:

a) Os inmobles catalogados e os que conten con algún tipo de protección específica.
b) Os que se atopen incluídos en áreas de rehabilitación declaradas.
c) Os inmobles nos que o volume ou a extensión das deficiencias de conservación sexan de tal entidade que segundo o criterio do servizo técnico municipal competente fagan necesaria unha intervención xeral que deba ser abordada dende unha rehabilitación.

Artigo 7. Alcance dos deberes de conservación e rehabilitación

1. O deber de conservación e de rehabilitación alcanza ata a execución de obras cuxo importe non exceda da metade do valor actual de construción dun inmoble de nova planta, equivalente ao orixinal en relación ás características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, de ser o caso, quede en condicións de ser destinado legalmente ao uso que lle sexa propio.

2. Nos supostos de inmobles catalogados, así como nos casos nos que o Concello considere que o interese xeral así o xustifica, a administración municipal poderá asumir o custo das obras que excedan do dito límite do deber de conservación ao abeiro de convenios, axudas públicas ou fórmulas de colaboración económica que se poidan establecer para este efecto.

Artigo 8. Medidas de fomento

Para facilitar o cumprimento dos deberes establecidos nos artigos anteriores, poderanse establecer axudas públicas, reguladas nas correspondentes convocatorias consonte a normativa aplicable en materia de subvencións.
Así mesmo, poderán formalizarse convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de acadar os obxectivos desta ordenanza.

Capítulo II. CUMPRIMENTO DOS DEBERES DE CONSERVACIÓN E DE REHABILITACIÓN

Artigo 9. Ordes de execución

A Administración municipal ditará ordes de execución co obxecto de requirirlles ás persoas obrigadas a realización das actuacións que permitan acadar o cumprimento da obriga de conservación e rehabilitación definida no artigo 1 desta ordenanza, sen prexuízo da competencia da Administración autonómica na materia de protección do patrimonio cultural.

Artigo 10. Iniciación do procedemento

1. O procedemento para esixir o cumprimento do deber de conservación ou rehabilitación poderá iniciarse de oficio por acordo do órgano competente ou a instancia de parte.

2. Ditarase o acordo de iniciación de oficio nos seguintes casos:

a) Como consecuencia da actuación dalgún servizo municipal que detecte a existencia dun incumprimento dos deberes de conservación ou rehabilitación.
b) Como consecuencia de informes emitidos polos servizos técnicos nas inspeccións programadas que se realicen.
c) Cando os informes técnicos resultantes da correspondente inspección ou do informe

de avaliación conclúan un resultado desfavorable respecto do estado de conservación e/ou rehabilitación do edificio.

d) Por denuncia.

3. Cando o procedemento se inicie pola solicitude dunha persoa interesada, deberá achegarse a documentación seguinte:

a) Relación da devandita persoa co inmoble, presentando os documentos que a acrediten, así como os datos de contacto para os efectos das notificacións, tanto da propiedade do inmoble como da propia persoa que formula a solicitude.
b) Localización concreta do inmoble, especificando o enderezo completo e a referencia catastral.
c) Determinación das deficiencias comunicadas, mediante a presentación de documentación técnica ou outra equivalente que acredite a causa e a orixe dos danos así como a súa localización no inmoble, incluíndo en todo caso fotografías en cor.
d) Nos supostos nos que a persoa que formula a solicitude estea obrigada legalmente a cumprir o deber de conservación ou rehabilitación, o xustificante do pagamento da taxa municipal correspondente.

4. Con carácter previo á iniciación do procedemento, o órgano competente poderá levar a cabo as actuacións previas necesarias para coñecer e valorar as circunstancias do caso concreto e, en función do seu resultado, decidir motivadamente sobre a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.
Cando do resultado destas actuacións previas se deduza que a cuestión denunciada ou comunicada non é da competencia da administración municipal, comunicaráselle á persoa denunciante ou interesada para os efectos oportunos.

Artigo 11. Inspección

1. Na aplicación do deber xeral de colaboración coa administración que lle impón ás persoas a normativa que regula o procedemento administrativo común, as persoas propietarias dos inmobles e, de ser o caso, as ocupantes teñen a obriga de facilitar ao persoal técnico municipal o acceso ás zonas ou partes do inmoble que sexa necesario inspeccionar para a emisión do correspondente informe técnico, nas condicións necesarias de seguridade e salubridade que permitan unha correcta inspección.

2. No suposto de que non se permita este acceso, solicitarase a preceptiva autorización xudicial de entrada.

3. Poderán efectuarse cantas inspeccións considere o servizo técnico municipal necesarias durante a tramitación do procedemento, segundo as circunstancias que concorran en cada caso.

4. No caso de que o expediente se abrira por unha solicitude de persoa interesada e esta sexa a obrigada a facilitar o acceso, poderá darse por desistida a súa solicitude no suposto de que non o facilite; agás no suposto de que os técnicos municipais deduzan da documentación achegada que concorren circunstancias de risco, en cuxo caso se solicitará a preceptiva autorización xudicial de entrada.

Artigo 12. Dos informes

1. Antes de ditar unha orde de execución, deberase emitir un informe técnico e un informe xurídico polos servizos municipais.

2. Unha vez aberto o expediente, o órgano instrutor solicitará a emisión dun informe técnico sobre o seu obxecto, que conterá os seguintes extremos:

a) Localizar e describir o inmoble ou inmobles afectados e a súa referencia catastral
b) A súa situación urbanística en relación ao solicitado
c) Describir os danos ou deficiencias que se aprecien relativas ao regulado nesta ordenanza
d) Recomendar as actuacións necesarias encamiñadas a emendar os danos ou deficiencias detectadas no inmoble ou a súa rehabilitación e, de ser o caso, definir as medidas de seguridade que se deben adoptar e o prazo para o seu cumprimento
e) Indicar se a execución desas actuacións se debe realizar baixo dirección facultativa
f) Calquera outra situación que poida ser condicionante para ditar a orde de execución

3. Tras a emisión do informe técnico, redactarase o informe xurídico, que conterá:

a) Os antecedentes, especificando tamén se consta algún título habilitante (licenza urbanística / comunicación previa), así como outros posibles expedientes relacionados co inmoble
b) Os fundamentos xurídicos, especificando a normativa aplicable
c) A proposta de resolución, que incluirá as medidas preventivas que, de ser o caso, se deben adoptar, o prazo para a súa execución e as consecuencias do seu incumprimento, así como a audiencia previa á orde de reparación das deficiencias

Artigo 13. Resolución

1. Logo de emitirse os informes técnico e xurídico aos que fai referencia o artigo anterior, daráselle o trámite de audiencia ás persoas interesadas por un prazo non inferior a 10 días nin superior a 15. Unha vez informadas as alegacións presentadas, o órgano competente ditará a resolución que lle pon fin ao procedemento.

2. A resolución conterá a determinación das obras que se deben realizar para emendar as deficiencias observadas ou, de ser o caso, para a rehabilitación integral do inmoble de acordo co indicado no informe técnico, ordenándolle ás persoas obrigadas a súa execución con indicación do prazo en que se han de levar a efecto. Sinalaranse, así mesmo, os efectos do incumprimento, sen prexuízo da iniciación do correspondente procedemento de sanción.

3. A emisión das devanditas ordes non exime do deber de obter o título habilitante que resulte preceptivo en función da actuación que se teña que desenvolver; en atención ao cal a propia orde incluirá o requirimento dirixido á propiedade para que presente a solicitude de licenza urbanística ou a comunicación previa correspondente segundo a entidade das obras ou medidas que se deben executar e consonte o regulado na normativa vixente en materia

urbanística.

Artigo 14. Cumprimento das ordes de execución

1. As ordes de execución deberán cumprirse nos seus propios termos e nas condicións establecidas na propia orde. Para este efecto, unha vez ditada a resolución, poderanse emitir e/ou reiterar os requirimentos que sexan necesarios para acadar a súa íntegra execución.

2. O cumprimento das ordes de execución deberá acreditarse mediante a presentación da documentación que na propia orde se especifique en función da entidade das obras que se deban realizar, incluíndo en todo caso fotografías en cor.

No suposto de que se ordenara a execución de medidas ou traballos baixo a dirección de persoal técnico competente, non se entenderá cumprida a orde en tanto non se achegue o correspondente documento técnico acreditativo.
Sobre a base desa documentación, poderase solicitar ao servizo técnico municipal que efectúe unha inspección de comprobación do cumprimento do ordenado.

Artigo 15. Prazo para resolver o procedemento

1. O prazo máximo para ditar e notificar a orde de execución será de seis meses. Este prazo computarase, nos procedementos de oficio, dende o acordo da súa iniciación. Nos procedementos iniciados pola solicitude dunha persoa interesada, considerarase iniciado o procedemento dende a data de entrada no rexistro do órgano competente para tramitalo da documentación completa indicada no artigo 10.3 desta ordenanza.

2. O prazo indicado no apartado anterior poderase suspender polo tempo que medie entre os requirimentos de emenda de documentación que se efectúen durante a tramitación do procedemento e a efectiva presentación da documentación solicitada.

3. O vencemento do prazo resultante do establecido nos dous apartados anteriores sen que se notifique a resolución expresa producirá os efectos previstos na normativa autonómica aplicable.

Artigo 16. Medidas de seguridade

1. Nos supostos nos que da documentación achegada ou da inspección municipal realizada se desprenda a existencia dunha situación de risco, ordenaranse as medidas de seguridade que se estimen oportunas para evitalo sen necesidade de axustarse á tramitación do procedemento establecido nos artigos anteriores, prescindindo en particular do trámite da audiencia previa.

2. As devanditas medidas serán as que se establezan no informe técnico municipal, podendo autorizarse outras equivalentes co mesmo fin que poida propoñer a propiedade mediante a

presentación dun informe asinado por persoal técnico competente.
Así mesmo, poderase ordenar manter un control sobre as medidas adoptadas en tanto se manteña a situación de risco e/ou en tanto non se executen os traballos de reparación ou rehabilitación necesarios. Este control deberá efectuarse baixo a correspondente supervisión técnica no suposto de que así se esixira na propia orde.

3. No caso particular de que se diten ordes de medidas seguridade que afecten a elementos protexidos, respectaranse na súa execución, en todo caso, os condicionantes que impoña a súa catalogación.

Artigo 17. Actuacións urxentes

1. Se un servizo municipal apreciase a existencia dun perigo grave e/ou inminente, poderá prescindir desta tramitación e adoptará as medidas que estime xustificadamente necesarias para evitalo en execución subsidiaria; medidas das que se dará conta mediante informe ao servizo competente para a apertura do correspondente expediente.

2. As devanditas medidas serán as que tecnicamente se consideren imprescindibles para evitar o perigo inmediato, e poderán consistir en desaloxos provisionais, clausura de inmobles ou partes destes, apeos, apuntalamentos, demolicións ou outras análogas; debendo observarse, en calquera caso, o principio de mínima intervención.

3. As actuacións referidas nos números precedentes serán a cargo da propiedade do inmoble, de acordo co disposto no artigo 36.3 desta ordenanza.

4. As ordes verbais que emitan os técnicos municipais no exercicio das súas funcións nestas actuacións serán executivas tras a súa emisión, computando o prazo para o seu cumprimento dende ese momento, sen prexuízo da súa posterior confirmación formal en acordo expreso que ratifique a necesidade da medida.

Artigo 18. Actuacións en restos de edificacións

No suposto de que o obxecto da orde sexa a demolición de restos de edificacións que polo seu estado xa non constitúan un inmoble, non será precisa a tramitación dun procedemento de ruína, senón que se ditará a orde execución consonte o previsto neste capítulo, incluíndo o requirimento do correspondente título habilitante para a dita demolición. Nos casos nos que o servizo técnico municipal aprecie que concorre algunha situación de perigo, só se esixirá o nomeamento dunha dirección técnica competente para a execución da demolición ordenada.

Capítulo III: DECLARACIÓN DE RUÍNA

Artigo 19. Declaración de ruína

Procederá a declaración da situación legal de ruína dunha construción ou edificación nos seguintes supostos:

a) Ruína económica: cando polos danos que presente o inmoble o custo económico das obras necesarias de reparación exceda da metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares en canto á súa dimensión, uso e calidade, empregando a tecnoloxía e os materiais actuais, excluído o valor do solo.
b) Ruína técnica: cando o edificio presente un esgotamento xeneralizado dos elementos estruturais fundamentais, ou algún dos seus elementos ou materiais presenten danos que comprometan a súa estabilidade, e a súa recuperación non sexa posible polos medios técnicos normais, é dicir, os de uso común ou frecuente para executar as obras de reparación de que se trate.

Artigo 20. Ruína económica

1. Enténdense por obras de reparación necesarias, exclusivamente, aquelas que consistan en repoñer o edificio ás condicións preexistentes de seguridade, funcionalidade e salubridade. Para os efectos de avaliar o custo destas obras nunha declaración de ruína, as carencias referentes ás dimensións dos patios, ventilación das habitacións e, en xeral, á carencia de instalacións esixibles pola lexislación específica vixente, non se terán en conta por facer referencia á habitabilidade do inmoble e non afectar ao seu estado ruinoso. Para a determinación deste custo terase en conta o cadro de prezos contido na base de datos de construción de Galicia.

2. Para os efectos de determinar se o custo económico das obras necesarias de reparación excede da metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, empregarase a seguinte fórmula:

$$Pr = (Cr \times 100) / Va$$

Onde:

Pr é a porcentaxe que sobre o valor do inmoble supón o custo de reparación.
Cr é o custo das obras de reparación, cuantificado na forma establecida no parágrafo precedente.
Va é o valor de reposición a novo da construción, que se obterá en función do módulo básico de construción (MBC) aplicable ao municipio de Coruña a que se refiren as normas técnicas de valoracións e cadro marco de valores para determinar o valor catastral dos bens inmobles de natureza urbana, corrixido por aplicación do cadro de coeficientes do valor das construcións de acordo co seu uso, tipoloxía e categoría contido nas citadas normas, publicadas no Boletín Oficial do Estado.

Se no momento de efectuar a valoración transcorrera máis dun ano dende aquel no que se aprobou o último módulo básico de construción sen que se actualizase, corrixirase este por aplicación do índice de prezos do custo da construción publicado polo Instituto Nacional de Estatística polos anos completos transcorridos.

Artigo 21. Ruína técnica

Considérase que un edificio presenta un esgotamento xeneralizado dos elementos estruturais fundamentais cando estes non admiten consolidación ou reforzo e sexa necesario substituílos ou reconstruílos nunha extensión tal que afecten ao funcionamento normal do inmoble.
Para este efecto, terán a consideración de elementos estruturais os que teñen unha función portante e resistente que garanta a estabilidade do inmoble; e a consideración de elementos fundamentais a cuberta, os cerramentos exteriores e os elementos comúns de acceso e uso do inmoble.

Artigo 22. Ruína inminente

1. Unha edificación ou construción ou parte dela atópase na situación de ruína inminente cando a gravidade, evolución e extensión dos danos que presenta teñan carácter irreversible, as medidas de seguridade necesarias non eliminen o perigo existente ou a súa adopción supoña un risco maior, e a demora na súa demolición agrave a situación de perigo para persoas e/ou bens.

2. No suposto de inmobles catalogados en situación de ruína inminente especificarase que partes do inmoble deben ser demolidas pola súa perigosidade, priorizando a conservación dos elementos especificamente protexidos, de ser tecnicamente posible; sen prexuízo da depuración das responsabilidades nas que incorrera a propiedade polo incumprimento das súas obrigas.

Artigo 23. Ruína parcial

Nos casos nos que a edificación estivese constituída por dous ou máis corpos independentes ou autónomos, arquitectonicamente separados e susceptibles de considerarse illadamente, poderase declarar a ruína parcial dos corpos construtivos afectados. Para este efecto, considérase que unha parte é independente ou autónoma cando resulte posible a súa demolición sen repercutir no estado da parte non afectada do inmoble.

Artigo 24. Iniciación do procedemento

1. O procedemento para a declaración de ruína iniciarase de oficio ou a instancia de persoa interesada.

2. Cando o procedemento se inicie a instancia de persoa interesada, acompañaranse os seguintes documentos:

a) Datos de identificación do inmoble, escritura de propiedade, certificación catastral e plano de situación
b) Certificación do Rexistro da Propiedade da titularidade e cargas
c) Relación de persoas moradoras, calquera que sexa o título da posesión, e titulares de dereitos reais sobre o inmoble, se as houbese e, de ser o caso, copia dos contratos subscritos pola propiedade con aquelas
d) Ditame expedido por técnico/a competente no que se fagan constar os seguintes

aspectos:

- Descrición do estado físico do inmoble e das causas nas que se funda a solicitude de ruína, así como das obras necesarias para reparar os danos que presente, con expresa mención á súa situación urbanística e, de ser o caso, ao seu nivel de protección.
- No suposto da ruína económica, valor das obras de reparación necesarias e valor de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares en canto á súa dimensión, uso e calidade, empregando a tecnoloxía e os materiais actuais, excluído o valor do solo.
- Planos de planta ou das diferentes plantas do inmoble, debidamente acoutados, con cadro de superficies construídas por usos.
- Certificación con descrición das condicións de seguridade e habitabilidade do inmoble, medidas de seguridade que en razón dos danos descritos se adoptaran neste ou de ser o caso as razóns da súa non adopción e manifestación expresa de se o edificio ofrece garantías de seguridade para os seus ocupantes e os terceiros.

e) Acreditación do pagamento da taxa municipal correspondente

No suposto de que tras a revisión da documentación presentada se aprecie que esta non se axusta ao establecido neste apartado, efectuarase o correspondente requirimento de emenda, cos efectos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Cando o expediente de ruína se abra de oficio, tras a presentación dunha denuncia ou pola remisión dun informe doutro servizo, con anterioridade á iniciación do procedemento, o órgano competente poderá levar a cabo as actuacións previas necesarias para coñecer e valorar as circunstancias do caso concreto e, en función do seu resultado, decidir motivadamente sobre a conveniencia ou non de iniciar o procedemento. Entre estas actuacións previas poderán incluírse, segundo as circunstancias concorrentes en cada caso:

a) A apertura dun período de información previa, no que se lle requirirá á propiedade que achegue a relación de persoas moradoras e titulares de dereitos reais, así como a documentación necesaria para identificar a construción, segundo o indicado no apartado precedente.
b) A emisión dun informe polo servizo técnico municipal co fin de determinar se no inmoble concorre un posible suposto legal de ruína, se polo seu estado de afectación se pode tramitar o procedemento contraditorio establecido ou por contra se trata dunha ruína inminente, así como se é necesaria a adopción de medidas de seguridade. Neste informe reflectirase, así mesmo, a situación urbanística do inmoble e calquera outro condicionante que o servizo técnico considere relevante para a tramitación.

Artigo 25. Inspección

Aplicarase o establecido no artigo 11 respecto do deber das persoas propietarias e/ou ocupantes de facilitar o acceso para a realización das inspeccións técnicas que se consideren necesarias.

Artigo 26. Posta de manifesto

1. Logo de iniciarse o expediente, poñeráselles de manifesto á propiedade, ás persoas moradoras e titulares de dereitos reais sobre o inmoble, no suposto que as houbera; trasladándolles os informes técnicos para que, no prazo dun mes, aleguen e presenten por escrito os documentos e xustificacións que estimen pertinentes na defensa dos seus respectivos dereitos.

2. Se o expediente afectase a un ben inmoble declarado de interese cultural, conferiráselle a condición de persoa interesada á consellería competente en materia de patrimonio, notificándolle a apertura e as resolucións que se adopten.

Artigo 27. Ditame pericial

1. Unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo anterior, solicitaráselle ao servizo técnico municipal a emisión do ditame pericial.

2. Para a emisión do dito ditame, efectuarase a correspondente inspección a todo o inmoble, para cuxo efecto se citará ás persoas interesadas co fin de que faciliten o acceso.

3. O ditame pericial constará dos seguintes extremos:

a) Descrición do inmoble e referencia catastral
b) Situación urbanística en relación ao obxecto do expediente
c) Descrición dos danos e deficiencias que presente
d) No caso da ruína económica, valoración segundo o establecido no artigo 20 desta ordenanza
e) Conclusión, na que se faga referencia a se no inmoble concorre algún suposto legal de ruína
f) Proposta das obras ou medidas que resulten necesarias á vista da dita conclusión.

Artigo 28. Trámite de audiencia

1. Logo de emitirse o ditame pericial, trasladaráselles este ás persoas interesadas, conferíndolles o trámite da audiencia, para que nun prazo de 15 días efectúen as alegacións e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

2. No suposto de que neste trámite se presente algunha alegación de contido técnico, solicitarase o correspondente informe técnico municipal con carácter previo á emisión da proposta de resolución.

Artigo 29. Proposta de resolución

Unha vez efectuados os trámites anteriores, emitirase o correspondente informe xurídico, no que se contestarán as alegacións que, de ser o caso, consten presentadas e se formulará a consecuente proposta de resolución do procedemento.

Artigo 30. Resolución

1. Sobre a base dos referidos informes emitidos, o procedemento finalizará coa emisión da resolución, que conterá algún dos seguintes pronunciamentos:

a) Declarar que non concorre situación legal de ruína, ordenando as obras de reparación ou de rehabilitación que sexan necesarias para que o inmoble recupere as condicións legalmente establecidas de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e ornato público, consonte o establecido no capítulo II do título I desta ordenanza.

b) Declarar a situación legal de ruína, especificando o suposto que concorre, requiríndolle á propiedade do inmoble que nun prazo de 15 días opte pola súa demolición ou rehabilitación, agás nos inmobles catalogados, nos que só se admitirá a súa rehabilitación. Unha vez transcorra ese prazo sen que a propiedade se pronuncie ao respecto, a administración municipal decidirá de forma motivada cal é a opción procedente.

2. En calquera dos dous casos, a resolución deberá indicar o prazo no que se deberá solicitar a correspondente licenza urbanística. O prazo de execución das obras será o que se estableza na resolución de concesión da licenza.

3. No suposto de que da declaración de ruína derive a necesidade de demolición do inmoble, a orde de execución incluirá o requirimento de recollida dos entullos xerados, o tratamento e a limpeza da superficie do soar ou parcela resultante e, de ser o caso, das medianeiras, así como o pechamento consonte o esixido no artigo 5.2 desta ordenanza.

4. A orde de execución contida na resolución do procedemento deberá cumprirse nos seus propios termos e nas condicións establecidas na propia orde. Para este efecto, unha vez ditada a resolución, poderanse emitir e/ou reiterar os requirimentos que sexan necesarios para acadar a súa íntegra execución.

5. A resolución especificará, a documentación que se deberá presentar para acreditar o cumprimento da orde emitida, de acordo no disposto no artigo 14.2 desta ordenanza. Especificará, así mesmo, os efectos do seu incumprimento, sen prexuízo da iniciación do correspondente procedemento de sanción no suposto de que aquel concorra.

Artigo 31. Medidas de seguridade e/ou actuacións urxentes

1. Nos expedientes de ruína abertos de oficio, aplicarase o disposto nos artigos 16 e 17 desta ordenanza nos supostos nos que sexa necesaria a adopción de medidas de seguridade e/ou a execución de medidas urxentes.

2. Nos expedientes de ruína abertos pola solicitude dunha persoa interesada, as medidas de

seguridade serán as establecidas na certificación técnica que deberá achegar a propiedade xunto coa súa solicitude de inicio do procedemento, sen prexuízo das que poida considerar necesarias o servizo técnico municipal durante a súa tramitación. No suposto de que a propiedade xustifique tecnicamente a imposibilidade de adoptar as ditas medidas, ditaranse as ordes necesarias para garantir a seguridade das persoas e/ou dos bens. E no caso de que se comprobe que as medidas propostas non están adoptadas ou ben non se acredite a súa adopción, poderá procederse en execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas ou mediante execución subsidiaria a cargo desta de acordo co disposto nos artigos 35 e 36 desta ordenanza.

Artigo 32. Prazo para resolver o procedemento

1. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do procedemento de ruína será de seis meses. Este prazo computarase, nos procedementos de oficio, dende o acordo da súa iniciación. Nos procedementos iniciados pola solicitude dunha persoa interesada, considerarase iniciado o procedemento dende a data de entrada no rexistro do órgano competente para tramitalo da documentación completa indicada no artigo 24.2 desta ordenanza.

2. O prazo indicado no apartado anterior poderase suspender polo tempo que medie entre os requirimentos de emenda de documentación que se efectúen durante a tramitación do procedemento e a efectiva presentación da documentación solicitada.

3. O vencemento do prazo resultante do establecido nos dous apartados anteriores sen que se notifique a resolución expresa producirá os efectos previstos na normativa autonómica aplicable.

Artigo 33. Procedemento de ruína inminente

1. No suposto de que o informe técnico municipal conclúa que un inmoble, ou parte del, se atopa na situación de ruína inminente, disporanse á costa da propiedade as medidas de seguridade necesarias en relación ao risco existente, que poderán incluír desaloxos preventivos, protección da vía pública, persoas e/ou bens, así como a demolición total ou parcial do propio inmoble; garantíndose o cumprimento do establecido no artigo 22.2 para os inmobles catalogados.

2. A orde de demolición derivada dunha declaración de ruína inminente implica con carácter excepcional a concesión da autorización para a execución das obras, sen necesidade de solicitar e obter unha licenza urbanística. Para que esa autorización sexa efectiva, a propiedade deberá comunicar con anterioridade ao inicio da obra o nomeamento e a aceptación do encargo da dirección técnica facultativa para a demolición.

3. A execución da demolición deberá iniciarse no prazo máximo de cinco días (ou no prazo menor que se estableza nos casos de emerxencia), debendo comunicarse este inicio ao Concello. O prazo de execución será o que estableza o informe técnico municipal segundo as circunstancias concorrentes.

4. No suposto de que sexa preciso efectuar desaloxos preventivos, e exista oposición por parte das persoas ocupantes, a propiedade deberá acreditar dentro do prazo conferido para a iniciación das obras que solicitou o pertinente mandamento xudicial. De existir unha situación de emerxencia, a administración municipal disporá as actuacións que estime necesarias.

5. Dada a situación de risco e urxencia que motiva a ruína inminente, prescindirase do trámite da audiencia. Da resolución que se adopte ao respecto, darase conta á Xunta de Goberno Local.

6. No suposto de inmobles catalogados, trasladaráselle a resolución de declaración de ruína inminente á consellería competente en materia de patrimonio para o seu coñecemento.

Capítulo IV: MEDIDAS POR INCUMPRIMENTO

Artigo 34. Incumprimento

1. As ordes de execución advertirán que o seu incumprimento habilita á Administración municipal para adoptar as seguintes medidas:

a) Executar forzosamente a orde incumprida mediante a imposición de multas coercitivas e/ou a execución subsidiaria.
b) Decretar a aplicación do réxime da expropiación, venta ou substitución forzosa.

Estas medidas son compatibles coa tramitación do procedemento de sanción ao que pode dar lugar o incumprimento das referidas ordes como infracción urbanística.

O Concello deberá tamén advertir expresamente se o incumprimento da orde de execución habilita ou non para instar a declaración do inmoble en estado de abandono prevista na dita normativa.

2. O Concello, tras valorar as circunstancias concorrentes en cada caso, tales como a situación de risco que se aprecie, en particular para as persoas ocupantes ou terceiras afectadas e/ou para a vía pública, as condicións que consten sobre a propiedade do inmoble, o alcance da intervención necesaria, o axuste aos plans de dinamización ou a protección e entorno patrimonial do inmoble, de ser o caso, elixirá a medida que considere máis conveniente logo da audiencia das persoas obrigadas, agás nos casos de risco ou perigo inminente.

3. O incumprimento do deber de conservación regulado nesta ordenanza non eximirá ás persoas propietarias das responsabilidades civís e/ou penais que poderán serlles esixidas por neglixencia nas obrigas de conservación que lles correspondan.

Artigo 35. Multas coercitivas

Tras efectuar a advertencia previa prevista no artigo anterior, e no suposto de incumprimento da orde de execución ditada, total ou parcial, a Administración municipal procederá á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas á propiedade, multas que se poderán reiterar ata acadar o cumprimento íntegro do ordenado, nas contías, prazos e

condicións establecidas na normativa autonómica de aplicación.

Artigo 36. Execución subsidiaria

1. Nos supostos nos que a Administración municipal considere que as multas coercitivas son insuficientes ou ineficaces para acadar o cumprimento do ordenado, ou a afectación do inmoble así o xustifique segundo o criterio do servizo técnico municipal, poderase acudir á execución subsidiaria do ordenado, que se levará a cabo á conta da propiedade.

2. Para tal fin, solicitaráselle ao dito servizo técnico a elaboración dun orzamento no que se inclúan os custos estimados para a execución dos traballos ordenados. Neste orzamento incluirase o importe de todas as probas, estudos e documentos técnicos que poidan ser necesarios para a valoración das obras que se deben realizar.
Acto seguido, dispoñerase o inicio da execución subsidiaria, aprobando ese orzamento e conferíndolle á propiedade o trámite da audiencia previa durante un prazo non inferior a 10 días nin superior a 15 días, para que poida efectuar as alegacións e presentar os xustificantes que estime oportunos.
No suposto de que neste trámite a propiedade xustifique que vai efectuar as obras requiridas, suspenderase a tramitación da subsidiaria durante o prazo fixado na orde ditada; e se ao vencemento deste prazo non se acreditase o cumprimento do ordenado, levantarase automaticamente esa suspensión e continuará a tramitación coa aprobación da liquidación polo custo dos traballos a cargo da propiedade, o requirimento de pagamento deste recibo e a execución dos traballos na vía subsidiaria.
Esa liquidación aprobarase con carácter provisional, a conta ou reserva do importe total da liquidación definitiva que resulte da efectiva execución subsidiaria por parte desta administración da orde incumprida, liquidación na que se incluirá calquera custo a maiores no que se incorrera respecto do importe inicialmente aprobado, así como, de ser o caso, o custo dos desaloxos provisionais e das demais medidas que se poidan precisar.

3. Cando sexa necesario, segundo o informe técnico municipal, adoptar medidas por razóns de urxencia, prescindirase da tramitación descrita, podendo acudirse de forma directa á execución subsidiaria, aprobando no mesmo trámite o importe do custo, a liquidación resultante e o requirimento de pagamento a cargo da propiedade.

Artigo 37. Expropiación, venta ou substitución forzosas

1. A aplicación por parte do Concello do réxime da expropiación, venta ou substitución forzosas esixirá a previa declaración de incumprimento das obrigas de conservación ou rehabilitación reguladas nesta ordenanza, en resolución expresa que así o acredite, que se ditará de oficio ou tras a solicitude dunha persoa interesada. Tanto o procedemento para ditar esta resolución como a aplicación do propio sistema de actuación elixido en cada caso pola administración consonte as circunstancias indicadas no artigo 34.2 suxeitaranse ao establecido na normativa autonómica.

2. O Concello elaborará un inventario dos inmobles respecto dos cales se ditara a resolución de declaración de incumprimento dos ditos deberes de conservación ou rehabilitación co obxecto de aplicar as medidas de expropiación, venta ou substitución forzosas.

TÍTULO II. O INFORME DE AVALIACIÓN DOS EDIFICIOS

Artigo 38. O informe de avaliación de edificios

1. O informe de avaliación do edificio (IAE) é un instrumento que acredita a situación en que se atopa un edificio en relación ao seu estado xeral de conservación, e especificamente dos seus elementos estruturais e construtivos e das súas instalacións que non requiran, pola súa normativa sectorial, inspeccións técnicas específicas, en orde a que reúnan as condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e ornato que definen o deber legal de conservación. Asemade, no dito informe avaliaranse as condicións básicas de accesibilidade e o grao de eficiencia enerxética.

2. O IAE regúlase na normativa autonómica e nesta ordenanza nos aspectos que desenvolve esta Administración municipal en exercicio das súas competencias.

Artigo 39. Ámbito de aplicación

Deberán dispoñer do IAE os edificios existentes no termo municipal da Coruña para os que así o esixe a normativa autonómica e especificamente para este concello os seguintes:

a) Os edificios catalogados, independentemente da súa antigüidade e uso
b) Os edificios de uso residencial cunha antigüidade de máis de 50 anos, públicos e privados, consonte a definición e clasificación establecidas para o dito uso no *Plan Xeral de Ordenación Municipal*
c) Os edificios de outros usos non residenciais cunha antigüidade de máis de 50 anos, agás os localizados no ámbito de aplicación das normas zonais 6 e7

Artigo 40. Obriga de presentación

1. A propiedade dos edificios incluídos no ámbito de aplicación establecido no artigo anterior estará obrigada a presentar o IAE no prazo máximo dun ano dende que se acade calquera das circunstancias previstas no artigo anterior (catalogación ou antigüidade superior a 50 anos), sen necesidade de que se lle efectúe un requirimento expreso.

2. No caso de que a propiedade teña que executar obras para obter un resultado favorable no IAE, e estas obras estean suxeitas a título habilitante, suspenderase o cómputo do prazo para a presentación dende a solicitude de licenza ou dende a presentación da comunicación previa. Para este efecto, a propiedade deberá presentar por rexistro unha certificación asinada polo técnico contratado para a elaboración do IAE na que conste que o título solicitado ou presentado abrangue todas as obras necesarias para obter ese resultado favorable.

A suspensión manterase durante o prazo de execución fixado na licenza concedida ou na comunicación previa presentada; e se na comunicación previa non se especifica prazo ningún, durante un período máximo de seis meses. E levantarase automaticamente ao vencemento do

dito prazo de execución.

3. Respecto dos edificios con procedemento aberto de declaración de ruína, suspenderase a obriga de presentar o IAE ata a resolución dese procedemento; levantándose automaticamente a suspensión cando esta resolución se dite e adquira firmeza, sen necesidade de emitir un novo requirimento.

Artigo 41. Alcance do IAE

O IAE deberá realizarse sobre a totalidade do edificio, e no caso de edificios con varios portais poderá presentarse un informe por cada portal, agás no suposto de que compartan espazos ou elementos comúns que non sexan susceptibles de avaliación individual.

Artigo 42. Medidas urxentes

Se o técnico informante constata durante a inspección necesaria para elaborar o IAE serios indicios da existencia de deficiencias que poidan pór en risco a seguridade do edificio e/ou das persoas, deberá comunicarllo á propiedade de forma inmediata para que esta adopte as medidas preventivas que o propio técnico propoña. No IAE deberá facerse constar no apartado correspondente a efectiva adopción destas medidas.
Se para a execución desas medidas fose necesario requirir dunha intervención municipal que afecte á vía pública, o técnico deberá comunicalo coa maior brevidade, sen prexuízo da necesidade de obter as correspondentes autorizacións.

Artigo 43. Efectos da presentación do IAE

1. Se a conclusión do IAE é favorable, ademais da certificación establecida na normativa autonómica, o Concello facilitará á propiedade do edificio unha placa identificativa que acreditará que o inmoble ten un IAE favorable así como a súa vixencia, que se colocará nun lugar visible da fachada.

2. Se a conclusión do IAE é desfavorable, xerará a apertura dun procedemento de deficiencias ou, de ser o caso, de ruína dos regulados no título I desta ordenanza, coa obriga de pagar a taxa correspondente resultante dos apartados que sexan desfavorables.

Artigo 44. Vixencia do IAE

A vixencia do IAE será de dez anos contados dende a data da sinatura do técnico que a subscribe, tanto no caso de informes con resultado favorable como nos de resultado desfavorable; debendo presentarse o novo IAE dentro do ano natural seguinte ao do vencemento desa vixencia.

Artigo 45. Incumprimento

No suposto de incumprimento da obriga de presentación do IAE, serán aplicables as medidas de execución forzosa previstas nos artigos 34 ao 36 desta ordenanza, sen prexuízo da tramitación do procedemento de sanción ao que poida dar lugar ese incumprimento.

Artigo 46. Presentación do IAE

1. O IAE deberá presentarse na forma e nas condicións establecidas na normativa autonómica e tendo en conta o establecido no artigo 2.2 desta ordenanza; debendo incluír un plano de situación a escala 1:1.000 obtido do *Plan xeral de ordenación municipal* (PXOM) e fotografías en cor do exterior (fachadas, cuberta, patios) e dos espazos interiores e instalacións de uso común do edificio.

No suposto dun IAE con resultado desfavorable, incluiranse tamén fotografías en cor das deficiencias causa dese resultado.

2. No suposto de que o inmoble estea suxeito ao réxime de propiedade horizontal, admitirase a súa presentación por unha persoa distinta do representante legal da comunidade de propietarios sempre que se achegue unha autorización para este efecto asinada pola persoa que posúa a dita condición de representante, que deberá así mesmo acreditarse.

Disposición transitoria primeira. Calendario de presentación

Tras ter en conta o disposto na normativa autonómica e as características do parque inmobiliario deste concello, establécese o seguinte calendario de presentación:

a) Ata o 20/05/2022, os edificios catalogados cunha antigüidade de máis de 50 anos (PEPRI e PXOM)
b) Entre o 21/05/2022 e o 20/05/2023, os edificios catalogados cunha antigüidade de menos de 50 anos (PEPRI e PXOM), así como os edificios residenciais non catalogados de máis de 50 anos incluídos no ámbito do PEPRI
c) Entre o 21/05/2023 e o 20/05/2024, os edificios residenciais non catalogados de máis de 50 anos localizados no resto do termo municipal (PXOM)
d) Entre o 01/01/2025 e o 31/12/2025, os edificios de outros usos non residenciais cunha antigüidade de máis de 50 anos incluídos no ámbito do PEPRI
e) Entre o 01/01/2026 e o 31/12/2026, os demais edificios de outros usos non residenciais cunha antigüidade de máis de 50 anos, agás os localizados no ámbito de aplicación das normas zonais 6 e7

Os edificios que acaden a antigüidade de 50 anos durante o período comprendido entre o 20/05/2021 e o 31/12/2026 deberán presentar o IAE no prazo establecido no artigo 40.1.

Disposición transitoria segunda. Informes de avaliación e inspeccións técnicas de edificios anteriores á entrada en vigor da norma autonómica

Respecto da vixencia e efectos dos informes de avaliación e das inspeccións técnicas de edificios elaborados de conformidade coas anteriores normativas, estarase ao sinalado nas disposicións transitorias segunda e terceira do Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro galego de informes de avaliación de edificios.
Para a aplicación do establecido nas referidas disposicións transitorias, as persoas propietarias deberán requirirlles aos técnicos que asinaron os informes de avaliación e de inspeccións técnicas de edificios elaborados cos modelos anteriores que lles subministren o documento presentado no seu día en formato electrónico, co fin de presentalo neste formato no rexistro de entrada municipal para a súa posterior inscrición no REGIAE; debendo completalo, de ser o caso, cos aspectos que esixe o actual IAE que non figuraran no modelo anterior (en particular, avaliación da eficiencia enerxética e da accesibilidade).

Disposición derrogatoria

Derrógase o Texto refundido da ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 10/11/2011, publicado no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 226, do 28/11/2011.

Intervencións

Presidencia

Ben, ten a palabra o concelleiro de Urbanismo, señor Díaz Villoslada, para a exposición inicial. Despois haberá unha quenda de 5 minutos por grupo.

Señor Díaz Villoslada

Si, grazas, señora alcaldesa, de novo.

Ás once horas e corenta e oito minutos sae do Salón de Sesións a señora Rey García e pasa a presidir a sesión o señor Borrego Vázquez. Así mesmo, saen do Salón de Sesións as señoras Delso Carreira e Cameán Calvete e o señor Lema Suárez.

Hoxe, coa presentación desta proposta para a aprobación inicial desta nova ordenanza de conservación, de edificación e rehabilitación, estamos desde o Goberno municipal dando un paso máis no impulso do que son as

Intervenciones

Presidencia

Bien, tiene la palabra el concejal de Urbanismo, señor Díaz Villoslada, para la exposición inicial. Después habrá un turno de 5 minutos por grupo.

Señor Díaz Villoslada

Sí, gracias, señora alcaldesa, de nuevo.

A las once horas y cuarenta y ocho minutos sale del Salón de Sesiones la señora Rey García y pasa a presidir la sesión el señor Borrego Vázquez. Asimismo, salen del Salón de Sesiones las señoras Delso Carreira y Cameán Calvete y el señor Lema Suárez.

Hoy, con la presentación de esta propuesta para la aprobación inicial de esta nueva ordenanza de conservación, de edificación y rehabilitación, estamos desde el Gobierno municipal dando un paso más en el impulso de lo que son las

políticas municipais en materia de rehabilitación, de necesaria rehabilitación e de necesaria conservación da edificación. En primeiro lugar, porque estamos tratando de completar un novo marco normativo no conxunto das ordenanzas municipais nesta materia. Como sabemos, durante o ano 2020 aprobamos neste pleno a nova ordenanza que regulaba o sistema de axudas á rehabilitación, e hoxe traemos ao Pleno esta segunda parte, por dicilo dalgunha forma, de ordenanza municipal para regular todos os mecanismos que aseguren o fomento da rehabilitación e as obrigas de conservación da edificación. A convocatoria, conforme á anterior ordenanza que relataba das axudas para rehabilitación por importe de 2,6 millóns de euros, das que recibimos 400 solicitudes por un importe total recibido, sen prexuízo das solicitudes que poidan ser aceptadas ou non, recibíronse solicitudes por un importe total de 29.000.000 € na cidade.

políticas municipales en materia de rehabilitación, de necesaria rehabilitación y de necesaria conservación de la edificación. En primer lugar, porque estamos tratando de completar un nuevo marco normativo en el conjunto de las ordenanzas municipales en esta materia. Como sabemos, durante el año 2020 aprobamos en este pleno la nueva ordenanza que regulaba el sistema de ayudas a la rehabilitación, y hoy traemos al Pleno esta segunda parte, por decirlo de alguna forma, de ordenanza municipal para regular todos los mecanismos que aseguren el fomento de la rehabilitación y los deberes de conservación de la edificación. La convocatoria, conforme a la anterior ordenanza que relataba de las ayudas para rehabilitación por importe de 2,6 millones de euros, de las que recibimos 400 solicitudes por un importe total recibido, sin perjuicio de las solicitudes que puedan ser aceptadas o no, se recibieron solicitudes por un importe total de 29.000.000 € en la ciudad.

Ás once horas e cincuenta minutos sae do Salón de Sesións a señora Cendán Gayoso.

A las once horas y cincuenta minutos sale del Salón de Sesiones la señora Cendán Gayoso.

A recente convocatoria desde a Xunta de Goberno Local das necesarias partidas que había que realizar dentro do Plan estatal de vivenda nas áreas de rehabilitación do Ventorillo, para as casas de Franco, Labañou para o grupo de María Pita e da oitava fase de Peixería e de Cidade Vella por 1,3 millóns de euros, é outro feito relevante nestas políticas de intensificación das medidas de rehabilitación e conservación da edificación. O traballo conxunto coa Xunta de Galicia, co Instituto Galego de Vivenda e Solo no Plan Rexurbe nos ámbitos identificados en Rexurbe, tamén, é outro chanzo importante para traballar

La reciente convocatoria desde la Xunta de Gobierno Local de las necesarias partidas que había que realizar dentro del Plan estatal de vivienda en las áreas de rehabilitación del Ventorillo para las casas de Franco, Labañou para el grupo de María Pita y de la octava fase de Pescadería y de Ciudad Vieja por 1,3 millones de euros, es otro hecho relevante en estas políticas de intensificación de las medidas de rehabilitación y conservación de la edificación. El trabajo conjunto con la Xunta de Galicia, con el Instituto Galego de Vivenda e Solo en el Plan Rexurbe en los ámbitos identificados en Rexurbe, también, es otro escalón

nestas políticas. Os traballos que estamos tamén desenvolvendo dentro do que é a Mesa de desenvolvemento urbano sostible cos diferentes operadores do sector, que implican unha mellora progresiva na clarificación daqueles parámetros urbanísticos que poidan ter dúbidas de interpretación, tanto o ámbito de PEPRI como o ámbito de Plan Xeral, ou a publicación sistemática dos diferentes acordos da Comisión que informa do PEPRI para coñecer os seus pronunciamentos, son todas medidas encamiñadas a impulsar dunha forma importantísima, porque é fundamental as medidas de rehabilitación e asegurar as obrigas de conservación da edificación. É certo que estamos, ademais, ante retos importantes en canto a financiamento porque os fondos Next Generation en materia de rehabilitación, sobre todo desde a perspectiva da eficiencia enerxética, de accesibilidade, pero tamén desde a perspectiva de rexeneración urbana, van supoñer unha posibilidade importante e, canto mellor teñamos establecidos os mecanismos para poder concorrer a estas candidaturas, pois mellor para a cidade. E dentro de todo este traballo, teño que recoñecer que o estamos traballando, como tivemos ocasión de comentar nalgún pleno anterior, de cara a poder poñer en marcha un importantísimo, creo que tamén, dentro deste ámbito de traballo, plan municipal pola vivenda para asegurar o dereito á vivenda que estamos a traballar tamén co Grupo Municipal de Marea Atlántica e co que pensamos que, coa incorporación de todas as aportacións que se poidan facer, será un fito importante, seguramente, de cara a ese dereito fundamental.

importante para trabajar en estas políticas. Los trabajos que estamos también desarrollando dentro de lo que es la Mesa de desarrollo urbano sostenible con los diferentes operadores del sector, que implican una mejora progresiva en la clarificación de aquellos parámetros urbanísticos que puedan tener dudas de interpretación, tanto el ámbito de PEPRI como el ámbito de Plan General, o la publicación sistemática de los diferentes acuerdos de la Comisión que informa del PEPRI para conocer sus pronunciamientos, son todas medidas encaminadas a impulsar de una forma importantísima, porque es fundamental las medidas de rehabilitación y asegurar los deberes de conservación de la edificación. Es cierto que estamos, además, ante retos importantes en cuanto a financiación porque los fondos Next Generation en materia de rehabilitación, sobre todo desde la perspectiva de la eficiencia energética, de accesibilidad, pero también desde la perspectiva de regeneración urbana, van a suponer una posibilidad importante y, cuanto mejor tengamos establecidos los mecanismos para poder concurrir a estas candidaturas, pues mejor para la ciudad. Y dentro de todo este trabajo, tengo que reconocer que lo estamos trabajando, como tuvimos ocasión de comentar en alguno pleno anterior, de cara a poder poner en marcha un importantísimo, creo que también, dentro de este ámbito de trabajo, plan municipal por la vivienda para asegurar el derecho a la vivienda que estamos trabajando también con el Grupo Municipal de Marea Atlántica y con el que pensamos que, con la incorporación de todas las aportaciones que se puedan hacer, será un hito importante, seguramente, de cara a ese derecho fundamental.

Ás once horas e cincuenta e dous minutos entran no Salón de Sesións a

A las once horas y cincuenta y dos minutos entran en el Salón de Sesiones

señora Delso Carreira e o señor Lema Suárez.

Ben, eu quería comentar dúas, tres cuestións relativas a esta nova ordenanza, que é unha ordenanza que vai substituír ao vixente texto refundido que estaba publicado en 2011. Sabemos que unha primeira parte dese texto refundido xa está derogada por esa nova ordenanza que comentaba de regulación das axudas de rehabilitación e esta segunda parte, esta segunda ordenanza completaría a modificación do marco normativo municipal. Houbo unha serie de modificacións que están relatadas nos antecedentes, pero eu quedaríame agora coa necesidade de darlle desenvolvemento regulamentario a nivel municipal, tanto á Lei 1/2019 do Parlamento de Galicia, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana, na medida en que despois tivo un desenvolvemento regulamentario co Decreto 61/2021, que se aprobou este pasado mes de maio e que agora nos permite, por fin, poder impulsar esta ordenanza.

Sabiamos, ademais, que tiñamos un problema importante en toda Galicia, e é que, desde que a Lei do solo de Galicia de 2016 derogara aquel artigo 200 da LOUGA, da Lei urbanística de Galicia do ano 2002, realmente había un baleiro normativo importantísimo na materia que moitas cidades, moitos concellos trataban de suplir con normativa estatal que fora logo declarada inconstitucional en dúas sentenzas polo alto tribunal en 2016 e en 2017, e iso significaba que en Galicia levabamos practicamente 5 anos, ata a aprobación da lei das chamadas 3 RRR en 2019, sen capacidade de xestionar os informes das inspeccións técnicas e edificación.

la señora Delso Carreira y el señor Lema Suárez.

Bien, yo quería comentar dos, tres cuestiones relativas a esta nueva ordenanza, que es una ordenanza que va a sustituir al vigente texto refundido que estaba publicado en 2011. Sabemos que una primera parte de ese texto refundido ya está derogada por esa nueva ordenanza que comentaba de regulación de las ayudas de rehabilitación y esta segunda parte, esta segunda ordenanza completaría la modificación del marco normativo municipal. Hubo una serie de modificaciones que están relatadas en los antecedentes, pero yo me quedaría ahora con la necesidad de darle desarrollo reglamentario a nivel municipal, tanto a la Ley 1/2019 del Parlamento de Galicia, de rehabilitación, regeneración y renovación urbana, en la medida en que después tuvo un desarrollo reglamentario con el Decreto 61/2021, que se aprobó este pasado mes de mayo y que ahora nos permite, por fin, poder impulsar esta ordenanza.

Sabíamos, además, que teníamos un problema importante en toda Galicia, y es que, desde que la Ley del suelo de Galicia de 2016 derogara aquel artículo 200 de la LOUGA, de la Ley urbanística de Galicia del año 2002, realmente había un vacío normativo importantísimo en la materia que muchas ciudades, muchos ayuntamientos trataban de suplir con normativa estatal que fue luego declarada inconstitucional en dos sentencias por el alto tribunal en 2016 y en 2017, y eso significaba que en Galicia llevábamos prácticamente 5 años, hasta la aprobación de la ley de las llamadas 3 RRR en 2019, sin capacidad de gestionar los informes de las inspecciones técnicas y edificación.

Ás once horas e cincuenta e catro minutos entra no Salón de Sesións a señora Cameán Calvete.

A nova regulación da inspección da avaliación da edificación, como se chama agora este instrumento na nova normativa autonómica, pon de manifesto tanto as dificultades que supuxo tanto estar, como digo, 5 anos en Galicia sen base legal autonómica para esixir o deber de inspección periódica de edificios, co conseguinte incremento do estado de deterioración do que é parque inmobiliario das cidades, como a necesidade inmediata de pasar a exercer a nova competencia, que é o que queremos facer a partir desta ordenanza, de velar pola presentación dos informes de avaliación de edificios.

A las once horas y cincuenta y cuatro minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Cameán Calvete.

La nueva regulación de la inspección de la evaluación de la edificación, como se llama ahora este instrumento en la nueva normativa autonómica, pone de manifiesto tanto las dificultades que supuso tanto estar, como digo, 5 años en Galicia sin base legal autonómica para exigir el deber de inspección periódica de edificios, con el consiguiente incremento del estado de deterioro de lo que es parque inmobiliario de las ciudades, como la necesidad inmediata de pasar a ejercer la nueva competencia, que es lo que queremos hacer a partir de esta ordenanza, de velar por la presentación de los informes de evaluación de edificios.

Ás once horas e cincuenta e cinco minutos entra no Salón de Sesións a señora Cendán Gayoso.

Temos, por suposto, con este novo marco normativo, que dotar de seguridade ao sector e diría que os obxectivos principais desta nova ordenanza, que parte evidentemente do marco normativo autonómico, son basicamente axilizar a tramitación dos procedementos, precisar toda a documentación que se require e incorporar procesos de administración electrónica pendentes, deslindar –e isto é importante– os asuntos que son de competencia pública municipal dos que son asuntos que deben circunscribirse á vía xurisdiccional civil, adaptar os supostos legais de ruína á normativa en vigor, simplificar e regular os supostos de execución subsidiaria por razóns de urxencia e precisar e desenvolver todas as cuestións que o novo decreto de informe de avaliación de edificios aprobado pola Xunta de Galicia en maio en substitución do que eran os ITEs permite para

A las once horas y cincuenta y cinco minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Cendán Gayoso.

Tenemos, por supuesto, con este nuevo marco normativo, que dotar de seguridad al sector y diría que los objetivos principales de esta nueva ordenanza, que parte evidentemente del marco normativo autonómico, son básicamente agilizar la tramitación de los procedimientos, precisar toda la documentación que se requiere e incorporar procesos de administración electrónica pendientes, deslindar –y esto es importante– los asuntos que son de competencia pública municipal de los que son asuntos que deben circunscribirse a la vía jurisdiccional civil, adaptar los supuestos legales de ruina a la normativa en vigor, simplificar y regular los supuestos de ejecución subsidiaria por razones de urgencia y precisar y desarrollar todas las cuestiones que el nuevo decreto de informe de evaluación de edificios aprobado por la Xunta de Galicia en

desenvolver por parte da administración municipal.

mayo en sustitución de lo que eran las ITEs permite para desarrollar por parte de la administración municipal.

Ás once horas e cincuenta e seis minutos entra no Salón de Sesións a señora Rey García que se reincorpora á Presidencia.

A las once horas y cincuenta y seis minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Rey García que se reincorpora a la Presidencia.

Como saben os compoñentes da Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda na que se ditaminou tamén este proxecto de ordenanza para esta proposta de aprobación inicial, someteuse á necesaria consulta pública no mes de xuño deste ano, recibiu os necesarios informes xurídicos e foi aprobado o proxecto na pasada Xunta de Goberno Local do día 24 de novembro.

Como saben los componentes de la Comisión Informativa de Urbanismo y Vivienda en la que se dictaminó también este proyecto de ordenanza para esta propuesta de aprobación inicial, se sometió a la necesaria consulta pública en el mes de junio de este año, recibió los necesarios informes jurídicos y fue aprobado el proyecto en la pasada Junta de Gobierno Local del día 24 de noviembre.

Para rematar, quero subliñar que podemos dar un dato relevante a efectos de ITE ou a efectos da nova inspección de avaliación de edificios e conforme ao período de aplicación que inicialmente tiña previsto a Xunta de Galicia no seu decreto. Temos que ter en conta que na cidade da Coruña temos 2.018 inmobles catalogados, 1.118 no ámbito PEPRI e 900 no ámbito do Plan Xeral, e temos inmobles de máis de 50 anos que tamén terán que superar os informes de avaliación de edificios en torno, bueno, en torno non, 8.120 durante este ano 2021, aos cales se sumarán outros 5.300 nos sucesivos anos. Por iso nós, e remato con esta última referencia, durante o mes de xullo, a partir de analizar as disposicións transitorias do decreto autonómico, formulámoslle á Xunta de Galicia, nós e outros operadores do sector como os axentes da propiedade inmobiliaria e como os xestores administrativos, a absoluta necesidade de establecer un calendario máis asumible da aplicación das obrigas de avaliación dos edificios dado o número de edificios,

Para finalizar, quiero subrayar que podemos dar un dato relevante a efectos de ITE o a efectos de la nueva inspección de evaluación de edificios y conforme al período de aplicación que inicialmente había previsto la Xunta de Galicia en su decreto. Tenemos que tener en cuenta que en la ciudad de A Coruña tenemos 2.018 inmuebles catalogados, 1.118 en el ámbito PEPRI y 900 en el ámbito del Plan General, y tenemos inmuebles de más de 50 años que también tendrán que superar los informes de evaluación de edificios en torno, bueno, en torno no, 8.120 durante este año 2021, a los cuales se sumarán otros 5.300 en los sucesivos años. Por eso nosotros, y finalizo con esta última referencia, durante el mes de julio, a partir de analizar las disposiciones transitorias del decreto autonómico, le formulamos a la Xunta de Galicia, nosotros y otros operadores del sector como los agentes de la propiedad inmobiliaria y como los gestores administrativos, la absoluta necesidad de establecer un calendario más asumible de la aplicación de las obligaciones de

tanto catalogados como de máis de 50 anos, que tiñamos establecidos. Por iso, e, eu creo que é unha boa noticia, porque ademais eu creo que non quedaba máis remedio, a Xunta de Galicia vén de anunciar que abre unha consulta pública para facer unha necesaria modificación do decreto que aprobou en maio e así poder establecer un calendario máis asequible, tanto para os propios concellos como para o conxunto de comunidades de veciños que teñen que superar todos os procesos de avaliación da edificación.

evaluación de los edificios dado el número de edificios, tanto catalogados como de más de 50 años, que teníamos establecidos. Por eso, y, yo creo que es una buena noticia, porque además yo creo que no quedaba más remedio, la Xunta de Galicia acaba de anunciar que abre una consulta pública para hacer una necesaria modificación del decreto que aprobó en mayo y así poder establecer un calendario más asequible, tanto para los propios ayuntamientos como para el conjunto de comunidades de vecinos que tienen que superar todos los procesos de evaluación de la edificación.

Máis nada por agora. Calquera outra cuestión, na quenda seguinte teremos oportunidade de clarificar. Grazas.

Nada más por ahora. Cualquier otra cuestión, en el turno siguiente tendremos oportunidad de clarificar. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Muchas gracias, señor Díaz Villoslada.

Señora Faraldo, o seu turno.

Señora Faraldo, su turno.

Señora Faraldo Calvo

Señora Faraldo Calvo

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

É unha evidencia a necesidade da nosa cidade de rehabilitación e conservación dos inmobles. O propio concelleiro acaba de facer un percorrido. Podemos pasear pola Cidade Vella, Pescadería, Orzán, por poñer algúns exemplos, con moitos inmobles en estado de abandono, envellecemento e perigo, incluso, de xentrificación. Temos tamén o caso das casas sociais do Ventorrillo, mal chamadas casas de Franco ou o grupo de María Pita, en Labañou, castigadas desde hai décadas con humidades atroces e cuxa veciñanza espera con certo resquemor as axudas públicas para a súa rehabilitación. Lembrar o caso tan traído do barrio das Flores, insisto, só por poñer algúns exemplos.

Es una evidencia la necesidad de nuestra ciudad de rehabilitación y conservación de los inmuebles. El propio concejal acaba de hacer un recorrido. Podemos pasear por la Ciudad Vieja, Pescadería, Orzán, por poner algunos ejemplos, con muchos inmuebles en estado de abandono, envejecimiento y peligro, incluso, de gentrificación. Tenemos también el caso de las casas sociales del Ventorrillo, mal llamadas casas de Franco o el grupo de María Pita, en Labañou, castigadas desde hace décadas con humedades atroces y cuyo vecindario espera con cierto resquemor las ayudas públicas para su rehabilitación. Recordar el caso tan traído del barrio de las Flores, insisto, solo por poner algunos

ejemplos.

O que fai esta ordenanza que hoxe se presenta para a súa aprobación inicial é, adaptándose á normativa vixente, introducir as medidas reflexadas nesa normativa superior, o que nos parece moi positivo. Unha ordenanza do 2011, ademais, que só foi modificada de forma puntual no 2017 e no 2018 para regular as axudas de rehabilitación e para fomentar as obras de accesibilidade e soterramento de cableado e que, polo tanto, precisaba unha readaptación ás novas normativas e acceso a novos programas. O máis salientable é, probablemente e ao noso parecer, o tema das expropiacións, ás que se pode chegar unha vez que se consuman todos os procedementos previos cando os e as propietarias non se fagan cargo dos seus bens no seu deber de conservación.

Lo que hace esta ordenanza que hoy se presenta para su aprobación inicial es, adaptándose a la normativa vigente, introducir las medidas reflejadas en esa normativa superior, lo que nos parece muy positivo. Una ordenanza del 2011, además, que solo fue modificada de forma puntual en el 2017 y en el 2018 para regular las ayudas de rehabilitación y para fomentar las obras de accesibilidad y soterramiento de cableado y que, por lo tanto, precisaba una readaptación a las nuevas normativas y acceso a nuevos programas. Lo más destacable es, probablemente y a nuestro parecer, el tema de las expropiaciones, a las que se puede llegar una vez que se consuman todos los procedimientos previos cuando los y las propietarias no se hagan cargo de sus bienes en su deber de conservación.

Consideramos que esta é unha ordenanza importante a fin de favorecer a rexeneración urbana, os tecidos urbanos, rehabilitar e recuperar o construído como medida, tamén, para evitar consumir novo solo e urbanizar novas zonas da cidade coas repercusións ecolóxicas e medioambientais, na súa maior parte con impacto negativo.

Consideramos que esta es una ordenanza importante a fin de favorecer la regeneración urbana, los tejidos urbanos, rehabilitar y recuperar lo construido como medida, también, para evitar consumir nuevo suelo y urbanizar nuevas zonas de la ciudad con las repercusiones ecológicas y medioambientales, en su mayor parte con impacto negativo.

Esta ordenanza e o seu impulso, cunha labor de seguimento da situación dos inmobles nos parece relevante e por iso non nos queda máis que votar a favor. Grazas.

Esta ordenanza y su impulso, con una labor de seguimiento de la situación de los inmuebles nos parece relevante y por eso no nos queda más que votar a favor. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Faraldo.

Muchas gracias, señora Faraldo.

Turno para o Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

Turno para el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

O BNG congratúlase de que se someta a aprobación inicial esta ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles. Como se vén de explicar, esta ordenanza cubre un baleiro despois dos distintos cambios normativos adaptándose ás modificacións da Lei do solo de Galiza e do decreto que aproba o seu regulamento de desenvolvemento, e adaptándose tamén á Lei de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galiza e aos decretos que a desenvolven, e complementa ademais a ordenanza anterior desenvolvendo, sobre todo, as cuestións en materia de conservación. Mais sobre todo, nos congratulamos de que se someta a aprobación esta nova ordenanza porque é unha ferramenta necesaria para evitar a proliferación de soares abandonados, edificios en ruínas e para protexer o patrimonio, dando así resposta a un problema real da nosa cidade. Na Coruña hai numerosos edificios en ruína, algúns deles en plena zona histórica, como é o caso da Pescaría e do Orzán, degradando áreas da nosa cidade de grande valor patrimonial. De acordo cos datos dun estudo de 2018 impulsado pola UDC, na nosa cidade existen 460 edificios abandonados e 188 deles nun estado practicamente ruinoso, 77 dos cales están declarados a día de hoxe formalmente como ruínas. Outros estudos publicados en 2019 apuntan a que máis do 20 % dos inmóbeis útiles na Coruña e na súa contorna están baleiros e unha parte importante deles están nunha situación de abandono. O estado de abandono dalgúns edificios non só degrada o noso patrimonio e a nosa paisaxe urbana, moitos destes edificios son, ademais, un foco de suciedade e mesmo representan un problema de seguridade. Un exemplo recente témolo nos desprendementos dun edificio na rúa

Gracias, señora alcaldesa.

El BNG se congratula de que se someta a aprobación inicial esta ordenanza de conservación y rehabilitación de inmuebles. Como se acaba de explicar, esta ordenanza cubre un vacío después de los distintos cambios normativos adaptándose a las modificaciones de la Ley del suelo de Galicia y del decreto que aprueba su reglamento de desarrollo, y adaptándose también a la Ley de rehabilitación y regeneración y renovación urbanas de Galicia y a los decretos que la desarrollan, y complementa además la ordenanza anterior desarrollando, sobre todo, las cuestiones en materia de conservación. Pero sobre todo, nos congratulamos de que se someta a aprobación esta nueva ordenanza porque es una herramienta necesaria para evitar la proliferación de solares abandonados, edificios en ruinas y para proteger el patrimonio, dando así respuesta a un problema real de nuestra ciudad. En A Coruña hay numerosos edificios en ruina, algunos de ellos en plena zona histórica, como es el caso de la Pescadería y del Orzán, degradando áreas de nuestra ciudad de gran valor patrimonial. De acuerdo con los datos de un estudio de 2018 impulsado por la UDC, en nuestra ciudad existen 460 edificios abandonados y 188 de ellos en un estado prácticamente ruinoso, 77 de los cuales están declarados a día de hoy formalmente como ruinas. Otros estudios publicados en 2019 apuntan a que más del 20 % de los inmuebles útiles en A Coruña y en su entorno están vacíos y una parte importante de ellos están en una situación de abandono. El estado de abandono de algunos edificios no solo degrada nuestro patrimonio y nuestro paisaje urbano, muchos de estos edificios son, además, un foco de suciedad e incluso representan un problema de

Santa Lucía, unha situación que motivou a presentación dunha iniciativa do BNG na que demandabamos ao Goberno municipal que se actualizase o inventario de edificios e soares abandonados, houbese un plan específico para os edificios en ruína e se intensificasen as medidas de inspección e sanción, recorrendo en última instancia, se for necesario, á expropiación, medidas en grande medida coincidentes coas que se contemplan nesta ordenanza.

seguridad. Un ejemplo reciente lo tenemos en los desprendimientos de un edificio en la calle Santa Lucía, una situación que motivó la presentación de una iniciativa del BNG en la que demandábamos al Gobierno municipal que se actualizara el inventario de edificios y solares abandonados, hubiera un plan específico para los edificios en ruina y se intensificaran las medidas de inspección y sanción, recurriendo en última instancia, si fuere necesario, a la expropiación, medidas en gran medida coincidentes con las que se contemplan en esta ordenanza.

Os barrios da nosa cidade tamén están cheos de soares en estado de abandono. É algo que calquera veciña e veciño pode constatar e, á parte do impacto urbanístico destes soares, moitos deles son focos de suciedade e insalubridade que é necesario atallar. No Castrillón, onde vivo, sen ir máis lonxe, temos algúns soares destas características que son usados como refuxio para o tráfico e consumo de drogas e que mesmo poden acabar creando un problema de convivencia veciñal. Por iso, o BNG ten demandado en moitas ocasións solucións, solucións incluso alén do que se contempla nesta ordenanza, negociando, por exemplo, cos propietarios a cesión de soares mentres non se edifique para darlles usos alternativos en beneficio de veciñas e veciños. Moitos deles poderían ser aparcadoiros ou poderían acondicionarse para crear pequenas zonas verdes, instalar pistas deportivas ou crear áreas de estancia e convivencia veciñal, mais en calquera caso, o Concello ten que actuar cando os propietarios incumpran o deber de garantir a adecuada conservación de soares e edificios. Parécenos positivo que haxa un rexistro de soares para levar un control. Parécenos positivo que o Concello, á parte de inspeccionar, requirir e sancionar, actúe

Los barrios de nuestra ciudad también están llenos de solares en estado de abandono. Es algo que cualquier vecina y vecino puede constatar y, aparte del impacto urbanístico de estos solares, muchos de ellos son focos de suciedad e insalubridad que es necesario atajar. En el Castrillón, donde vivo, sin ir más lejos, tenemos algunos solares de estas características que son usados como refugio para el tráfico y consumo de drogas y que incluso pueden acabar creando un problema de convivencia vecinal. Por eso, el BNG ha demandado en muchas ocasiones soluciones, soluciones incluso más allá de lo que se contempla en esta ordenanza, negociando, por ejemplo, con los propietarios la cesión de solares mientras no se edifique para darles usos alternativos en beneficio de vecinas y vecinos. Muchos de ellos podrían ser aparcamientos o podrían acondicionarse para crear pequeñas zonas verdes, instalar pistas deportivas o crear áreas de estancia y convivencia vecinal, pero en cualquier caso, el Ayuntamiento tiene que actuar cuando los propietarios incumplan el deber de garantizar la adecuada conservación de solares y edificios. Nos parece positivo que haya un registro de solares para llevar un control. Nos

de oficio reservándose a potestade de executar subsidiariamente as obras de conservación necesarias e que o propietario se faga cargo do custo, e nos casos máis graves, reservándose tamén a posibilidade de aplicar un réxime de venta forzosa ou de expropiación, cando se incumpra a obriga de edificar ou se falte á función social da propiedade. Porque nos parecen mudanzas necesarias e positivas, imos votar a favor, pero quero rematar cunha reflexión: non abonda con crear a ferramenta, hai que utilizala, porque xa existían ferramentas para actuar e, dende o noso punto de vista, non se estaba facendo coa dilixencia que sería necesaria. Moitas grazas.

parece positivo que el Ayuntamiento, aparte de inspeccionar, requerir y sancionar, actúe de oficio reservándose la potestad de ejecutar subsidiariamente las obras de conservación necesarias y que el propietario se haga cargo del coste, y en los casos más graves, reservándose también la posibilidad de aplicar un régimen de venta forzosa o de expropiación, cuando se incumpla el deber de edificar o se falte a la función social de la propiedad. Porque nos parecen cambios necesarios y positivos, vamos a votar a favor, pero quiero finalizar con una reflexión: no es suficiente con crear la herramienta, hay que utilizarla, porque ya existían herramientas para actuar y, desde nuestro punto de vista, no se estaba haciendo con la diligencia que sería necesaria. Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para a Marea Atlántica, señor Martínez.

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera.

Turno para la Marea Atlántica, señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Grazas, señora alcaldesa.

Creo que non rebelo ningún segredo se digo que é na política urbanística onde están, radican algunhas das nosas principais diferencias co Partido Socialista, e creo que tampouco descubro nada se digo que esas diferencias se fundamentan no que foi o proxecto histórico do Partido Socialista na cidade. Dito isto, querería ser ponderado por unha vez. Neste mandato hai luces e sombras a este respecto. Creo que hai, nós detectamos sinais de inercia ou de restauración do vello, esas son as sombras, pero tamén luces, indicios dunha certa mudanza, cando menos

Señor Martínez Durán

Gracias, señora alcaldesa.

Creo que no rebelo ningún secreto si digo que es en la política urbanística donde están, radican algunas de nuestras principales diferencias con el Partido Socialista, y creo que tampoco descubro nada si digo que esas diferencias se fundamentan en lo que fue el proyecto histórico del Partido Socialista en la ciudad. Dicho esto, querría ser ponderado por una vez. En este mandato hay luces y sombras a este respeto. Creo que hay, nosotros detectamos señales de inercia o de restauración de lo viejo, esas son las sombras, pero también luces, indicios de un cierto cambio, cuando

dunha reflexión autocrítica sobre as políticas urbanísticas do pasado. E nesas luces, e eu sei que o señor Villoslada non o vai recoñecer publicamente e eu tampouco espero que o recoñeza publicamente, hai unha constante, que é a Marea Atlántica, sexa herdanza da Marea Atlántica, sexan as propostas da Marea Atlántica, sexan os votos da Marea Atlántica, pero é un feito que se hai unha forza política imprescindible para deixar atrás para sempre as políticas urbanísticas que nos deron trofeos como o Conde de Fenosa ou Someso, esa é a Marea Atlántica.

menos de una reflexión autocrítica sobre las políticas urbanísticas del pasado. Y en esas luces, y yo sé que el señor Villoslada no lo va a reconocer públicamente y yo tampoco espero que lo reconozca públicamente, hay una constante, que es la Marea Atlántica, sea herencia de la Marea Atlántica, sean las propuestas de la Marea Atlántica, sean los votos de la Marea Atlántica, pero es un hecho que si hay una fuerza política imprescindible para dejar atrás para siempre jamás las políticas urbanísticas que nos dieron trofeos como el Conde de Fenosa o Someso, esa es la Marea Atlántica.

Ás doce horas e sete minutos sae do Salón de Sesións a señora Faraldo Calvo.

A las doce horas y siete minutos sale del Salón de Sesiones la señora Faraldo Calvo.

Levamos tempo pedíndolle ao Goberno municipal un esforzo neste sentido, un esforzo de diálogo, sen medo, un diálogo a fondo perdido en materia urbanística porque sabemos que é moi difícil que nos vaiamos poñer de acordo nalgúns problemas rodantes que esta cidade ten sobre a mesa herdados de decisións erróneas dende hai moito tempo. Bueno, poderíamos poñernos de acordo pero para iso hai que tomar decisións radicais, sabemos todos e todas a que me estou a referir. Pero tamén sabemos que hai que facer ese esforzo porque non hai alternativa e eu diría que non vai haber alternativa a ese diálogo sen medo e a fondo perdido.

Llevamos tiempo pidiéndole al Gobierno municipal un esfuerzo en este sentido, un esfuerzo de diálogo, sin miedo, un diálogo a fondo perdido en materia urbanística porque sabemos que es muy difícil que nos vayamos a poner de acuerdo en algunos problemas rodantes que esta ciudad tiene sobre la mesa heredados de decisiones erróneas desde hace mucho tiempo. Bueno, podríamos ponernos de acuerdo pero para eso hay que tomar decisiones radicales, sabemos todos y todas a qué me estoy refiriendo. Pero también sabemos que hay que hacer ese esfuerzo porque no hay alternativa y yo diría que no va a haber alternativa a ese diálogo sin miedo y a fondo perdido.

Esta ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles é produto dese esforzo de diálogo entre a Marea Atlántica e o Partido Socialista. Votamos a favor, votaremos a favor porque inclúe algunhas das nosas achegas, polo visto as únicas, porque hoxe aquí non hai emendas á aprobación inicial da ordenanza. Destacarei 3 desas

Esta ordenanza de conservación y rehabilitación de inmuebles es producto de ese esfuerzo de diálogo entre la Marea Atlántica y el Partido Socialista. Votamos a favor, votaremos a favor porque incluye algunas de nuestras aportaciones, por lo visto las únicas, porque hoy aquí no hay enmiendas a la aprobación inicial de la ordenanza. Destacaré 3 de esas

aportacións. Introducimos diversas medidas para que o Concello poida actuar de oficio no caso de abandono dun inmoble, protexelo en caso de que a persoa ou entidade propietaria non se faga cargo da súa rehabilitación, evitando así innecesarias declaracións de ruína. Regulamos a potestade do Concello para executar subsidiariamente as obras ou traballos necesarios para a conservación de edificios, de cuxos custos debera facerse cargo a propiedade. Nos casos máis graves, será posible aplicar o réxime de venda forzosa ou expropiación cando se incumpra a obriga de edificar ou se falte á función social da propiedade. E por último, engadimos o compromiso de manter o rexistro municipal de soares, como fixeron outros concellos, caso de Santiago de Compostela ou Vigo, unha ferramenta para levar o control dos terreos nos que se incumpra o deber de edificar e de aqueles edificios que incumpran o deber de conservación sobre os que logo aplicar as medidas necesarias.

aportaciones. Introducimos diversas medidas para que el Ayuntamiento pueda actuar de oficio en el caso de abandono de un inmueble, protegerlo en caso de que la persona o entidad propietaria no se haga cargo de su rehabilitación, evitando así innecesarias declaraciones de ruina. Regulamos la potestad del Ayuntamiento para ejecutar subsidiariamente las obras o trabajos necesarios para la conservación de edificios, de cuyos costes debiese hacerse cargo la propiedad. En los casos más graves, será posible aplicar el régimen de venta forzosa o expropiación cuando se incumpla el deber de edificar o se falte a la función social de la propiedad. Y por último, añadimos el compromiso de mantener el registro municipal de solares, como hicieron otros ayuntamientos, caso de Santiago de Compostela o Vigo, una herramienta para llevar el control de los terrenos en los que se incumpla el deber de edificar y de aquellos edificios que incumplan el deber de conservación sobre los que luego aplicar las medidas necesarias.

Eu son consciente de que este acordo, en liña do que dicía ao comezo, é un acordo humilde, un acordo cativo. O extraordinario sería máis ben que o Partido Socialista e a Marea Atlántica non fosen quen de poñerse de acordo para aprobar inicialmente unha ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles. Sabendo que é un acordo cativo, humilde, quero enfatizalo e quero agradecer a boa disposición do Goberno, do concelleiro de Urbanismo porque non é, ou me gustaría pensar que non é, un acordo illado, senón que forma parte dun contexto máis amplo e porque confío en que ese contexto, ese diálogo, ese esforzo se traduza a curtísimo prazo en acordos máis ambiciosos e máis importantes relacionados con retos, desafíos que ten esta cidade en materia de dereito á

Yo soy consciente de que este acuerdo, en línea de lo que decía al inicio, es un acuerdo humilde, un acuerdo pequeño. Lo extraordinario sería más bien que el Partido Socialista y la Marea Atlántica no fueran quiénes de ponerse de acuerdo para aprobar inicialmente una ordenanza de conservación y rehabilitación de inmuebles. Sabiendo que es un acuerdo pequeño, humilde, quiero enfatizarlo y quiero agradecer la buena disposición del Gobierno, del concejal de Urbanismo porque no es, o me gustaría pensar que no es, un acuerdo aislado, sino que forma parte de un contexto más amplio y porque confío en que ese contexto, ese diálogo, ese esfuerzo se traduzca a cortísimo plazo en acuerdos más ambiciosos y más importantes relacionados con retos, desafíos que tiene esta ciudad en materia

vivenda.

Ás doce horas e once minutos entra no Salón de Sesións a señora Faraldo Calvo.

Eu espero que pronto poidamos formalizar un acordo que permita, non só impulsar un plan social polo dereito á vivenda nesta cidade, como levamos meses reclamando e que vai ser especialmente importante para aproveitar as parcas capacidades que a Lei de vivenda en tramitación no Congreso dos Deputados lles vai dar aos concellos, senón tamén para que nos orzamentos de 2022 deamos pasos adiante claros, contundentes, na ampliación do parque municipal de vivenda, no estímulo á construción de vivenda pública, na mellora da bolsa de aluguer, na aposta, redobrándoa, pola rehabilitación, na dinamización das vivendas baleiras, 20.000 vivendas baleiras nesta cidade, na promoción de modelos alternativos de acceso a un teito e tamén na ordenación, na regulación da vivenda de uso turístico. E xa digo, enfatizo este pequeno acordo de hoxe porque creo que vai facilitar acordos maiores e máis substanciais no futuro inmediato e desexo que sexamos capaces de sacar adiante ese pacto polo dereito á vivenda pronto porque creo sinceramente, cremos sinceramente que é o que a sociedade agarda de nós.

Nada máis. Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Martínez.

Turno para o Partido Popular, señor Deus.

Señor Deus Álvarez

de derecho a la vivienda.

A las doce horas y once minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Faraldo Calvo.

Yo espero que pronto podamos formalizar un acuerdo que permita, no solo impulsar un plan social por el derecho a la vivienda en esta ciudad, como llevamos meses reclamando y que va a ser especialmente importante para aprovechar las parcas capacidades que la Ley de vivienda en tramitación en el Congreso de los Diputados les va a dar a los ayuntamientos, sino también para que en los presupuestos de 2022 demos pasos adelante claros, contundentes, en la ampliación del parque municipal de vivienda, en el estímulo a la construcción de vivienda pública, en la mejora de la bolsa de alquiler, en la apuesta, redoblándola, por la rehabilitación, en la dinamización de las viviendas vacías, 20.000 viviendas vacías en esta ciudad, en la promoción de modelos alternativos de acceso a un techo y también en la ordenación, en la regulación de la vivienda de uso turístico. Y ya digo, enfatizo este pequeño acuerdo de hoy porque creo que va a facilitar acuerdos mayores y más sustanciales en el futuro inmediato y deseo que seamos capaces de sacar adelante ese pacto por el derecho a la vivienda pronto porque creo sinceramente, creemos sinceramente que es lo que la sociedad espera de nosotros.

Nada más. Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Martínez.

Turno para el Partido Popular, señor Deus.

Señor Deus Álvarez

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Debatemos neste pleno este asunto para a aprobación inicial da Ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles no ámbito do municipio da Coruña. Un dos obxectivos fundamentais dos poderes públicos en materia de vivenda e, especialmente, nas cidades onde hai máis poboación é traballar co obxectivo de que exista unha oferta suficiente que permita acceder a todos os cidadáns a unha vivenda digna e a uns prezos de mercado axeitados. Un dos instrumentos máis efectivos para lograr estes obxectivos é o de garantir o cumprimento dos deberes urbanísticos de edificación e conservación dos edificios que dependen dos propietarios dos inmobles, conseguindo así evitar a degradación dalgunhas zonas. Sen dúbida, a conservación e rehabilitación da cidade deben formar parte das políticas municipais, non só obrigando aos propietarios dos inmobles a cumprir os seus deberes senón incentivando e colaborando naquelas cargas que lles resulten máis gravosas.

Debatimos en este pleno este asunto para la aprobación inicial de la Ordenanza de conservación y rehabilitación de inmuebles en el ámbito del municipio de A Coruña. Uno de los objetivos fundamentales de los poderes públicos en materia de vivienda y, especialmente, en las ciudades donde hay más población es trabajar con el objetivo de que exista una oferta suficiente que permita acceder a todos los ciudadanos a una vivienda digna y a unos precios de mercado adecuados. Uno de los instrumentos más efectivos para lograr estos objetivos es el de garantizar el cumplimiento de los deberes urbanísticos de edificación y conservación de los edificios que dependen de los propietarios de los inmuebles, consiguiendo así evitar la degradación de algunas zonas. Sin duda, la conservación y rehabilitación de la ciudad deben formar parte de las políticas municipales, no solo obligando a los propietarios de los inmuebles a cumplir sus deberes sino incentivando y colaborando en aquellas cargas que les resulten más gravosas.

Segundo estudos da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias, Coruña ten 104.000 vivendas que se utilizan como vivenda habitual. Delas, só o 1,47 % foron construídas nos últimos 10 anos, mentres que o 42,54 % teñen unha antigüidade superior aos 50 anos, é dicir, 4 de cada 10 vivendas ten máis de medio século de vida. Ademais, o 86 % das vivendas ten máis de 20 anos, o que nos dá unha idea do escaso desenvolvemento inmobiliario da cidade nas últimas décadas. Por estes motivos, a nosa cidade necesita un impulso decidido en políticas que impulsen, por unha banda, a creación de vivenda nova, e tamén aposten pola rehabilitación para

Según estudios de la Federación Galega de Empresas Inmobiliarias, Coruña tiene 104.000 viviendas que se utilizan como vivienda habitual. De ellas, solo el 1,47 % fueron construidas en los últimos 10 años, mientras que el 42,54 % tienen una antigüedad superior a los 50 años, es decir, 4 de cada 10 viviendas tiene más de medio siglo de vida. Además, el 86 % de las viviendas tiene más de 20 años, lo que nos da una idea del escaso desarrollo inmobiliario de la ciudad en las últimas décadas. Por estos motivos, nuestra ciudad necesita un impulso decidido en políticas que impulsen, por un lado, la creación de vivienda nueva, y también apuesten por la rehabilitación para

conservar e mellorar as condicións de habitabilidade, en definitiva, da calidade de vida nese parque de vivendas envellecido polo paso do tempo.

conservar y mejorar las condiciones de habitabilidad, en definitiva, de la calidad de vida en ese parque de viviendas envejecido por el paso del tiempo.

Sen dúbida, desde todas as administracións estase a apostar por incentivar todas estas liñas de axuda. É unha oportunidade importante para a vivenda, os plans específicos procedentes dos fondos Next Generation para aplicar e mellorar o parque de vivenda cun investimento previsto de máis de 4,4 millóns de euros. Os orzamentos da Xunta en 2022 recollen un incremento do 53 % para rehabilitación de vivendas con 57,4 millóns de euros. Estes fondos irán destinados, sobre todo, ás áreas dentro do Plan Rexurbe, posibilitando a compra de inmobles para a súa rehabilitación e a nosa cidade debe saber aproveitar ese impulso coa colaboración do concello.

Sin duda, desde todas las administraciones se está apostando por incentivar todas estas líneas de ayuda. Es una oportunidad importante para la vivienda, los planes específicos procedentes de los fondos Next Generation para aplicar y mejorar el parque de vivienda con una inversión prevista de más de 4,4 millones de euros. Los presupuestos de la Xunta en 2022 recogen un incremento del 53 % para rehabilitación de viviendas con 57,4 millones de euros. Estos fondos irán destinados, sobre todo, a las áreas dentro del Plan Rexurbe, posibilitando la compra de inmuebles para su rehabilitación y nuestra ciudad debe saber aprovechar ese impulso con la colaboración del concello.

Hai uns días lía o dato de que 9 de cada 10 pisos que se venderon na cidade desde 2016 foron de segunda man, o cal pon de manifesto a parálise na que se sumiu esta cidade desde ese ano, sen axilización na concesión de licenzas, sen desenvolvementos urbanísticos previstos no Plan Xeral. Hoxe seguimos exactamente igual que onte, e aí si podemos ver a presenza, señor Martínez, quizais, da Marea Atlántica, provocando que os investimentos de nova vivenda se refuxiasen nos concellos limítrofes con maior axilidade na concesión e tramitación de licenzas.

Hace unos días leía el dato de que 9 de cada 10 pisos que se vendieron en la ciudad desde 2016 fueron de segunda mano, lo cual pone de manifiesto la parálisis en la que se sumió esta ciudad desde ese año, sin agilización en la concesión de licencias, sin desarrollos urbanísticos previstos en el Plan General. Hoy seguimos exactamente igual que ayer, y ahí sí podemos ver la presencia, señor Martínez, quizás, de la Marea Atlántica, provocando que las inversiones de nueva vivienda se refugiaran en los ayuntamientos limítrofes con mayor agilidad en la concesión y tramitación de licencias.

Como xa dixemos nalgunha ocasión, este concello leva 3 anos sen tramitar ningún plan de axudas á rehabilitación coa desculpa dun atasco na tramitación das axudas de anos anteriores. É dabondo coñecida a nefasta xestión do goberno anterior na área de Urbanismo pero

Como ya dijimos en alguna ocasión, este concello lleva 3 años sin tramitar ningún plan de ayudas a la rehabilitación con la disculpa de un atasco en la tramitación de las ayudas de años anteriores. Es de sobra conocida la nefasta gestión del gobierno anterior en el Área de Urbanismo pero

tampouco vemos unha mellora decidida neste mandato. Os últimos datos da concellería en materia de rehabilitación eran pésimos, deixando mesmo sen executar o 62 % do orzamento e, nas zonas ARI, mesmo se deixou de executar ata o 96 % das axudas. Agora anuncian que o Concello convocará axudas de 1,3 millóns de euros para a rehabilitación e reforma de inmobles na Cidade Vella, Peixaría e algunhas zonas ARI, unha partida que resulta de xeito evidente escasa despois de 3 anos sen convocatorias de axudas municipais para a rehabilitación e tendo o capítulo de investimentos municipais a estas alturas do ano cun 40 % do mesmo sen executar, case 40.000.000 €. Tamén se apuraron a publicar que as chamadas casas de Franco optarán a esas axudas, despois de que os veciños lles reclamasen axilizar os trámites para rehabilitar. Fíxese como está o tema da tramitación de licenzas que un edificio destas casas, que a rehabilitou no ano 2018, acaba de instalar hai uns días as estadas para realizar as obras, 3 anos despois.

tampoco vemos una mejora decidida en este mandato. Los últimos datos de la concejalía en materia de rehabilitación eran pésimos, dejando incluso sin ejecutar el 62 % del presupuesto y, en las zonas ARI, incluso se dejó de ejecutar hasta el 96 % de las ayudas. Ahora anuncian que el Concello convocará ayudas de 1,3 millones de euros para la rehabilitación y reforma de inmuebles en la Ciudad Vieja, Pescadería y algunas zonas ARI, una partida que resulta a todas luces escasa después de 3 años sin convocatorias de ayudas municipales para la rehabilitación y teniendo el capítulo de inversiones municipales a estas alturas del año con un 40 % del mismo sin ejecutar, casi 40.000.000 €. También se han apurado a publicar que las llamadas casas de Franco optarán a esas ayudas, después de que los vecinos les reclamasen agilizar los trámites para rehabilitar. Fíjese cómo está el tema de la tramitación de licencias que un edificio de estas casas, que la rehabilitó en el año 2018, acaba de instalar hace unos días los andamios para realizar las obras, 3 años después.

Señor Villoslada, non nos fagamos trampas ao solitario. Urbanismo non vai todo o ben que vostede di. Iso si, de momento seguimos sen saber se se resolveron os problemas de tramitación das convocatorias anteriores ou cando será a data da convocatoria que anunciaron. Todo isto fai que a cidade siga á cola no que se refire non só á construción de novos inmobles senón tamén nos datos de rehabilitación de edificios. E quería facer tamén unha puntualización que falou tanto o Grupo do BNG como da Marea en canto ao rexistro de solares e de edificios a rehabilitar. Nesta nova ordenanza, ese artigo, o artigo 68 que aparecía reflectido na anterior ordenanza foi substituído e agora ese rexistro substituíuse por, simplemente, un

Señor Villoslada, no nos hagamos trampas al solitario. Urbanismo no va todo lo bien que usted dice. Eso sí, de momento seguimos sin saber si se han resuelto los problemas de tramitación de las convocatorias anteriores o cuándo será la fecha de la convocatoria que han anunciado. Todo esto hace que la ciudad siga a la cola en lo que se refiere no solo a la construcción de nuevos inmuebles sino también en los datos de rehabilitación de edificios. Y quisiera hacer también una puntualización que ha hablado tanto el Grupo del BNG como de la Marea en cuanto al registro de solares y de edificios a rehabilitar. En esta nueva ordenanza, ese artículo, el artículo 68 que aparecía reflejado en la anterior ordenanza ha sido sustituido y ahora ese registro se ha sustituido por, simplemente, un inventario

inventario de inmobles, non fai referencia nin aos solares. Non sei se é unha omisión da ordenanza ou ten algo que ver. Agora o concelleiro explicaránolo.

de inmuebles, no hace referencia ni a los solares. No sé si es una omisión de la ordenanza o tiene algo que ver. Ahora el concelleiro nos lo explicará.

Imos absternos neste asunto á espera da tramitación da ordenanza e a presentación e a posible mellora de alegacións e a súa resolución. Moitas grazas.

Vamos a abstenernos en este asunto a la espera de la tramitación de la ordenanza y la presentación y la posible mejora de alegaciones y su resolución. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Deus.

Muchas gracias, señor Deus.

Pecha o debate o señor Díaz Villoslada.

Cierra el debate el señor Díaz Villoslada.

Señor Díaz Villoslada

Señor Díaz Villoslada

Si, grazas.

Sí, gracias.

Primeiro, agradecer o apoio dos grupos municipais de Marea Atlántica, do Bloque Nacionalista Galego e da señora Faraldo como concelleira non adscrita. Sorpréndenos un pouco a abstención do Partido Popular á hora de completar o marco normativo autonómico na cidade da Coruña coa necesaria ordenanza municipal porque, realmente, señor Deus, falan da necesaria aposta pero cando se pon en marcha unha ordenanza esa aposta non existe realmente como compromiso do Grupo Municipal Popular pola rehabilitación e a rexeneración urbana, a pesar do que din. Eu creo que, efectivamente, sempre se pode facer moito máis, moito mellor pero os datos eu creo que están sendo evidentes. Á parte de que, polo número de licenzas, en materia de rehabilitación, os datos que está a sacar o Instituto Galego de Estatística son oficiais e teñen esa base estatística que todos podemos verificar e así vemos como se están multiplicando dunha forma importante as licenzas de rehabilitación por múltiples factores, iso

Primero, agradecer el apoyo de los grupos municipales de Marea Atlántica, del Bloque Nacionalista Galego y de la señora Faraldo como concejala no adscrita. Nos sorprende un poco la abstención del Partido Popular a la hora de completar el marco normativo autonómico en la ciudad de A Coruña con la necesaria ordenanza municipal porque, realmente, señor Deus, hablan de la necesaria apuesta pero cuando se pone en marcha una ordenanza esa apuesta no existe realmente como compromiso del Grupo Municipal Popular por la rehabilitación y la regeneración urbana, a pesar de lo que dicen. Yo creo que, efectivamente, siempre se puede hacer mucho más, mucho mejor pero los datos yo creo que están siendo evidentes. Aparte de que, por el número de licencias, en materia de rehabilitación, los datos que está sacando el Instituto Gallego de Estadística son oficiales y tienen esa base estadística que todos podemos verificar y así vemos cómo se están multiplicando de una forma

o sabemos, por múltiples factores. Pero, señor Deus, vostedes en 4 anos deron 57 licenzas de rehabilitación, en 4 anos de goberno. No ano 2018 déronse 91 licenzas, no 2019 56, no 2020 88, os datos do 2021 están sen pechar a efectos do Instituto Galego de Estatística e son os datos que están aí, quero dicir que, fonte: Instituto Galego de Estatística. Pero ante unha situación como a que había pode ser que as políticas de fomento se apliquen ou non se apliquen. Son datos oficiais. Teremos despois ocasión, con motivo dunha moción que presentaron, de falar do número de licenzas de vivendas na cidade, pero case mellor facer ese debate nese momento.

importante las licencias de rehabilitación por múltiples factores, eso lo sabemos, por múltiples factores. Pero, señor Deus, ustedes en 4 años dieron 57 licencias de rehabilitación, en 4 años de gobierno. En el año 2018 se dieron 91 licencias, en el 2019, 56, en el 2020, 88, los datos del 2021 están sin cerrar a efectos del Instituto Galego de Estatística y son los datos que están ahí, quiero decir que, fuente: Instituto Galego de Estatística. Pero ante una situación como la que había puede ser que las políticas de fomento se apliquen o no se apliquen. Son datos oficiales. Tendremos después ocasión, con motivo de una moción que presentaron, de hablar del número de licencias de viviendas en la ciudad, pero casi mejor hacer ese debate en ese momento.

Eu creo que os procesos de rehabilitación, que seguro que hai que levar adiante máis no Ventorrillo para as chamadas casas de Franco, tamén para o grupo de María Pita, tanto nos procesos de rehabilitación das vivendas como nos procesos de reurbanización exterior, ou na Cidade Vella, que teremos reunións proximamente coas asociacións de veciños para explicarlles polo miúdo tecnicamente como acudir a estas convocatorias, que non sei por que, señora Faraldo, falaba de que poidan ter resquemor. Hai unha convocatoria, explicaremos tecnicamente a información e a documentación, e esperamos que vaian adiante, que se cubran as axudas e logo que poidamos ir a máis axudas. Estamos traballando, como sabe, en todo o proceso. Estabamos a fin de semana pasada na fase máis de grupos de debate, participativos, no barrio das Flores, temos asumido o compromiso o ano que vén de traballar nunha metodoloxía específica para todo o reto importantísimo da Agra do Orzán, en Plan Rexurbe tamén, e eu creo que, neste sentido, como ben di o

Yo creo que los procesos de rehabilitación, que seguro que hay que llevar adelante más en el Ventorrillo para las llamadas casas de Franco, también para el grupo de María Pita, tanto en los procesos de rehabilitación de las viviendas como en los procesos de reurbanización exterior, o en la Ciudad Vieja, que tendremos reuniones próximamente con las asociaciones de vecinos para explicarles al por menor técnicamente como acudir a estas convocatorias, que no sé por qué, señora Faraldo, hablaba de que puedan tener resquemor. Hay una convocatoria, explicaremos técnicamente la información y la documentación, y esperamos que vayan adelante, que se cubran las ayudas y luego que podamos ir a más ayudas. Estamos trabajando, como sabe, en todo el proceso. Estábamos el fin de semana pasado en la fase más de grupos de debate, participativos, en el barrio de las Flores, hemos asumido el compromiso el año que viene de trabajar en una metodología específica para todo el reto

señor Jorquera, o marco normativo está aí, é necesario, hai que executar as actuacións. E agradecer tamén, por suposto, as aportacións que comentou o señor Martínez, porque si que é un instrumento importante o que introducimos falando con motivo da Lei das tres RRR, no artigo 37.2 s), con motivo dunha declaración de incumprimento, máis alá de que o rexistro de solares sexa efectivo ou non sexa efectivo, verificada unha declaración de incumprimento, as facultades, as potestades que pode ter a administración municipal para levar adiante procesos de expropiación ou de venda forzosa deses inmobles. Eu creo que todas estas medidas, estes marcos, estas novas ordenanzas vannos permitir impulsar as medidas de rehabilitación, de rexeneración urbana. Comentamos todos que hai un reto importante de cara a novos fondos europeos e si que, desde a perspectiva máis social, e aí tamén ten o reto, non só o Goberno central senón, dunha forma moi principal, o Goberno da Xunta de Galicia en materia de políticas de vivendas de promoción pública, porque a ver se Galicia a nivel de autonomía sae dunha vez da cola das comunidades autónomas en promoción de vivenda pública, como digo, hai un reto importantísimo en materia social de vivenda e agardo, como dicía o señor Martínez, que en breve poidamos acadar ese acordo.

importantísimo del Agra del Orzán, en Plan Rexurbe también, y yo creo que, en este sentido, como bien dice el señor Jorquera, el marco normativo está ahí, es necesario, hay que ejecutar las actuaciones. Y agradecer también, por supuesto, las aportaciones que comentó el señor Martínez, porque sí que es un instrumento importante lo que introducimos hablando con motivo de la Ley de las tres RRR, en el artículo 37.2 s), con motivo de una declaración de incumplimiento, más allá de que el registro de solares sea efectivo o no sea efectivo, verificada una declaración de incumplimiento, las facultades, las potestades que puede tener la administración municipal para llevar adelante procesos de expropiación o de venta forzosa de esos inmuebles. Yo creo que todas estas medidas, estos marcos, estas nuevas ordenanzas nos van a permitir impulsar las medidas de rehabilitación, de regeneración urbana. Comentamos todos que hay un reto importante de cara a nuevos fondos europeos y sí que, desde la perspectiva más social, y ahí también tiene el reto, no solo el Gobierno central sino, de una forma muy principal, el Gobierno de la Xunta de Galicia en materia de políticas de viviendas de promoción pública, porque a ver si Galicia a nivel de autonomía sale de una vez de la cola de las comunidades autónomas en promoción de vivienda pública, como digo, hay un reto importantísimo en materia social de vivienda y espero, como decía el señor Martínez, que en breve podamos alcanzar ese acuerdo.

Facía unha referencia, e remato, ás diferencias. Eu creo que ás veces as diferencias poden ser máis de relatos. Á hora do que é a real política ou de levar adiante a acción diaria de xestión hai un plan xeral, hai un PEPRI e hai que xestionar eses ámbitos normativos

Hacía una referencia, y finalizo, a las diferencias. Yo creo que a veces las diferencias pueden ser más de relatos. A La hora del que es la real política o de llevar adelante la acción diaria de gestión hay un plan general, hay un PEPRI y hay que gestionar esos ámbitos

urbanísticos. Por iso eu creo que sempre, ao final, son máis as luces que as sombras. Máis nada e grazas.

normativos urbanísticos. Por eso yo creo que siempre, al final, son más las luces que las sombras. Más nada y gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Procedemos á votación deste asunto 7.

Procedemos a la votación de este asunto 7.

Votación do asunto número sete

Votación del asunto número siete

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número sete referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número siete referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 abstencións).

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 abstenciones).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (1 voto).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita dona Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita doña Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita dona Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita doña Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas. Queda aprobado.

Muchas gracias. Queda aprobado.

Acordo

Acuerdo

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles, cuxo proxecto (CSV: 5X0P 1P4N 1S3N 6J1N 04M6) foi

Primero.- Aprobar inicialmente la Ordenanza de conservación y rehabilitación de inmuebles, cuyo proyecto (CSV: 5X0P 1 P4N 1S3N 6J1

aprobado por acordo do 24/11/2021 da Xunta de Goberno Local.

N04 M6) fue aprobado por acuerdo del 24/11/2021 de la Xunta de Gobierno Local.

Segundo.- Dispoñer a apertura dun período de información pública e audiencia ás persoas interesadas por un prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, prazo que se computará a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio do Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña. Así mesmo, publicarase un anuncio no taboleiro de anuncios e edictos deste concello, a través da sede electrónica municipal, e nun dos diarios de maior difusión da provincia. No suposto de que non se presente ningunha reclamación nin suxestión nese prazo, o acordo até entón provisional entenderase definitivamente adoptado.

Segundo.- Disponer la apertura de un período de información pública y audiencia a las personas interesadas por un plazo de treinta días para la presentación de reclamaciones y sugerencias, plazo que se computará a partir del día siguiente al de la publicación del correspondiente anuncio del Boletín Oficial de la Provincia (BOP) de A Coruña. Asimismo, se publicará un anuncio en el tablón de anuncios y edictos de este ayuntamiento, a través de la sede electrónica municipal, y en uno de los diarios de mayor difusión de la provincia. En el supuesto de que no se presente ninguna reclamación ni sugerencia en ese plazo, el acuerdo hasta entonces provisional se entenderá definitivamente adoptado.

Terceiro.- Establecer a entrada en vigor da antedita ordenanza, logo da súa aprobación definitiva, unha vez se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tercero.- Establecer la entrada en vigor de la antedicha ordenanza, luego de su aprobación definitiva, una vez se publique completamente su texto en el Boletín Oficial de la Provincia (BOP) de A Coruña y transcurra el plazo previsto en el artículo 65.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril , reguladora de las bases del régimen local.

PROXECTO DE ORDENANZA DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS 70
TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓNS XERAIS 73
TÍTULO I: CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN 74
Capítulo I: DEBER DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN 74
Capítulo II. CUMPRIMENTO DOS DEBERES DE CONSERVACIÓN E DE REHABILITACIÓN 76
Capítulo III: DECLARACIÓN DE RUÍNA 80
Capítulo IV: MEDIDAS POR INCUMPRIMENTO 87

TÍTULO II. O INFORME DE AVALIACIÓN DOS EDIFICIOS 89

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), regulaba entre os medios de intervención na edificación o deber de conservación dos inmobles, a inspección periódica das construcións e a declaración de ruína. Sobre a base desta lei, o Concello da Coruña regulou esta materia, primeiro na Ordenanza sobre a conservación dos edificios e ruínas que aprobou o Pleno do Concello o 01/03/2004 (BOP do 15/03/2004), despois na Ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles aprobada polo mesmo órgano o 30/10/2006 (BOP do 17/11/2006) e finalmente no Texto refundido desa ordenanza aprobado o 10/11/2011 (BOP do 28/11/2011), este último aínda en vigor nesta parte.
En concreto, neste texto refundido regúlanse os seguintes procedementos derivados do deber legal de conservación e rehabilitación que recae sobre os propietarios dos inmobles:

- Os que teñen por obxecto a emenda das súas deficiencias de conservación e/ou mantemento (título II)
- Os relativos á inspección técnica dos edificios (ITE) (título III)
- Os procedementos de declaración de ruína (título IV)
- A execución subsidiaria (capítulo III do título II)
- O rexistro de soares e edificios a rehabilitar (título V)

En efecto, o texto refundido actualmente en vigor mantense na súa redacción orixinaria no que atinxe aos procedementos vinculados ao deber de conservación, en tanto que as únicas modificacións que nel se efectuaron, nos anos 2017 e 2018, afectaron ao seu título VI, no que se regulaban as axudas á rehabilitación. Así mesmo, o seu artigo 1, segundo parágrafo, artigos 9 e 10, ese título VI (artigos 84 ao 110), o título VII (artigos 111 ao 119), dedicado ao fomento de obras de accesibilidade e soterramento de *cableado*, e as súas disposicións adicionais primeira, segunda, terceira e quinta, foron derrogados expresamente pola Ordenanza municipal reguladora da concesión de axudas para a conservación e rehabilitación de edificios de vivendas aprobada definitivamente polo Pleno do Concello o 10/09/2020 (BOP do 19/10/2020).

No que atinxe á normativa que o texto refundido viña a desenvolver na materia de conservación, viuse afectada por varias normas posteriores.

En primeiro lugar, a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG núm. 34, do 19/02/2016 e BOE núm. 81, do 04/04/2016), que derrogou, entre outras, a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro (DOG núm. 213, do 09/11/2016), que aproba o regulamento de desenvolvemento da antedita lei 2/2016, en vigor dende o 19/03/2016 e o 09/12/2016, respectivamente, establecen no capítulo I do seu título VI a obriga dos propietarios dos edificios de conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles; atribuíndolles aos Concellos a competencia para ditar ordes de execución que obriguen ás persoas propietarias dos bens inmobles a realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento á dita obriga.

Con este fin, regulan as referidas ordes de execución e os procedementos de declaración de ruína, así como o rexistro de soares e a venta forzosa.

A aprobación deste texto legal supuxo unha consecuencia particularmente significativa nesta materia: a derrogación do artigo 200 da LOUGA, que era o que establecía o deber de inspección periódica das edificacións co fin de determinar o seu estado de conservación, impoñéndolle aos Concellos o deber de regulalo mediante unha ordenanza municipal. Esta derrogación supuxo que o desenvolvemento regulamentario municipal se quedase sen base legal; motivo polo cal inicialmente se seguiron tramitando procedementos desta natureza sobre a base da normativa estatal na materia, de aplicación supletoria, contida nesa data no Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (BOE núm. 261, do 31/12/2015), que viña a reproducir neste punto o previsto na Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas (BOE núm. 153, do 27/06/2013), que regulaba o informe de avaliación de edificios (IAE) e á súa vez derrogou a regulación anterior da inspección técnica de edificios (ITE) contida no Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, isto é, a normativa estatal do ano 2011 foi derrogada pola do ano 2013, e esta última pola do ano 2015.

Posteriormente, nesta materia incidiron dúas sentenzas do Tribunal Constitucional:

- A sentenza 5/2016, do 21/01/2016 (BOE do 22/02/2016), que declarou inconstitucionais os preceptos sobre esta materia do Real decreto lei 8/2011
- A sentenza 143/2017, do 14/12/2017 (BOE do 17/01/2018), que declarou inconstitucional a regulación do IAE da Lei 8/2013, estendéndose á contida no Real decreto lexislativo 7/2015 en canto reprodución daquela

Tras estas sentenzas, só se mantivo vixente o artigo 29.1 do Real decreto lexislativo 7/2015, que segue permitindo á Administración competente requirirlles aos propietarios que acrediten o estado de conservación do edificio, o cumprimento da normativa de accesibilidade e o grao de eficiencia enerxética; se ben os dous primeiros aspectos exclusivamente de competencia autonómica, e o terceiro de competencia estatal.

Todo o que antecede, isto é, a derrogación do artigo 200 da LOUGA e a declaración de inconstitucionalidade da normativa estatal na materia, supuxo, en conclusión, que dende o 19/03/2016 non tiñamos en Galicia normativa propia que amparase a esixencia das inspeccións periódicas dos edificios.

Este baleiro normativo encheuse coa entrada en vigor da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (DOG núm. 83, do 02/05/2019 e BOE núm. 126, do 27/05/2019), que tivo lugar o 22/05/2019, e que introduce no capítulo II do seu título preliminar (artigos 5 ao 10) a regulación do informe de avaliación dos edificios (IAE), definíndoo como o instrumento que acredita a situación na que se atopa un edificio en relación ao seu estado de conservación, ao cumprimento da normativa vixente sobre accesibilidade e ao seu grao de eficiencia enerxética e atribuíndolle aos Concellos a competencia para velar polo cumprimento da obriga de redactar estes informes.
O contido obrigatorio que establece este texto legal para o informe resulta de maior amplitude que os anteriores informes da ITE, en tanto que non só inclúe a avaliación do estado de conservación do edificio (o seu estado xeral, o dos seus elementos estruturais e construtivos e o das instalacións que non requiran, pola súa normativa sectorial, inspeccións técnicas

específicas, así como as patoloxías ou deficiencias que poidan apreciarse coa inspección visual), senón tamén, como novidade respecto da ITE:

- a avaliación das condicións básicas de accesibilidade universal e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización do edificio,
- a certificación da eficiencia enerxética deste,
- en edificios catalogados e declarados bens de interese cultural (BIC), a avaliación do estado de conservación dos elementos merecedores de protección,
- a avaliación da calquera outras condicións básicas da edificación que se determinen de forma regulamentaria.

Esta lei 1/2019 remitiu o contido detallado, estrutura, alcance e efectos derivados do IAE ao desenvolvemento regulamentario; e nesta liña e tras un período de consulta pública e logo dos trámites da información pública e audiencia, aprobouse o Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro galego de informes de avaliación dos edificios (DOG núm. 73, do 20/04/2021), que entrou en vigor o 20/05/2021.

Esta nova regulación do IAE pon de manifesto tanto as dificultades que supuxo estar durante cinco anos sen base legal autonómica para esixir o deber da inspección periódica dos edificios, co conseguinte incremento do estado de deterioración do parque inmobiliario da cidade, como a necesidade inmediata de pasar a exercer a nova competencia de velar pola presentación dos informes de avaliación dos edificios, a cal debería supoñer co transcurso dos vindeiros anos que se acade un maior control na materia e isto á súa vez traia consigo unha considerable redución no número de procedementos de reparación de deficiencias e de declaración de ruína.

Sobre a base de canto antecede resulta, por conseguinte, necesario aprobar unha nova ordenanza, tanto para adaptar a regulación contida na anterior ás modificacións que introduciron as normas mencionadas como para depurar a súa redacción logo de terse derrogado de forma expresa parte do seu articulado, en suma, para dotar de seguridade xurídica aos procedementos que se tramitan na materia. De feito, na actualidade estase interpretando o articulado da ordenanza vixente en conxunción coas normas de superior xerarquía para determinar que partes entran en contradición ou directamente están derrogadas de forma tácita.
Así mesmo, resulta preciso solucionar certas incidencias que se producen na tramitación ordinaria deses procedementos, motivadas xa non só unicamente polos cambios de regulación, senón por diversas disfuncións derivadas do elevado volume de denuncias e solicitudes que se reciben que non van acompañadas da documentación necesaria, o que obriga a facer numerosos requirimentos de emenda; da falta da necesaria adaptación á normativa da administración electrónica por parte de persoas obrigadas; da pretensión de utilización destes procedementos para abordar cuestións que pertencen ao ámbito do dereito privado... Disfuncións, en síntese, que dificultan acadar a eficacia e eficiencia necesarias no exercicio das competencias municipais na materia.

O obxectivo principal da nova ordenanza é, por tanto, adaptar a regulación municipal dos procedementos que teñen por obxecto o cumprimento dos deberes de conservación dos inmobles á actual normativa autonómica. Asemade, preténdese:

- Axilizar a tramitación dos procedementos

- Precisar a documentación que as persoas interesadas deben presentar coas súas solicitudes e incidir no cumprimento por estas dos requirimentos impostos pola normativa da administración electrónica
- Deslindar os asuntos da competencia municipal dos que deben tramitarse na vía civil
- Adaptar os supostos legais de ruína á normativa en vigor
- Simplificar a regulación dos supostos de execución subsidiaria por razóns de urxencia
- Precisar e desenvolver as cuestións que o novo decreto do informe de avaliación de edificios, que substitúe á anterior ITE, deixa ao criterio municipal

TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

É obxecto desta ordenanza regular, para o municipio da Coruña, a obriga de conservación e rehabilitación de terreos, construcións e edificios, co fin de mantelos en estado de seguridade, salubridade, funcionalidade e ornato público, garantíndose as condicións requiridas para a súa habitabilidade e uso efectivo. Regúlase, así mesmo, a determinación dos supostos legais de ruína dos inmobles e o informe de avaliación dos edificios.

Artigo 2. Das persoas obrigadas

3. O deber de cumprimento das obrigas reguladas nesta ordenanza recae nos propietarios dos terreos, construcións e edificios.

No caso de edificios en réxime de propiedade horizontal, a responsabilidade recaerá sobre a comunidade de propietarios se a obriga se refire a elementos comúns.

4. Consonte o disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común, no suposto de que a propiedade e/ou as persoas que actúan na representación desta estean incluídas entre os suxeitos obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas, os escritos que acheguen aos procedementos regulados nesta ordenanza deberán presentalos nun rexistro telemático e ser asinados cunha certificación de sinatura electrónica. Polo mesmo, todas as notificacións que se lles dirixan a estas persoas nestes procedementos efectuaranse de forma exclusiva por medios electrónicos, a cuxo efecto enviaráselles o aviso da súa posta a disposición na sede electrónica do Concello da Coruña á dirección de correo electrónico que conste no expediente.

Artigo 3. Competencia

A competencia para a tramitación e resolución dos procedementos relativos ao cumprimento dos deberes de conservación e rehabilitación corresponde á Alcaldía, podendo delegarse na área de goberno correspondente.

Artigo 4. Participación

Os órganos responsables da tramitación dos expedientes a que se refire esta ordenanza facilitarán a participación da veciñanza a través das súas entidades representativas nos termos establecidos na lexislación e na normativa municipal de transparencia.

Así mesmo, a Administración municipal poderá solicitar a colaboración das ditas entidades nos supostos nos que a problemática social o aconselle.

TÍTULO I: CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN

Capítulo I: DEBER DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN

Artigo 5. Contido do deber de conservación

3. O deber de conservación abrangue as actuacións encamiñadas ao mantemento das condicións de seguridade, salubridade, funcionalidade e ornato público dos inmobles e instalacións, sen que isto supoña alteración da súa estrutura ou distribución nin das súas características formais.

Para este efecto, enténdese por condicións de:

- Seguridade: aquelas que garantan que non hai risco para as persoas nin para os bens, tanto respecto do propio inmoble como respecto dos lindeiros e en particular cara a vía pública, así como que non se incremente o estado de deterioración do inmoble.
- Salubridade: aquelas que garantan a estanquidade nas fachadas, cubertas e terreos e o correcto estado das instalacións de fontanería e saneamento do inmoble, en tal forma que se garanta a súa aptitude para servir ao uso ao que se destinan.
- Funcionalidade: aquelas que garantan que os elementos construtivos do inmoble están servindo para o fin para o que foron previstos.
- Ornato público: aquelas que garantan que as fachadas e en xeral elementos de peche cara a vía pública manteñan un estado tal que non afecte negativamente á imaxe urbana, mediante limpeza, pintura, reparación e/ou reposición dos seus materiais de revestimento. Así mesmo, o Concello poderá incluír nesta obriga a de adaptar as edificacións ao contorno.

Nos inmobles catalogados, o mantemento destas condicións subordinarase en todo caso aos condicionantes que impón a normativa de protección específica.

4. Para os soares e parcelas, o deber de conservación inclúe:

d) A obriga de valado ou pechamento segundo o esixido polo planeamento municipal; entendéndose neste senso como cerca de material resistente a executada en fábricas de ladrillo ou bloque revocadas e pintadas de forma que contribúan ao ornato da cidade, sendo obrigatoria unha porta de acceso ao interior. No caso específico dos polígonos, permitirase o valado provisional polo límite da parcela ata o momento en que se desenvolva a actuación urbanística.
e) A obriga de tratamento da súa superficie, eliminando elementos ou situacións que poidan xerar risco.
f) A obriga de mantemento das debidas condicións de limpeza e salubridade.

Artigo 6. Contido do deber de rehabilitación

3. O deber de rehabilitación inclúe as actuacións sobre un inmoble que melloren as súas condicións de seguridade, salubridade, funcionalidade, eficiencia enerxética e ornato, ou supoñan modificación dos seus elementos fundamentais, da súa distribución ou das súas características morfolóxicas.

4. Para os efectos desta ordenanza, o antedito deber afecta a:

d) Os inmobles catalogados e os que conten con algún tipo de protección específica.
e) Os que se atopen incluídos en áreas de rehabilitación declaradas.
f) Os inmobles nos que o volume ou a extensión das deficiencias de conservación sexan de tal entidade que segundo o criterio do servizo técnico municipal competente fagan necesaria unha intervención xeral que deba ser abordada dende unha rehabilitación.

Artigo 7. Alcance dos deberes de conservación e rehabilitación

3. O deber de conservación e de rehabilitación alcanza ata a execución de obras cuxo importe non exceda da metade do valor actual de construción dun inmoble de nova planta, equivalente ao orixinal en relación ás características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, de ser o caso, quede en condicións de ser destinado legalmente ao uso que lle sexa propio.

4. Nos supostos de inmobles catalogados, así como nos casos nos que o Concello considere que o interese xeral así o xustifica, a administración municipal poderá asumir o custo das obras que excedan do dito límite do deber de conservación ao abeiro de convenios, axudas públicas ou fórmulas de colaboración económica que se poidan establecer para este efecto.

Artigo 8. Medidas de fomento

Para facilitar o cumprimento dos deberes establecidos nos artigos anteriores, poderanse establecer axudas públicas, reguladas nas correspondentes convocatorias consonte a normativa aplicable en materia de subvencións.
Así mesmo, poderán formalizarse convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de acadar os obxectivos desta ordenanza.

Capítulo II. CUMPRIMENTO DOS DEBERES DE CONSERVACIÓN E DE REHABILITACIÓN

Artigo 9. Ordes de execución

A Administración municipal ditará ordes de execución co obxecto de requirirlles ás persoas obrigadas a realización das actuacións que permitan acadar o cumprimento da obriga de conservación e rehabilitación definida no artigo 1 desta ordenanza, sen prexuízo da competencia da Administración autonómica na materia de protección do patrimonio cultural.

Artigo 10. Iniciación do procedemento

1. O procedemento para esixir o cumprimento do deber de conservación ou rehabilitación

poderá iniciarse de oficio por acordo do órgano competente ou a instancia de parte.

2. Ditarase o acordo de iniciación de oficio nos seguintes casos:

e) Como consecuencia da actuación dalgún servizo municipal que detecte a existencia dun incumprimento dos deberes de conservación ou rehabilitación.
f) Como consecuencia de informes emitidos polos servizos técnicos nas inspeccións programadas que se realicen.
g) Cando os informes técnicos resultantes da correspondente inspección ou do informe de avaliación conclúan un resultado desfavorable respecto do estado de conservación e/ou rehabilitación do edificio.
h) Por denuncia.

3. Cando o procedemento se inicie pola solicitude dunha persoa interesada, deberá achegarse a documentación seguinte:

e) Relación da devandita persoa co inmoble, presentando os documentos que a acrediten, así como os datos de contacto para os efectos das notificacións, tanto da propiedade do inmoble como da propia persoa que formula a solicitude.
f) Localización concreta do inmoble, especificando o enderezo completo e a referencia catastral.
g) Determinación das deficiencias comunicadas, mediante a presentación de documentación técnica ou outra equivalente que acredite a causa e a orixe dos danos así como a súa localización no inmoble, incluíndo en todo caso fotografías en cor.
h) Nos supostos nos que a persoa que formula a solicitude estea obrigada legalmente a cumprir o deber de conservación ou rehabilitación, o xustificante do pagamento da taxa municipal correspondente.

4. Con carácter previo á iniciación do procedemento, o órgano competente poderá levar a cabo as actuacións previas necesarias para coñecer e valorar as circunstancias do caso concreto e, en función do seu resultado, decidir motivadamente sobre a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.
Cando do resultado destas actuacións previas se deduza que a cuestión denunciada ou comunicada non é da competencia da administración municipal, comunicaráselle á persoa denunciante ou interesada para os efectos oportunos.

Artigo 11. Inspección

5. Na aplicación do deber xeral de colaboración coa administración que lle impón ás persoas a normativa que regula o procedemento administrativo común, as persoas propietarias dos inmobles e, de ser o caso, as ocupantes teñen a obriga de facilitar ao persoal técnico municipal o acceso ás zonas ou partes do inmoble que sexa necesario inspeccionar para a emisión do correspondente informe técnico, nas condicións necesarias de seguridade e salubridade que permitan unha correcta inspección.

6. No suposto de que non se permita este acceso, solicitarase a preceptiva autorización xudicial de entrada.

7. Poderán efectuarse cantas inspeccións considere o servizo técnico municipal

necesarias durante a tramitación do procedemento, segundo as circunstancias que concorran en cada caso.

8. No caso de que o expediente se abrira por unha solicitude de persoa interesada e esta sexa a obrigada a facilitar o acceso, poderá darse por desistida a súa solicitude no suposto de que non o facilite; agás no suposto de que os técnicos municipais deduzan da documentación achegada que concorren circunstancias de risco, en cuxo caso se solicitará a preceptiva autorización xudicial de entrada.

Artigo 12. Dos informes

4. Antes de ditar unha orde de execución, deberase emitir un informe técnico e un informe xurídico polos servizos municipais.

5. Unha vez aberto o expediente, o órgano instrutor solicitará a emisión dun informe técnico sobre o seu obxecto, que conterá os seguintes extremos:

g) Localizar e describir o inmoble ou inmobles afectados e a súa referencia catastral
h) A súa situación urbanística en relación ao solicitado
i) Describir os danos ou deficiencias que se aprecien relativas ao regulado nesta ordenanza
j) Recomendar as actuacións necesarias encamiñadas a emendar os danos ou deficiencias detectadas no inmoble ou a súa rehabilitación e, de ser o caso, definir as medidas de seguridade que se deben adoptar e o prazo para o seu cumprimento
k) Indicar se a execución desas actuacións se debe realizar baixo dirección facultativa
l) Calquera outra situación que poida ser condicionante para ditar a orde de execución

6. Tras a emisión do informe técnico, redactarase o informe xurídico, que conterá:

a) Os antecedentes, especificando tamén se consta algún título habilitante (licenza urbanística / comunicación previa), así como outros posibles expedientes relacionados co inmoble
b) Os fundamentos xurídicos, especificando a normativa aplicable
c) A proposta de resolución, que incluirá as medidas preventivas que, de ser o caso, se deben adoptar, o prazo para a súa execución e as consecuencias do seu incumprimento, así como a audiencia previa á orde de reparación das deficiencias

Artigo 13. Resolución

1. Logo de emitirse os informes técnico e xurídico aos que fai referencia o artigo anterior, daráselle o trámite de audiencia ás persoas interesadas por un prazo non inferior a 10 días nin superior a 15. Unha vez informadas as alegacións presentadas, o órgano competente ditará a resolución que lle pon fin ao procedemento.

2. A resolución conterá a determinación das obras que se deben realizar para emendar as deficiencias observadas ou, de ser o caso, para a rehabilitación integral do inmoble de acordo co indicado no informe técnico, ordenándolle ás persoas obrigadas a súa execución con indicación do prazo en que se han de levar a efecto. Sinalaranse, así mesmo, os efectos do incumprimento, sen prexuízo da iniciación do correspondente procedemento de sanción.

3. A emisión das devanditas ordes non exime do deber de obter o título habilitante que resulte preceptivo en función da actuación que se teña que desenvolver; en atención ao cal a propia orde incluirá o requirimento dirixido á propiedade para que presente a solicitude de licenza urbanística ou a comunicación previa correspondente segundo a entidade das obras ou medidas que se deben executar e consonte o regulado na normativa vixente en materia urbanística.

Artigo 14. Cumprimento das ordes de execución

3. As ordes de execución deberán cumprirse nos seus propios termos e nas condicións establecidas na propia orde. Para este efecto, unha vez ditada a resolución, poderanse emitir e/ou reiterar os requirimentos que sexan necesarios para acadar a súa íntegra execución.

4. O cumprimento das ordes de execución deberá acreditarse mediante a presentación da documentación que na propia orde se especifique en función da entidade das obras que se deban realizar, incluíndo en todo caso fotografías en cor.

No suposto de que se ordenara a execución de medidas ou traballos baixo a dirección de persoal técnico competente, non se entenderá cumprida a orde en tanto non se achegue o correspondente documento técnico acreditativo.
Sobre a base desa documentación, poderase solicitar ao servizo técnico municipal que efectúe unha inspección de comprobación do cumprimento do ordenado.

Artigo 15. Prazo para resolver o procedemento

1. O prazo máximo para ditar e notificar a orde de execución será de seis meses. Este prazo computarase, nos procedementos de oficio, dende o acordo da súa iniciación. Nos procedementos iniciados pola solicitude dunha persoa interesada, considerarase iniciado o procedemento dende a data de entrada no rexistro do órgano competente para tramitalo da documentación completa indicada no artigo 10.3 desta ordenanza.

2. O prazo indicado no apartado anterior poderase suspender polo tempo que medie entre os requirimentos de emenda de documentación que se efectúen durante a tramitación do procedemento e a efectiva presentación da documentación solicitada.

3. O vencemento do prazo resultante do establecido nos dous apartados anteriores sen que se notifique a resolución expresa producirá os efectos previstos na normativa autonómica aplicable.

Artigo 16. Medidas de seguridade

1. Nos supostos nos que da documentación achegada ou da inspección municipal realizada se desprenda a existencia dunha situación de risco, ordenaranse as medidas de seguridade que se estimen oportunas para evitalo sen necesidade de axustarse á tramitación do procedemento establecido nos artigos anteriores, prescindindo en particular do trámite da audiencia previa.

2. As devanditas medidas serán as que se establezan no informe técnico municipal, podendo autorizarse outras equivalentes co mesmo fin que poida propoñer a propiedade mediante a

presentación dun informe asinado por persoal técnico competente.
Así mesmo, poderase ordenar manter un control sobre as medidas adoptadas en tanto se manteña a situación de risco e/ou en tanto non se executen os traballos de reparación ou rehabilitación necesarios. Este control deberá efectuarse baixo a correspondente supervisión técnica no suposto de que así se esixira na propia orde.

3. No caso particular de que se diten ordes de medidas seguridade que afecten a elementos protexidos, respectaranse na súa execución, en todo caso, os condicionantes que impoña a súa catalogación.

Artigo 17. Actuacións urxentes

5. Se un servizo municipal apreciase a existencia dun perigo grave e/ou inminente, poderá prescindir desta tramitación e adoptará as medidas que estime xustificadamente necesarias para evitalo en execución subsidiaria; medidas das que se dará conta mediante informe ao servizo competente para a apertura do correspondente expediente.

6. As devanditas medidas serán as que tecnicamente se consideren imprescindibles para evitar o perigo inmediato, e poderán consistir en desaloxos provisionais, clausura de inmobles ou partes destes, apeos, apuntalamentos, demolicións ou outras análogas; debendo observarse, en calquera caso, o principio de mínima intervención.

7. As actuacións referidas nos números precedentes serán a cargo da propiedade do inmoble, de acordo co disposto no artigo 36.3 desta ordenanza.

8. As ordes verbais que emitan os técnicos municipais no exercicio das súas funcións nestas actuacións serán executivas tras a súa emisión, computando o prazo para o seu cumprimento dende ese momento, sen prexuízo da súa posterior confirmación formal en acordo expreso que ratifique a necesidade da medida.

Artigo 18. Actuacións en restos de edificacións

No suposto de que o obxecto da orde sexa a demolición de restos de edificacións que polo seu estado xa non constitúan un inmoble, non será precisa a tramitación dun procedemento de ruína, senón que se ditará a orde execución consonte o previsto neste capítulo, incluíndo o requirimento do correspondente título habilitante para a dita demolición. Nos casos nos que o servizo técnico municipal aprecie que concorre algunha situación de perigo, só se esixirá o nomeamento dunha dirección técnica competente para a execución da demolición ordenada.

Capítulo III: DECLARACIÓN DE RUÍNA

Artigo 19. Declaración de ruína

Procederá a declaración da situación legal de ruína dunha construción ou edificación nos seguintes supostos:

c) Ruína económica: cando polos danos que presente o inmoble o custo económico das obras necesarias de reparación exceda da metade do custo de reposición da

edificación ou dunha nova construción con características similares en canto á súa dimensión, uso e calidade, empregando a tecnoloxía e os materiais actuais, excluído o valor do solo.

d) Ruína técnica: cando o edificio presente un esgotamento xeneralizado dos elementos estruturais fundamentais, ou algún dos seus elementos ou materiais presenten danos que comprometan a súa estabilidade, e a súa recuperación non sexa posible polos medios técnicos normais, é dicir, os de uso común ou frecuente para executar as obras de reparación de que se trate.

Artigo 20. Ruína económica

3. Enténdense por obras de reparación necesarias, exclusivamente, aquelas que consistan en repoñer o edificio ás condicións preexistentes de seguridade, funcionalidade e salubridade. Para os efectos de avaliar o custo destas obras nunha declaración de ruína, as carencias referentes ás dimensións dos patios, ventilación das habitacións e, en xeral, á carencia de instalacións esixibles pola lexislación específica vixente, non se terán en conta por facer referencia á habitabilidade do inmoble e non afectar ao seu estado ruinoso. Para a determinación deste custo terase en conta o cadro de prezos contido na base de datos de construción de Galicia.

4. Para os efectos de determinar se o custo económico das obras necesarias de reparación excede da metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, empregarase a seguinte fórmula:

$$Pr = (Cr \times 100) / Va$$

Onde:

Pr é a porcentaxe que sobre o valor do inmoble supón o custo de reparación.
Cr é o custo das obras de reparación, cuantificado na forma establecida no parágrafo precedente.
Va é o valor de reposición a novo da construción, que se obterá en función do módulo básico de construción (MBC) aplicable ao municipio de Coruña a que se refiren as normas técnicas de valoracións e cadro marco de valores para determinar o valor catastral dos bens inmobles de natureza urbana, corrixido por aplicación do cadro de coeficientes do valor das construcións de acordo co seu uso, tipoloxía e categoría contido nas citadas normas, publicadas no Boletín Oficial do Estado.

Se no momento de efectuar a valoración transcorrera máis dun ano dende aquel no que se aprobou o último módulo básico de construción sen que se actualizase, corrixirase este por aplicación do índice de prezos do custo da construción publicado polo Instituto Nacional de Estatística polos anos completos transcorridos.

Artigo 21. Ruína técnica

Considérase que un edificio presenta un esgotamento xeneralizado dos elementos estruturais fundamentais cando estes non admiten consolidación ou reforzo e sexa necesario substituílos ou reconstruílos nunha extensión tal que afecten ao funcionamento normal do inmoble.
Para este efecto, terán a consideración de elementos estruturais os que teñen unha función

portante e resistente que garanta a estabilidade do inmoble; e a consideración de elementos fundamentais a cuberta, os cerramentos exteriores e os elementos comúns de acceso e uso do inmoble.

Artigo 22. Ruína inminente

3. Unha edificación ou construción ou parte dela atópase na situación de ruína inminente cando a gravidade, evolución e extensión dos danos que presenta teñan carácter irreversible, as medidas de seguridade necesarias non eliminen o perigo existente ou a súa adopción supoña un risco maior, e a demora na súa demolición agrave a situación de perigo para persoas e/ou bens.

4. No suposto de inmobles catalogados en situación de ruína inminente especificarase que partes do inmoble deben ser demolidas pola súa perigosidade, priorizando a conservación dos elementos especificamente protexidos, de ser tecnicamente posible; sen prexuízo da depuración das responsabilidades nas que incorrera a propiedade polo incumprimento das súas obrigas.

Artigo 23. Ruína parcial

Nos casos nos que a edificación estivese constituída por dous ou máis corpos independentes ou autónomos, arquitectonicamente separados e susceptibles de considerarse illadamente, poderase declarar a ruína parcial dos corpos construtivos afectados. Para este efecto, considérase que unha parte é independente ou autónoma cando resulte posible a súa demolición sen repercutir no estado da parte non afectada do inmoble.

Artigo 24. Iniciación do procedemento

1. O procedemento para a declaración de ruína iniciarase de oficio ou a instancia de persoa interesada.

2. Cando o procedemento se inicie a instancia de persoa interesada, acompañaranse os seguintes documentos:

f) Datos de identificación do inmoble, escritura de propiedade, certificación catastral e plano de situación
g) Certificación do Rexistro da Propiedade da titularidade e cargas
h) Relación de persoas moradoras, calquera que sexa o título da posesión, e titulares de dereitos reais sobre o inmoble, se as houbese e, de ser o caso, copia dos contratos subscritos pola propiedade con aquelas
i) Ditame expedido por técnico/a competente no que se fagan constar os seguintes aspectos:
    - Descrición do estado físico do inmoble e das causas nas que se funda a solicitude de ruína, así como das obras necesarias para reparar os danos que presente, con expresa mención á súa situación urbanística e, de ser o caso, ao seu nivel de protección.
    - No suposto da ruína económica, valor das obras de reparación necesarias e valor de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares en canto á súa dimensión, uso e calidade, empregando

a tecnoloxía e os materiais actuais, excluído o valor do solo.
- Planos de planta ou das diferentes plantas do inmoble, debidamente acoutados, con cadro de superficies construídas por usos.
- Certificación con descrición das condicións de seguridade e habitabilidade do inmoble, medidas de seguridade que en razón dos danos descritos se adoptaran neste ou de ser o caso as razóns da súa non adopción e manifestación expresa de se o edificio ofrece garantías de seguridade para os seus ocupantes e os terceiros.

j) Acreditación do pagamento da taxa municipal correspondente

No suposto de que tras a revisión da documentación presentada se aprecie que esta non se axusta ao establecido neste apartado, efectuarase o correspondente requirimento de emenda, cos efectos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Cando o expediente de ruína se abra de oficio, tras a presentación dunha denuncia ou pola remisión dun informe doutro servizo, con anterioridade á iniciación do procedemento, o órgano competente poderá levar a cabo as actuacións previas necesarias para coñecer e valorar as circunstancias do caso concreto e, en función do seu resultado, decidir motivadamente sobre a conveniencia ou non de iniciar o procedemento. Entre estas actuacións previas poderán incluírse, segundo as circunstancias concorrentes en cada caso:

c) A apertura dun período de información previa, no que se lle requirirá á propiedade que achegue a relación de persoas moradoras e titulares de dereitos reais, así como a documentación necesaria para identificar a construción, segundo o indicado no apartado precedente.
d) A emisión dun informe polo servizo técnico municipal co fin de determinar se no inmoble concorre un posible suposto legal de ruína, se polo seu estado de afectación se pode tramitar o procedemento contraditorio establecido ou por contra se trata dunha ruína inminente, así como se é necesaria a adopción de medidas de seguridade. Neste informe reflectirase, así mesmo, a situación urbanística do inmoble e calquera outro condicionante que o servizo técnico considere relevante para a tramitación.

Artigo 25. Inspección

Aplicarase o establecido no artigo 11 respecto do deber das persoas propietarias e/ou ocupantes de facilitar o acceso para a realización das inspeccións técnicas que se consideren necesarias.

Artigo 26. Posta de manifesto

3. Logo de iniciarse o expediente, poñeráselles de manifesto á propiedade, ás persoas moradoras e titulares de dereitos reais sobre o inmoble, no suposto que as houbera; trasladándolles os informes técnicos para que, no prazo dun mes, aleguen e presenten por escrito os documentos e xustificacións que estimen pertinentes na defensa dos seus respectivos dereitos.

4. Se o expediente afectase a un ben inmoble declarado de interese cultural, conferiráselle a condición de persoa interesada á consellería competente en materia de patrimonio, notificándolle a apertura e as resolucións que se adopten.

Artigo 27. Ditame pericial

4. Unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo anterior, solicitaráselle ao servizo técnico municipal a emisión do ditame pericial.

5. Para a emisión do dito ditame, efectuarase a correspondente inspección a todo o inmoble, para cuxo efecto se citará ás persoas interesadas co fin de que faciliten o acceso.

6. O ditame pericial constará dos seguintes extremos:

a) Descrición do inmoble e referencia catastral
b) Situación urbanística en relación ao obxecto do expediente
c) Descrición dos danos e deficiencias que presente
d) No caso da ruína económica, valoración segundo o establecido no artigo 20 desta ordenanza
e) Conclusión, na que se faga referencia a se no inmoble concorre algún suposto legal de ruína
f) Proposta das obras ou medidas que resulten necesarias á vista da dita conclusión.

Artigo 28. Trámite de audiencia

1. Logo de emitirse o ditame pericial, trasladaráselles este ás persoas interesadas, conferíndolles o trámite da audiencia, para que nun prazo de 15 días efectúen as alegacións e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

2. No suposto de que neste trámite se presente algunha alegación de contido técnico, solicitarase o correspondente informe técnico municipal con carácter previo á emisión da proposta de resolución.

Artigo 29. Proposta de resolución

Unha vez efectuados os trámites anteriores, emitirase o correspondente informe xurídico, no que se contestarán as alegacións que, de ser o caso, consten presentadas e se formulará a consecuente proposta de resolución do procedemento.

Artigo 30. Resolución

1. Sobre a base dos referidos informes emitidos, o procedemento finalizará coa emisión da resolución, que conterá algún dos seguintes pronunciamentos:

a) Declarar que non concorre situación legal de ruína, ordenando as obras de reparación ou de rehabilitación que sexan necesarias para que o inmoble recupere as condicións legalmente establecidas de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e ornato público, consonte o establecido no capítulo II do título I desta ordenanza.

b) Declarar a situación legal de ruína, especificando o suposto que concorre, requiríndolle á

propiedade do inmoble que nun prazo de 15 días opte pola súa demolición ou rehabilitación, agás nos inmobles catalogados, nos que só se admitirá a súa rehabilitación. Unha vez transcorra ese prazo sen que a propiedade se pronuncie ao respecto, a administración municipal decidirá de forma motivada cal é a opción procedente.

2. En calquera dos dous casos, a resolución deberá indicar o prazo no que se deberá solicitar a correspondente licenza urbanística. O prazo de execución das obras será o que se estableza na resolución de concesión da licenza.

3. No suposto de que da declaración de ruína derive a necesidade de demolición do inmoble, a orde de execución incluirá o requirimento de recollida dos entullos xerados, o tratamento e a limpeza da superficie do soar ou parcela resultante e, de ser o caso, das medianeiras, así como o pechamento consonte o esixido no artigo 5.2 desta ordenanza.

4. A orde de execución contida na resolución do procedemento deberá cumprirse nos seus propios termos e nas condicións establecidas na propia orde. Para este efecto, unha vez ditada a resolución, poderanse emitir e/ou reiterar os requirimentos que sexan necesarios para acadar a súa íntegra execución.

5. A resolución especificará, a documentación que se deberá presentar para acreditar o cumprimento da orde emitida, de acordo no disposto no artigo 14.2 desta ordenanza. Especificará, así mesmo, os efectos do seu incumprimento, sen prexuízo da iniciación do correspondente procedemento de sanción no suposto de que aquel concorra.

Artigo 31. Medidas de seguridade e/ou actuacións urxentes

1. Nos expedientes de ruína abertos de oficio, aplicarase o disposto nos artigos 16 e 17 desta ordenanza nos supostos nos que sexa necesaria a adopción de medidas de seguridade e/ou a execución de medidas urxentes.

2. Nos expedientes de ruína abertos pola solicitude dunha persoa interesada, as medidas de seguridade serán as establecidas na certificación técnica que deberá achegar a propiedade xunto coa súa solicitude de inicio do procedemento, sen prexuízo das que poida considerar necesarias o servizo técnico municipal durante a súa tramitación. No suposto de que a propiedade xustifique tecnicamente a imposibilidade de adoptar as ditas medidas, ditaranse as ordes necesarias para garantir a seguridade das persoas e/ou dos bens. E no caso de que se comprobe que as medidas propostas non están adoptadas ou ben non se acredite a súa adopción, poderá procederse en execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas ou mediante execución subsidiaria a cargo desta de acordo co disposto nos artigos 35 e 36 desta ordenanza.

Artigo 32. Prazo para resolver o procedemento

1. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do procedemento de ruína será de seis meses. Este prazo computarase, nos procedementos de oficio, dende o acordo da súa iniciación. Nos procedementos iniciados pola solicitude dunha persoa interesada, considerarase iniciado o procedemento dende a data de entrada no rexistro do órgano competente para tramitalo da documentación completa indicada no artigo 24.2 desta

ordenanza.

2. O prazo indicado no apartado anterior poderase suspender polo tempo que medie entre os requirimentos de emenda de documentación que se efectúen durante a tramitación do procedemento e a efectiva presentación da documentación solicitada.

3. O vencemento do prazo resultante do establecido nos dous apartados anteriores sen que se notifique a resolución expresa producirá os efectos previstos na normativa autonómica aplicable.

Artigo 33. Procedemento de ruína inminente

1. No suposto de que o informe técnico municipal conclúa que un inmoble, ou parte del, se atopa na situación de ruína inminente, disporanse á costa da propiedade as medidas de seguridade necesarias en relación ao risco existente, que poderán incluír desaloxos preventivos, protección da vía pública, persoas e/ou bens, así como a demolición total ou parcial do propio inmoble; garantíndose o cumprimento do establecido no artigo 22.2 para os inmobles catalogados.

2. A orde de demolición derivada dunha declaración de ruína inminente implica con carácter excepcional a concesión da autorización para a execución das obras, sen necesidade de solicitar e obter unha licenza urbanística. Para que esa autorización sexa efectiva, a propiedade deberá comunicar con anterioridade ao inicio da obra o nomeamento e a aceptación do encargo da dirección técnica facultativa para a demolición.

3. A execución da demolición deberá iniciarse no prazo máximo de cinco días (ou no prazo menor que se estableza nos casos de emerxencia), debendo comunicarse este inicio ao Concello. O prazo de execución será o que estableza o informe técnico municipal segundo as circunstancias concorrentes.

4. No suposto de que sexa preciso efectuar desaloxos preventivos, e exista oposición por parte das persoas ocupantes, a propiedade deberá acreditar dentro do prazo conferido para a iniciación das obras que solicitou o pertinente mandamento xudicial. De existir unha situación de emerxencia, a administración municipal disporá as actuacións que estime necesarias.

5. Dada a situación de risco e urxencia que motiva a ruína inminente, prescindirase do trámite da audiencia. Da resolución que se adopte ao respecto, darase conta á Xunta de Goberno Local.

6. No suposto de inmobles catalogados, trasladaráselle a resolución de declaración de ruína inminente á consellería competente en materia de patrimonio para o seu coñecemento.

Capítulo IV: MEDIDAS POR INCUMPRIMENTO

Artigo 34. Incumprimento

1. As ordes de execución advertirán que o seu incumprimento habilita á Administración municipal para adoptar as seguintes medidas:

c) Executar forzosamente a orde incumprida mediante a imposición de multas coercitivas e/ou a execución subsidiaria.
d) Decretar a aplicación do réxime da expropiación, venta ou substitución forzosa.

Estas medidas son compatibles coa tramitación do procedemento de sanción ao que pode dar lugar o incumprimento das referidas ordes como infracción urbanística.

O Concello deberá tamén advertir expresamente se o incumprimento da orde de execución habilita ou non para instar a declaración do inmoble en estado de abandono prevista na dita normativa.

2. O Concello, tras valorar as circunstancias concorrentes en cada caso, tales como a situación de risco que se aprecie, en particular para as persoas ocupantes ou terceiras afectadas e/ou para a vía pública, as condicións que consten sobre a propiedade do inmoble, o alcance da intervención necesaria, o axuste aos plans de dinamización ou a protección e entorno patrimonial do inmoble, de ser o caso, elixirá a medida que considere máis conveniente logo da audiencia das persoas obrigadas, agás nos casos de risco ou perigo inminente.

3. O incumprimento do deber de conservación regulado nesta ordenanza non eximirá ás persoas propietarias das responsabilidades civís e/ou penais que poderán serlles esixidas por neglixencia nas obrigas de conservación que lles correspondan.

Artigo 35. Multas coercitivas

Tras efectuar a advertencia previa prevista no artigo anterior, e no suposto de incumprimento da orde de execución ditada, total ou parcial, a Administración municipal procederá á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas á propiedade, multas que se poderán reiterar ata acadar o cumprimento íntegro do ordenado, nas contías, prazos e condicións establecidas na normativa autonómica de aplicación.

Artigo 36. Execución subsidiaria

1. Nos supostos nos que a Administración municipal considere que as multas coercitivas son insuficientes ou ineficaces para acadar o cumprimento do ordenado, ou a afectación do inmoble así o xustifique segundo o criterio do servizo técnico municipal, poderase acudir á execución subsidiaria do ordenado, que se levará a cabo á conta da propiedade.

2. Para tal fin, solicitaráselle ao dito servizo técnico a elaboración dun orzamento no que se inclúan os custos estimados para a execución dos traballos ordenados. Neste orzamento incluirase o importe de todas as probas, estudos e documentos técnicos que poidan ser necesarios para a valoración das obras que se deben realizar.
Acto seguido, dispoñerase o inicio da execución subsidiaria, aprobando ese orzamento e conferíndolle á propiedade o trámite da audiencia previa durante un prazo non inferior a 10 días nin superior a 15 días, para que poida efectuar as alegacións e presentar os xustificantes que estime oportunos.
No suposto de que neste trámite a propiedade xustifique que vai efectuar as obras requiridas, suspenderase a tramitación da subsidiaria durante o prazo fixado na orde ditada; e se ao vencemento deste prazo non se acreditase o cumprimento do ordenado, levantarase automaticamente esa suspensión e continuará a tramitación coa aprobación da liquidación

polo custo dos traballos a cargo da propiedade, o requirimento de pagamento deste recibo e a execución dos traballos na vía subsidiaria.
Esa liquidación aprobarase con carácter provisional, a conta ou reserva do importe total da liquidación definitiva que resulte da efectiva execución subsidiaria por parte desta administración da orde incumprida, liquidación na que se incluirá calquera custo a maiores no que se incorrera respecto do importe inicialmente aprobado, así como, de ser o caso, o custo dos desaloxos provisionais e das demais medidas que se poidan precisar.

3. Cando sexa necesario, segundo o informe técnico municipal, adoptar medidas por razóns de urxencia, prescindirase da tramitación descrita, podendo acudirse de forma directa á execución subsidiaria, aprobando no mesmo trámite o importe do custo, a liquidación resultante e o requirimento de pagamento a cargo da propiedade.

Artigo 37. Expropiación, venta ou substitución forzosas

1. A aplicación por parte do Concello do réxime da expropiación, venta ou substitución forzosas esixirá a previa declaración de incumprimento das obrigas de conservación ou rehabilitación reguladas nesta ordenanza, en resolución expresa que así o acredite, que se ditará de oficio ou tras a solicitude dunha persoa interesada. Tanto o procedemento para ditar esta resolución como a aplicación do propio sistema de actuación elixido en cada caso pola administración consonte as circunstancias indicadas no artigo 34.2 suxeitaranse ao establecido na normativa autonómica.

2. O Concello elaborará un inventario dos inmobles respecto dos cales se ditara a resolución de declaración de incumprimento dos ditos deberes de conservación ou rehabilitación co obxecto de aplicar as medidas de expropiación, venta ou substitución forzosas.

TÍTULO II. O INFORME DE AVALIACIÓN DOS EDIFICIOS

Artigo 38. O informe de avaliación de edificios

1. O informe de avaliación do edificio (IAE) é un instrumento que acredita a situación en que se atopa un edificio en relación ao seu estado xeral de conservación, e especificamente dos seus elementos estruturais e construtivos e das súas instalacións que non requiran, pola súa normativa sectorial, inspeccións técnicas específicas, en orde a que reúnan as condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e ornato que definen o deber legal de conservación. Asemade, no dito informe avaliaranse as condicións básicas de accesibilidade e o grao de eficiencia enerxética.

2. O IAE regúlase na normativa autonómica e nesta ordenanza nos aspectos que desenvolve esta Administración municipal en exercicio das súas competencias.

Artigo 39. Ámbito de aplicación

Deberán dispoñer do IAE os edificios existentes no termo municipal da Coruña para os que así o esixe a normativa autonómica e especificamente para este concello os seguintes:

d) Os edificios catalogados, independentemente da súa antigüidade e uso
e) Os edificios de uso residencial cunha antigüidade de máis de 50 anos, públicos e

privados, consonte a definición e clasificación establecidas para o dito uso no *Plan Xeral de Ordenación Municipal*

f) Os edificios de outros usos non residenciais cunha antigüidade de máis de 50 anos, agás os localizados no ámbito de aplicación das normas zonais 6 e7

Artigo 40. Obriga de presentación

1. A propiedade dos edificios incluídos no ámbito de aplicación establecido no artigo anterior estará obrigada a presentar o IAE no prazo máximo dun ano dende que se acade calquera das circunstancias previstas no artigo anterior (catalogación ou antigüidade superior a 50 anos), sen necesidade de que se lle efectúe un requirimento expreso.

2. No caso de que a propiedade teña que executar obras para obter un resultado favorable no IAE, e estas obras estean suxeitas a título habilitante, suspenderase o cómputo do prazo para a presentación dende a solicitude de licenza ou dende a presentación da comunicación previa. Para este efecto, a propiedade deberá presentar por rexistro unha certificación asinada polo técnico contratado para a elaboración do IAE na que conste que o título solicitado ou presentado abrangue todas as obras necesarias para obter ese resultado favorable.

A suspensión manterase durante o prazo de execución fixado na licenza concedida ou na comunicación previa presentada; e se na comunicación previa non se especifica prazo ningún, durante un período máximo de seis meses. E levantarase automaticamente ao vencemento do dito prazo de execución.

3. Respecto dos edificios con procedemento aberto de declaración de ruína, suspenderase a obriga de presentar o IAE ata a resolución dese procedemento; levantándose automaticamente a suspensión cando esta resolución se dite e adquira firmeza, sen necesidade de emitir un novo requirimento.

Artigo 41. Alcance do IAE

O IAE deberá realizarse sobre a totalidade do edificio, e no caso de edificios con varios portais poderá presentarse un informe por cada portal, agás no suposto de que compartan espazos ou elementos comúns que non sexan susceptibles de avaliación individual.

Artigo 42. Medidas urxentes

Se o técnico informante constata durante a inspección necesaria para elaborar o IAE serios indicios da existencia de deficiencias que poidan pór en risco a seguridade do edificio e/ou das persoas, deberá comunicarllo á propiedade de forma inmediata para que esta adopte as medidas preventivas que o propio técnico propoña. No IAE deberá facerse constar no apartado correspondente a efectiva adopción destas medidas.
Se para a execución desas medidas fose necesario requirir dunha intervención municipal que afecte á vía pública, o técnico deberá comunicalo coa maior brevidade, sen prexuízo da necesidade de obter as correspondentes autorizacións.

Artigo 43. Efectos da presentación do IAE

1. Se a conclusión do IAE é favorable, ademais da certificación establecida na normativa

autonómica, o Concello facilitará á propiedade do edificio unha placa identificativa que acreditará que o inmoble ten un IAE favorable así como a súa vixencia, que se colocará nun lugar visible da fachada.

2. Se a conclusión do IAE é desfavorable, xerará a apertura dun procedemento de deficiencias ou, de ser o caso, de ruína dos regulados no título I desta ordenanza, coa obriga de pagar a taxa correspondente resultante dos apartados que sexan desfavorables.

Artigo 44. Vixencia do IAE

A vixencia do IAE será de dez anos contados dende a data da sinatura do técnico que a subscribe, tanto no caso de informes con resultado favorable como nos de resultado desfavorable; debendo presentarse o novo IAE dentro do ano natural seguinte ao do vencemento desa vixencia.

Artigo 45. Incumprimento

No suposto de incumprimento da obriga de presentación do IAE, serán aplicables as medidas de execución forzosa previstas nos artigos 34 ao 36 desta ordenanza, sen prexuízo da tramitación do procedemento de sanción ao que poida dar lugar ese incumprimento.

Artigo 46. Presentación do IAE

3. O IAE deberá presentarse na forma e nas condicións establecidas na normativa autonómica e tendo en conta o establecido no artigo 2.2 desta ordenanza; debendo incluír un plano de situación a escala 1:1.000 obtido do *Plan xeral de ordenación municipal* (PXOM) e fotografías en cor do exterior (fachadas, cuberta, patios) e dos espazos interiores e instalacións de uso común do edificio.

No suposto dun IAE con resultado desfavorable, incluiranse tamén fotografías en cor das deficiencias causa dese resultado.

4. No suposto de que o inmoble estea suxeito ao réxime de propiedade horizontal, admitirase a súa presentación por unha persoa distinta do representante legal da comunidade de propietarios sempre que se achegue unha autorización para este efecto asinada pola persoa que posúa a dita condición de representante, que deberá así mesmo acreditarse.

Disposición transitoria primeira. Calendario de presentación

Tras ter en conta o disposto na normativa autonómica e as características do parque inmobiliario deste concello, establécese o seguinte calendario de presentación:

f) Ata o 20/05/2022, os edificios catalogados cunha antigüidade de máis de 50 anos (PEPRI e PXOM)
g) Entre o 21/05/2022 e o 20/05/2023, os edificios catalogados cunha antigüidade de menos de 50 anos (PEPRI e PXOM), así como os edificios residenciais non catalogados de máis de 50 anos incluídos no ámbito do PEPRI
h) Entre o 21/05/2023 e o 20/05/2024, os edificios residenciais non catalogados de máis

de 50 anos localizados no resto do termo municipal (PXOM)

i) Entre o 01/01/2025 e o 31/12/2025, os edificios de outros usos non residenciais cunha antigüidade de máis de 50 anos incluídos no ámbito do PEPRI
j) Entre o 01/01/2026 e o 31/12/2026, os demais edificios de outros usos non residenciais cunha antigüidade de máis de 50 anos, agás os localizados no ámbito de aplicación das normas zonais 6 e7

Os edificios que acaden a antigüidade de 50 anos durante o período comprendido entre o 20/05/2021 e o 31/12/2026 deberán presentar o IAE no prazo establecido no artigo 40.1.

Disposición transitoria segunda. Informes de avaliación e inspeccións técnicas de edificios anteriores á entrada en vigor da norma autonómica

Respecto da vixencia e efectos dos informes de avaliación e das inspeccións técnicas de edificios elaborados de conformidade coas anteriores normativas, estarase ao sinalado nas disposicións transitorias segunda e terceira do Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro galego de informes de avaliación de edificios.
Para a aplicación do establecido nas referidas disposicións transitorias, as persoas propietarias deberán requirirlles aos técnicos que asinaron os informes de avaliación e de inspeccións técnicas de edificios elaborados cos modelos anteriores que lles subministren o documento presentado no seu día en formato electrónico, co fin de presentalo neste formato no rexistro de entrada municipal para a súa posterior inscrición no REGIAE; debendo completalo, de ser o caso, cos aspectos que esixe o actual IAE que non figuraran no modelo anterior (en particular, avaliación da eficiencia enerxética e da accesibilidade).

Disposición derrogatoria

Derrógase o Texto refundido da ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 10/11/2011, publicado no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 226, do 28/11/2011.

Presidencia

Antes de pasar á parte non resolutiva do Pleno imos facer un receso para a ventilación de 15 minutos. Moitas grazas.

Presidencia

Antes de pasar a la parte no resolutiva del Pleno vamos a hacer un receso para la ventilación de 15 minutos. Muchas gracias.

Ás doce horas e vinte e tres minutos a Presidencia resolve facer un receso na sesión, que se retoma ás doce horas e cincuenta e catro minutos cos mesmos asistentes relacionados ut supra.

A las doce horas y veintitrés minutos la Presidencia resuelve hacer un receso en la sesión, que se retoma a las doce horas y cincuenta y cuatro minutos con los mismos asistentes relacionados ut supra.

II. PARTE NON RESOLUTIVA. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN:

II. PARTE NO RESOLUTIVA. CONTROL Y SEGUIMIENTO DE LA GESTIÓN:

1º. Ter coñecemento das resolucións por delegación da Xunta de Goberno Local e decretos da Alcaldía

1º. Tomar conocimiento de las resoluciones por delegación de la Junta de Gobierno Local y decretos de la Alcaldía

199.- Ter coñecemento:

199.- Tener conocimiento:

-Das resolucións da Xunta de Goberno Local, desde a número vinte e tres mil oitocentas vinte e catro (23.824), do vinte e nove de outubro, á número vinte e seis mil seiscentas cincuenta (26.650), do vinte e oito de novembro de dous mil vinte e un.

-De las resoluciones de la Xunta de Gobierno Local, desde la número veintitrés mil ochocientas veinticuatro (23.824), de veintinueve de octubre, a la número veintiséis mil seiscientas cincuenta (26.650), de veintiocho de noviembre de dos mil veintiuno.

-E dos decretos da Alcaldía, desde o número oito mil douscentos corenta e tres (8.243), do vinte e nove de outubro, ao número nove mil douscentos corenta e sete (9.247), do vinte e sete de novembro de dous mil vinte e un.

-Y de los decretos de la Alcaldía, desde el número ocho mil doscientos cuarenta y tres (8.243), de veintinueve de octubre, al número nueve mil doscientos cuarenta y siete (9.247), de veintisiete de noviembre de dos mil veintiuno.

Señor secretario

Señor secretario

A continuación mocións, rogos e preguntas.

A continuación mociones, ruegos y preguntas.

2º. Mocións

2º. Mociones

MOCIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DA MAREA ATLÁNTICA E BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

MOCIÓN CONJUNTA PRESENTADA POR LOS GRUPOS MUNICIPALES DE LA MAREA ATLÁNTICA Y BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Moción conxunta presentada polos Grupos Municipais da Marea Atlántica e do Bloque Nacionalista Galego para a posta en marcha dun programa educativo pola diversidade e a non violencia con motivo da concesión do título de fillos adoptivos da Coruña a Ibrahima Diack e Magatte Ndiaye.

Moción conjunta presentada por los Grupos Municipales de la Marea Atlántica y del Bloque Nacionalista Galego para la puesta en marcha de un programa educativo por la diversidad y la no violencia con motivo de la concesión del título de hijos adoptivos de A Coruña a Ibrahima Diack y Magatte Ndiaye.

Presidencia

Presidencia

Ben. Pois iniciamos a quenda de debate

Bien. Pues iniciamos el turno de debate

das mocións coa primeira das mocións que presentan conxuntamente o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e da Marea Atlántica. Dado que se trata dunha moción conxunta o tempo será de catro minutos de debate. Comezará o señor Jorqera polo Bloque Nacionalista Galego.

de las mociones con la primera de las mociones que presentan conjuntamente el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego y de la Marea Atlántica. Dado que se trata de una moción conjunta el tiempo será de cuatro minutos de debate. Comenzará el señor Jorqera por el Bloque Nacionalista Galego.

Señor Jorquera Caselas

Señor Jorquera Caselas

Grazas señora alcaldesa.

Gracias señora alcaldesa.

motivos polos que moitísimas mulleres non chegan nunca a denunciar, e parécenos que isto si é algo urxente que deberiamos abordar, e tamén garantir que aquelas mulleres que sofren violencia machista poidan ter unha protección sen que sexa obrigatorio presentar esta denuncia. É dicir, nós consideramos que é necesario potenciar o acceso aos recursos e garantir tamén os dereitos das mulleres, pero que sexa dun xeito absolutamente incondicional, tal e como xa se recolle no Pacto de Estado de violencias machistas, pero que a data actual continúa pendente de desenvolver.

los motivos por los que muchísimas mujeres no llegan nunca a denunciar, y nos parecen que esto sí es algo urgente que deberíamos abordar, y también garantizar que aquellas mujeres que sufren violencia machista puedan tener una protección sin que sea obligatorio presentar esta denuncia. Es decir, nosotros consideramos que es necesario potenciar el acceso a los recursos y garantizar también los derechos de las mujeres, pero que sea de una manera absolutamente incondicional, tal y como ya se recoge en el Pacto de Estado de violencias machistas, pero que a fecha de hoy continúa pendiente de desarrollar.

Ademais disto, consideramos que é preciso un maior apoio xurídico e psicolóxico, tamén antes do proceso penal. Sabemos que é duro; que moitísimas mulleres non saben a que se van enfrontar; que se vai dubidar da súa palabra; que é un proceso penal que pasa simplemente por feitos, cando moitas mulleres o que buscan é unha reparación do dano que dificilmente van atopar máis aló do simbólico, quizais nunha sentencia condenatoria. E cremos que tamén é preciso incrementar a coordinación entre as distintas administracións. Tamén nos parece moi relevante atender aos distintos eixos de intersección, como a saúde mental, a migración, as persoas que poidan ter ao seu cargo e, por suposto, un maior financiamento de todas as administracións que permita facer efectivos maiores recursos.

Además de esto, consideramos que es preciso un mayor apoyo jurídico y psicológico, también antes del proceso penal. Sabemos que es duro; que muchísimas mujeres no saben la que se van a enfrentar; que se va a dudar de su palabra; que es un proceso penal que pasa simplemente por hechos, cuando muchas mujeres lo que buscan es una reparación del daño que difícilmente van a encontrar más allá de lo simbólico, quizás en una sentencia condenatoria. Y creemos que también es preciso incrementar la coordinación entre las distintas administraciones. También nos parece muy relevante atender a los distintos ejes de intersección, como la salud mental, la migración, las personas que puedan tener a su cargo y, por supuesto, un mayor financiación de todas las administraciones que permita hacer efectivos mayores recursos.

E como dicía, aínda que a tutela penal é imprescindible, que é unha ferramenta que non permite resolver na súa intensidade as violencias machistas, xa que se trata dunha problemática que ten fondas raíces culturais e profundas consecuencias nas vidas das persoas. E mentres sigamos asignado ás persoas

Y como decía, aunque la tutela penal es imprescindible, que es una herramienta que no permite resolver en su intensidad las violencias machistas, ya que se trata de una problemática que tiene hondas raíces culturales y profundas consecuencias en las vidas de las personas. Y mientras sigamos asignado a

atributos, expectativas, en función do seu sexo, pois estaremos construíndo un mundo sexista e un mundo desigual.

las personas atributos, expectativas, en función de su sexo, pues estaremos construyendo un mundo sexista y un mundo desigual.

O asunto non se trata de ser diferentes, senón desiguais en dereitos, en capacidades para decidir, en capacidade para participar e en capacidade para actuar. Isto é o que queremos erradicar. A violencia é froito desta desigualdade.

El asunto no se trata de ser diferentes, sino desiguales en derechos, en capacidades para decidir, en capacidad para participar y en capacidad para actuar. Esto es lo que queremos erradicar. La violencia es fruto de esta desigualdad.

Xa para rematar tamén queremos subliñar que ultimamente observamos con certa preocupación a hostilidade coa que se están a abordar, sen dúbida, debates complexos dentro do movemento feminista; debates con moitísimas arestas. E non se trata de que todas as persoas, sen dúbida, pensemos igual. As discrepancias e os disensos son enriquecedores sempre e cando sexamos capaces de unir os nosos esforzos na mesma dirección, sobre todo nunha etapa da historia que nos tocou vivir na que existen determinadas forzas reaccionarias da extrema dereita que nos queren levar a épocas pasadas que, sen dúbida, ningunha de nós quere revivir.

Ya para finalizar también queremos subrayar que últimamente observamos con cierta preocupación a hostilidad con la que se están abordando, sin duda, debates complejos dentro del movimiento feminista; debates con muchísimas aristas. Y no se trata de que todas las personas, sin duda, pensemos igual. Las discrepancias y las disensiones son enriquecedores siempre y cuando seamos capaces de unir nuestros esfuerzos en la misma dirección, sobre todo en una etapa de la historia que nos tocó vivir en la que existen determinadas fuerzas reaccionarias de la extrema derecha que nos quieren llevar a épocas pasadas que, sin duda, ninguna de nosotras quiere revivir.

Máis nada. Como xa dixen, votaremos a favor.

Nada más. Como ya dije, votaremos a favor.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas señora Cameán.

Muchas gracias señora Cameán.

Turno para o Partido Popular. Señora Gutiérrez.

Turno para el Partido Popular. Señora Gutiérrez.

Señora Gutiérrez Roselló

Señora Gutiérrez Roselló

Grazas señora alcaldesa.

Gracias señora alcaldesa.

Bo día a todas as persoas que están hoxe presentes no salón e a aquelas persoas

Buenos días a todas las personas que están hoy presentes en el salón y a

que nos seguen por vía telemática.

aquellas personas que nos siguen por vía telemática.

Inicio a miña intervención un pouco confusa. E estouno non polo tema que nos ocupa, que é dunha magnitude nada despreciable e ademais que teño a absoluta seguridade que todas as persoas que están presentes neste Pleno entende a súa dimensión, esfórzanse por estudar e aplicar todas as medidas que á súa man estean para atallalo. Este é un dos poucos temas en que, sen ningunha dúbida, existe consenso institucional, persoal, profesional e ideolóxico. Estou sorprendida xa que recordo, señora Faraldo, a súa presenza no Pleno do 4 de novembro, no que se leu un manifesto da FEGAMP en contra da violencia machista. Tamén recordo que interveu en resposta ás mocións presentadas por Bloque e Marea, do mesmo xeito que o fixemos todos os demais. Cada un expuxo, coa mellor das súas vontades, as cuestións que consideraba importantes corrixir e reparar, e por se non o lembra –que á vista da súa moción non o parece– votáronse todas a favor.

Inicio mi intervención un poco confusa. Y lo estoy no por el tema que nos ocupa, que es de una magnitud nada despreciable y además que tengo la absoluta seguridad que todas las personas que están presentes en este Pleno entiende su dimensión, se esfuerzan por estudiar y aplicar todas las medidas que a su mano estén para atajarlo. Este es uno de los pocos temas en que, sin duda alguna, existe consenso institucional, personal, profesional e ideológico. Estoy sorprendida ya que recuerdo, señora Faraldo, su presencia en el Pleno del 4 de noviembre, en el que se leyó un manifiesto de la FEGAMP en contra de la violencia machista. También recuerdo que intervino en respuesta a las mociones presentadas por Bloque y Marea, al igual que lo hicimos todos los demás. Cada uno planteó, con la mejor de sus voluntades, las cuestiones que consideraba importantes corregir y reparar, y por si no lo recuerda –que a la vista de su moción no lo parece– se votaron todas a favor.

Nunca é un mal momento para propoñer ou demandar calquera iniciativa que colabore a superar a situación que viven as persoas sometidas á violencia de xénero, pero, señora Faraldo, reconcíliese co momento que lle toca vivir neste Concello e faga o traballo cando toca. Xa no pasado Pleno vostede dispuxo da posibilidade de encarar o tema da maneira que mellor lle parecese. Non creo que traer este tema unha e outra vez a este foro favoreza en absoluto o obxectivo que se persegue para enfrontar este problema. Máis ben o banaliza, coma se fose xa unha cuestión xa trillada infinidade de veces. Claro está, descoñezo cal é o obxectivo que vostede persegue con esta actuación. Con todo, lémbrolle varias cousas

Nunca es un mal momento para proponer o demandar cualquier iniciativa que colabore a superar la situación que viven las personas sometidas a la violencia de género, pero, señora Faraldo, reconcíliese con el momento que le toca vivir en este Ayuntamiento y haga el trabajo cuando toca. Ya en el pasado Pleno usted dispuso de la posibilidad de encarar el tema de la manera que mejor le pareciera. No creo que traer este tema una y otra vez a este foro favorezca en absoluto al objetivo que se persigue para enfrentar este problema. Más bien lo banaliza, como si fuera ya una cuestión ya trillada infinidad de veces. Claro está, desconozco cuál es el objetivo que usted persigue con esta actuación. No obstante, le recuerdo varias cosas importantes que quizá debería tratar

importantes que quizá debería tratar no seu partido simultaneamente á xestión neste Concello. Primeiro, foi Podemos quen, mediante a súa abstención, non apoiou o Pacto de violencia de xénero –segundo vostedes mesmos dicían, por coherencia–. Ante este tema quizá a sociedade espere algo máis dos grupos políticos que neste momento buscaban unha punta de lanza para avanzar sobre esta cuestión. Non sei que tipo de coherencia teñen vostedes.

en su partido simultáneamente a la gestión en este Concello. Primero, fue Podemos quien, mediante su abstención, no apoyó el Pacto de violencia de género –según ustedes mismos decían, por coherencia–. Ante este tema quizá la sociedad espere algo más de los grupos políticos que en este momento buscaban una punta de lanza para avanzar sobre esta cuestión. No sé qué tipo de coherencia tienen ustedes.

Doutra banda lémbrolle unha vez máis que é Podemos quen goberna xunto ao PSOE, e que a ministra de Igualdade exerce como tal desde as súas filas, que é sobre todo neste foro, o do Goberno, onde poden desenvolver todas as propostas útiles que se lles ocorran, que sen dúbida as administracións competentes executarán cando se lles dote do orzamento necesario.

Por otro lado le recuerdo una vez más que es Podemos quien gobierna junto al PSOE, y que la ministra de Igualdad ejerce como tal desde sus filas, que es sobre todo en este foro, el del Gobierno, donde pueden desarrollar todas las propuestas útiles que se les ocurran, que sin duda las administraciones competentes ejecutarán cuando se les dote del presupuesto necesario.

Importante tamén destacar que o feito de que as políticas que se deseñan e xestionen desde outras administracións, como poden ser a Xunta ou este Concello, nunca poden ser consideradas como antifeministas, señora Faraldo. É posible que vostede non as comparta, que teña obxectivos ou perspectivas diversas, pero sexa vostede respectuosa, propoña e sume coas súas suxestións. Non acuse, non desprece, non distorsione outras posturas en base a non se sabe que criterio, en temas tan delicados e necesarios en canto á diversidade das súas iniciativas. Non vive vostede en posesión da verdade.

Importante también destacar que el hecho de que las políticas que se diseñan y gestionen desde otras administraciones, como pueden ser la Xunta o este Concello, nunca pueden ser consideradas como antifeministas, señora Faraldo. Es posible que usted no las comparta, que tenga objetivos o perspectivas diversas, pero sea usted respetuosa, proponga y sume con sus sugerencias. No acuse, no desprecie, no distorsione otras posturas en base a no se sabe qué criterio, en temas tan delicados y necesarios en cuanto a la diversidad de sus iniciativas. No vive usted en posesión de la verdad.

En resumo, tratemos este problema como o que é: un dos maiores dramas que vive a sociedade e ao que se atende desde todos os ámbitos da forma máis eficiente posible, polo que lle lembrarei que o compromiso da Xunta con esta triste realidade é moi claro. A igualdade foi e é

En resumen, tratemos este problema como lo que es: uno de los mayores dramas que vive la sociedad y al que se atiende desde todos los ámbitos de la forma más eficiente posible, por lo que le recordaré que el compromiso de la Xunta con esta triste realidad es muy claro. La

un dos eixos prioritarios para o que traballa a secretaría específica con recursos e esforzos continuados.

igualdad ha sido y es uno de los ejes prioritarios para lo que trabaja la secretaría específica con recursos y esfuerzos continuados.

Desde a Xunta este apoio ratifícase nos orzamentos do 2022, cun incremento do 20% en Igualdade, ademais doutro 20% na dotación do Programa Emega para o emprendemento feminino e tamén en trasladar a garantía do acceso á xustiza das vítimas de violencia de xénero, que xa durante este ano se reforzou, beneficiando a 90 mulleres e 150 profesionais na xestión dos procedementos. Estes esforzos incorporan quendas de garda psicolóxica permanente, quendas de garda social, servizos de asesoramento e apoio a persoas letradas na especialización ou acudir de forma directa, como acción popular, nos procedementos penais en caso de morte.

Desde la Xunta este apoyo se ratifica en los presupuestos del 2022, con un incremento del 20% en Igualdad, además de otro 20% en la dotación al Programa Emega para el emprendimiento femenino y también en trasladar la garantía del acceso a la justicia de las víctimas de violencia de género, que ya durante este año se ha reforzado, beneficiando a 90 mujeres y 150 profesionales en la gestión de los procedimientos. Estos esfuerzos incorporan turnos de guardia psicológica permanente, turnos de guardia social, servicios de asesoramiento y apoyo a personas letradas en la especialización o acudir de forma directa, como acción popular, en los procedimientos penales en caso de muerte.

Dito todo isto, este grupo municipal nunca votará en contra de calquera aspecto que estea relacionado con este tema.

Dicho todo esto, este grupo municipal nunca votará en contra de cualquier aspecto que esté relacionado con este tema.

Grazas.

Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas señora Gutiérrez.

Muchas gracias señora Gutiérrez.

Pecha o debate, polo Grupo Socialista, a señora Neira.

Cierra el debate, por el Grupo Socialista, la señora Neira.

Señora Neira Fernández

Señora Neira Fernández

Grazas señora alcaldesa.

Gracias señora alcaldesa.

Ben, pois vaia por diante que imos votar a favor desta moción, basicamente porque compartimos o groso da parte dispositiva, a pesar de que ten matices. Pero permítame, señora Faraldo, que non compartamos seguramente unha

Bueno, pues vaya por delante que vamos a votar a favor de esta moción, básicamente porque compartimos el grueso de la parte dispositiva, a pesar de que tiene matices. Pero permítame, señora Faraldo, que no compartamos

gran parte do que se establece nesta exposición de motivos, fundamentalmente nos dous últimos parágrafos da exposición de motivos, nos que vostede utiliza palabras grosas como é o antifeminismo achacable ao Goberno e afirma. La pregunta sería que considera vostede, ou a quen considera vostede antifeminista, e en base a que criterios. En base a que criterio ou en base a que autoridade moral vostede –ou me dá igual, vostede ou calquera concelleiro ou concelleira de calquera organización política– pode permitirse o luxo de repartir carnés.

seguramente una gran parte de lo que se establece en esta exposición de motivos, fundamentalmente en los dos últimos párrafos de la exposición de motivos, en los que usted utiliza palabras gruesas como es el antifeminismo achacable al Gobierno y afirma. La pregunta sería qué considera usted, o a quién considera usted antifeminista, y en base a qué criterios. En base a qué criterio o en base a qué autoridad moral usted –o me da igual, usted o cualquier concejal o concejala de cualquier organización política– puede permitirse el lujo de repartir carnés.

Xa non é a primeira vez que o digo neste Pleno e espero, oxalá, que sexa a última. Fundamentalmente porque eu creo que o tema é tan grave, as cifras son tan alarmantes, que non se pode facer do debate político sereno un circo.

Ya no es la primera vez que lo digo en este Pleno y espero, ojalá, que sea la última. Fundamentalmente porque yo creo que el tema es tan grave, las cifras son tan alarmantes, que no se puede hacer del debate político sereno un circo.

Pero a cuestión é, en base a que se cren vostedes que poden repartir carnés de feminismo? A min, desde logo, e a esta organización política, ningunha lección. Pode vostede, xa o dixo a señora Gutiérrez, compartir ou non compartir a política que se poida estar a levar a cabo por parte deste Goberno municipal, por parte da Concellería de Igualdade. Pódelle a vostede gustar máis ou menos que os cursos os xestione o COF ou os xestione o Servizo de Igualdade; pódelle gustar máis ou menos que os contacontos se realicen dunha maneira ou se realicen doutra, pero hai unha serie de cuestións.

Pero la cuestión es ¿en base a qué se creen ustedes que pueden repartir carnés de feminismo? A mí, desde luego, y a esta organización política, ninguna lección. Puede usted, ya lo dijo la señora Gutiérrez, compartir o no compartir la política que se pueda estar llevando a cabo por parte de este Gobierno municipal, por parte de la Concejalía de Igualdad. Le puede a usted gustar más o menos que los cursos los gestione el COF o los gestione el Servicio de Igualdad; le puede gustar más o menos que los cuentacuentos se realicen de una manera o se realicen de otra, pero hay una serie de cuestiones.

Mire. Imos ver. Por máis que repitan vostedes que o Espazo das Diversidades está invisibilizado –porque non sei quen llo conta–, o certo é que non é así. Non é así. E o compromiso deste Goberno municipal e o compromiso do Partido Socialista co colectivo é algo indubidable. Faga vostede memoria. Vaia

Mire. Vamos a ver. Por más que repitan ustedes que el Espazo das Diversidades está invisibilizado –porque no sé quién se lo cuenta–, lo cierto es que no es así. No es así. Y el compromiso de este Gobierno municipal y el compromiso del Partido Socialista con el colectivo es algo indudable. Haga usted memoria. Vaya

vostede a Google. Busque. O primeiro servizo de mediación LGTB púxoo en marcha un Goberno socialista nesta cidade, sendo concelleira de Servizos Sociais naquel momento Silvia Longueira e alcalde Javier Losada de Azpiazu. Ano 2010. Ano 2010.

usted a Google. Busque. El primer servicio de mediación LGTB lo puso en marcha un Gobierno socialista en esta ciudad, siendo concejala de Servicios Sociales en aquel momento Silvia Longueira y alcalde Javier Losada de Azpiazu. Año 2010. Año 2010.

E vostede fala da Escola de Empoderamento, pero, quere realmente que falemos da Escola de Empoderamento? Quen a asesora que lle conte exactamente como funcionaba esa Escola de Empoderamento. Neste momento a Escola de Empoderamento atópase en contratación porque se considera, desde o punto de vista político e desde o punto de vista técnico, que é mellor que siga un procedemento de contratación e que non se converta nunha chiringuitada. Así llo digo. Así.

Y usted habla de la Escuela de Empoderamiento, pero ¿quiere realmente que hablemos de la Escuela de Empoderamiento? Quien la asesora que le cuente exactamente cómo funcionaba esa Escuela de Empoderamiento. En este momento la Escuela de Empoderamiento se encuentra en contratación porque se considera, desde el punto de vista político y desde el punto de vista técnico, que es mejor que siga un procedimiento de contratación y que no se convierta en una chiringuitada. Así se lo digo. Así.

Vostede fala das actividades de carácter educativo e repite como un mantra que as fixemos ás presas, *e que ademais se reducen. Mire, a redución é un 127% máis do orzamento polo que saen; de 57.000 a 129.000. E vostede pode compartir que lle guste ou non lle guste, pero non se reducen. Traballouse moito cos técnicos, coas técnicas. Traballouse moito cos representantes das organizacións de carácter xuvenil. Traballouse cos mozos, que teñen que dicir se chegamos ou non chegamos. Eu son nai de adolescentes que me din unha e outra vez que non chegamos. E seguramente quen fixo os cursos antes que eu o fixo coa mellor das intencións, e eu non lle podo garantir que con estes cursos vaiamos chegar, porque o público é duro e porque en moitas ocasións non se chega, e aí están as cifras, pero o que desde logo me parece que é inadmisible é que vostedes repartan carnés de feminismo. Falamos constantemente da sororidade entre as mulleres. Constantemente. Exercémola no día a*

Usted habla de las actividades de carácter educativo y repite como un mantra que las hicimos con prisas, y que además se reducen. Mire, la reducción es un 127% más del presupuesto por el que salen; de 57.000 a 129.000. Y usted puede compartir que le guste o no le guste, pero no se reducen. Se ha trabajado mucho con los técnicos, con las técnicas. Se ha trabajado mucho con los representantes de las organizaciones de carácter juvenil. Se ha trabajado con los jóvenes, que tienen que decir si llegamos o no llegamos. Yo soy madre de adolescentes que me dicen una y otra vez que no llegamos. Y seguramente quien hizo los cursos antes que yo lo hizo con la mejor de las intenciones, y yo no le puedo garantizar que con estos cursos vayamos a llegar, porque el público es duro y porque en muchas ocasiones no se llega, y ahí están las cifras, pero lo que desde luego me parece que es inadmisible es que ustedes repartan carnés de feminismo. Hablamos constantemente de la sororidad entre las mujeres.

día? Falamos constantemente do feminismo. Exercémolo no día a día de portas para dentro? Exercémolo? Ou estamos constantemente poñéndolle a proa a quen discrepa un pouquiño dos nosos postulados absolutamente –en ocasións– dogmáticos. Leccións ningunhas. Pódese discrepar. Pódese discrepar de moitas cousas.

Constantemente ¿La ejercemos en el día a día? Hablamos constantemente del feminismo ¿Lo ejercemos en el día a día de puertas para dentro? ¿Lo ejercemos? O estamos constantemente poniéndole la proa a quien discrepa un poquitito de nuestros postulados absolutamente –en ocasiones– dogmáticos. Lecciones ningunas. Se puede discrepar. Se puede discrepar de muchas cosas.

E por outra banda, que lles vou a dicir? Disto xa se falou no Pleno anterior. Poderiamos seguir falando Pleno tras Pleno, tras Pleno, tras Pleno, tras Pleno. O que nunca van escoitar pola miña banda, e por parte do Goberno municipal, é facer ningún tipo de visión absolutamente vantaxista sobre o tema da violencia de xénero. Eu poño a man no lume polos 27 que nos sentamos aquí, con independencia de que discrepemos en determinadas cuestións, pero desde logo quen ocupa postos de responsabilidade en materia de Igualdade sabe o duro que é chegar. Así que eu lle pediría un pouquiño máis de rigor. Con todo votaremos a favor da moción.

Y por otra parte ¿qué les voy a decir? De esto ya se habló en el Pleno anterior. Podríamos seguir hablando Pleno tras Pleno, tras Pleno, tras Pleno, tras Pleno. Lo que nunca van a escuchar por mi parte, y por parte del Gobierno municipal, es hacer ningún tipo de visión absolutamente ventajista sobre el tema de la violencia de género. Yo pongo la mano en el fuego por los 27 que nos sentamos aquí, con independencia de que discrepemos en determinadas cuestiones, pero desde luego quien ocupa puestos de responsabilidad en materia de Igualdad sabe lo duro que es llegar. Así que yo le pediría un poquito más de rigor. No obstante votaremos a favor de la moción.

Presidencia

Moitas grazas señora Neira.

Procedemos á votación desta moción á que, como dixen antes, non había emendas.

Votación da única moción presentada pola concelleira non adscrita dona Isabel Faraldo Calvo

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a única moción presentada pola concelleira non adscrita dona Isabel Faraldo Calvo sobre medidas contra a violencia de xénero, producíndose o seguinte resultado:

Presidencia

Muchas gracias señora Neira.

Procedemos a la votación de esta moción a la que, como dije antes, no había enmiendas.

Votación de la única moción presentada por la concejala no adscrita doña Isabel Faraldo Calvo

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la única moción presentada por la concejala no adscrita doña Isabel Faraldo Calvo sobre medidas contra la violencia de género, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (1 voto)

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (1 voto)

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Queda aprobada por unanimidade.

Queda aprobada por unanimidad.

201.- Moción presentada pola concelleira non adscrita dona Isabel Faraldo Calvo sobre medidas contra a violencia de xénero.

201.- Moción presentada por la concejala no adscrita doña Isabel Faraldo Calvo sobre medidas contra la violencia de género.

Acordo

Acuerdo

Instar a Xunta de Galicia a:

Instar a la Xunta de Galicia a:

- Abrir novos espazos de acollemento diversificados para mulleres en situacións de violencias machistas e as súas crianzas a cargo. Incorporar novos perfís profesionais adaptados ás necesidades reais (nomeadamente, axentes de igualdade e educadoras sociais).

- Abrir nuevos espacios de acogimiento diversificados para mujeres en situaciones de violencias machistas y sus hijos e hijas a cargo. Incorporar nuevos perfiles profesionales adaptados a las necesidades reales (señaladamente, agentes de igualdad y educadoras sociales).

- Redimensionar os CIM para dar cobertura a violencias machistas eliminando listas de agarda e dispoñendo de persoal para abranguer os servizos

- Redimensionar los CIM para dar cobertura a violencias machistas eliminando listas de espera y disponiendo de personal para abarcar los servicios

para os que foron creados. Para isto é necesario:

a) Publicar un novo decreto consensuado co persoal técnico que xa traballa nos CIM que teña en conta que é preciso valorar unha comarcalización dos mesmos.

b) Incorporar novos perfís profesionais nos mínimos requiridos: axentes de igualdade, traballadoras/es sociais e educadoras sociais, reforzando, asemade, a asesoría xurídica e psicolóxica.

- Acometer a conversión dos xulgados de violencia sobre a muller en exclusivos en Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra (actualmente só existen na Coruña e Vigo), como paso previo á comarcalización dos xulgados de violencia, a fin de dar unha resposta eficiente e especializada a esta problemática. Esta medida deberá ir acompañada da debida dotación de medios materiais e persoais, así como dos equipos técnicos necesarios para garantir o correcto e áxil funcionamento dos devanditos xulgados.

- Implementar un plan integral de compensación, reparación e recuperación cara á autonomía para mulleres vítimas de violencias machistas, que incluirá unha prestación de garantía de vida, destinada a evitar que a falta de autonomía económica sexa un factor que prexudique a saída dunha relación de violencias machistas de calquera tipo.

Instar o Concello da Coruña a:

- Cumprir coa Ordenanza de igualdade na diversidade e convocar o Consello de Igualdade.

- Reimplantar a Escola de

para los que fueron creados. Para esto es necesario:

a) Publicar un nuevo decreto consensuado con el personal técnico que ya trabaja en los CIM que tenga en cuenta que es preciso valorar una comarcalización de los mismos.

b) Incorporar nuevos perfiles profesionales en los mínimos requeridos: agentes de igualdad, trabajadoras/es sociales y educadoras sociales, reforzando, al mismo tiempo, la asesoría jurídica y psicológica.

- Acometer la conversión de los juzgados de violencia sobre la mujer en exclusivos en Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense y Pontevedra (actualmente solo existen en A Coruña y Vigo), como paso previo a la comarcalización de los juzgados de violencia, a fin de dar una respuesta eficiente y especializada a esta problemática. Esta medida deberá ir acompañada de la debida dotación de medios materiales y personales, así como de los equipos técnicos necesarios para garantizar el correcto y ágil funcionamiento de dichos juzgados.

- Implementar un plan integral de compensación, reparación y recuperación hacia la autonomía para mujeres víctimas de violencias machistas, que incluirá una prestación de garantía de vida, destinada a evitar que la falta de autonomía económica sea un factor que perjudique la salida de una relación de violencias machistas de cualquier tipo.

Instar el Ayuntamiento de A Coruña a:

- Cumplir con la Ordenanza de igualdad en la diversidad y convocar el Consejo de Igualdad.

- *Reimplantar la Escuela de*

Empoderamento Feminista.

- Recuperar as actividades educativas integrais incorporando ao COF na súa xestión e programación e incluíndo accións en espazos fóra dos centros de ensino e implicando a outros servizos municipais como bibliotecas, instalacións deportivas, museos, etc.

- Implementar de xeito participativo as fases do *Pacto por unha cidade libre de violencias machistas* que quedan antes de realizar a súa revisión e reformulamento.

Presidencia

Turno xa para as emendas presentadas polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

Primeira. Moción sobre a situación do deporte feminino.

Sobre esta moción constan presentadas unha emenda de substitución polo Grupo Municipal do Partido Popular e unha emenda transaccionada entre o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Municipal do Partido Popular.

Presidencia

A primeira delas é sobre a situación do deporte feminino e aquí hai unha emenda de substitución do Grupo Popular que foi transaccionada xa co Bloque Nacionalista Galego polo que se votará a moción con esa emenda transaccionada xa incorporada á mesma.

Empoderamiento Feminista.

- Recuperar las actividades educativas integrales incorporando al COF en su gestión y programación e incluyendo acciones en espacios fuera de los centros de enseñanza e implicando a otros servicios municipales como bibliotecas, instalaciones deportivas, museos, etc.

- Implementar de manera participativa las fases del Pacto por una ciudad libre de violencias machistas que quedan antes de realizar su revisión y reformulación.

Presidencia

Turno ya para las enmiendas presentadas por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego.

MOCIONES PRESENTADAS POR El GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

Primera. Moción sobre la situación del deporte femenino.

Sobre esta moción constan presentadas una enmienda de sustitución por el Grupo Municipal del Partido Popular y una enmienda transaccionada entre Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego y el Grupo Municipal del Partido Popular.

Presidencia

La primera de ellas es sobre la situación del deporte femenino y aquí hay una enmienda de sustitución del Grupo Popular que fue transaccionada ya con el Bloque Nacionalista Galego por lo que se votará la moción con esa enmienda transaccionada ya incorporada a la misma.

Ten a palabra o señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Nas últimas semanas o deporte feminino na nosa cidade foi varias veces noticia por motivos que poñen en evidencia os atrancos para desenvolver a práctica deportiva en igualdade de condicións que os equipos masculinos. O pasado 4 de outubro Balonmán Brigantium denunciaba nas súas redes que o seu equipo senior se vía obrigado a deixar de adestrar polo feito de que o Concello non lle ter asinado o uso dunha instalación municipal. Un día despois, o 5 de outubro, o clube informaba dunha solución provisoria que permitía ós seus equipos senior e xuvenil adestrar con apenas dúas sesións semanais mentres non se completaba a asignación definitiva de pistas para a temporada 2021-2022.

O mesmo día 4 soubemos que en idéntica situación se atopaba o Emden Fútbol Sala, equipo de categoría xuvenil autonómica. Este clube indicaba que non se lle asignaba aínda pista de adestramento a pesar de tela solicitada o pasado mes de xullo.

Parece evidente, á vista destas informacións, que o déficit de infraestruturas deportivas que existe na Coruña prexudica de xeito especial o deporte feminino, por ser moitos clubes de recente creación e atoparse con situacións de feito que dificultan o acceso en igualdade de condicións ás instalacións.

Á situación descrita viñeron sumarse os problemas do Liceo Feminino, que provocaron a dimisión do adestrador do equipo senior que compite la OK Liga

Tiene la palabra el señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora alcaldesa.

En las últimas semanas el deporte femenino en nuestra ciudad fue varias veces noticia por motivos que ponen en evidencia los obstáculos para desarrollar la práctica deportiva en igualdad de condiciones que los equipos masculinos. El pasado 4 de octubre Balonmano Brigantium denunciaba en sus redes que su equipo senior se veía obligado a dejar de entrenar por el hecho de que el Ayuntamiento no le había firmado el uso de una instalación municipal. Un día después, el 5 de octubre, el club informaba de una solución provisional que permitía a sus equipos senior y juvenil entrenar con apenas dos sesiones semanales mientras no se completaba la asignación definitiva de pistas para la temporada 2021-2022.

El mismo día 4 supimos que en idéntica situación se encontraba el Emden Fútbol Sala, equipo de categoría juvenil autonómica. Este club indicaba que no se le asignaba aún pista de entrenamiento a pesar de tenerla solicitada el pasado mes de julio.

Parece evidente, a la vista de estas informaciones, que el déficit de infraestructuras deportivas que existe en A Coruña perjudica de manera especial al deporte femenino, por ser muchos clubes de reciente creación y encontrarse con situaciones de hecho que dificultan el acceso en igualdad de condiciones a las instalaciones.

A la situación descrita se vinieron a sumar los problemas del Liceo Femenino, que provocaron la dimisión del entrenador del equipo senior que compite

polo que considera unha desigualdade de trato. Así, mentres o primeiro equipo masculino desprázase en avión, o feminino ten que facer longas viaxes en furgoneta. Lembremos que a maioría dos desprazamentos son a Cataluña, máis de 2.000 quilómetros entre ida e volta, e que estamos a falar de xogadoras non profesionais que cada 15 días teñen que ocupar boa parte da fin de semana nunha longa viaxe en furgoneta sen apenas tempo para adestrar. A este problema engádese o feito de que a diferenza dos homes, as xogadoras do equipo feminino teñen que ducharse en casa despois dos adestramentos ou carecen dun servizo de lavandaría, sendo convidadas a que se encarguen elas mesmas de lavar a equipación.

la OK Liga por lo que considera una desigualdad de trato. Así, mientras el primer equipo masculino se desplaza en avión, el femenino tiene que hacer largos viajes en furgoneta. Recordemos que la mayoría de los desplazamientos son a Cataluña, más de 2.000 kilómetros entre ida y vuelta, y que estamos hablando de jugadoras no profesionales que cada 15 días tienen que ocupar buena parte del fin de semana en un largo viaje en furgoneta sin apenas tiempo para entrenar. A este problema se añade el hecho de que a diferencia de los hombres, las jugadoras del equipo femenino tienen que ducharse en casa después de los entrenamientos o carecen de un servicio de lavandería, siendo invitadas la que se encarguen ellas mismas de lavar la equipación.

O Hockey Clube Liceo xustificou esta situación por mor das grandes limitacións económicas do clube e o feito de que o equipo feminino apenas xera recursos económicos para a entidade, ó tempo que asegurou que está a traballar para reverter a situación. Cómpre lembrar que entre o Liceo e o Concello da Coruña existe un convenio de colaboración para o fomento da actividade deportiva de hockey en virtude do cal o Liceo percibirá en 2021 95.000 €.

El Hockey Club Liceo justificó esta situación a causa de las grandes limitaciones económicas del club y el hecho de que el equipo femenino apenas genera recursos económicos para la entidad, al tiempo que aseguró que está trabajando para revertir la situación. Hace falta recordar que entre el Liceo y el Ayuntamiento de A Coruña existe un convenio de colaboración para el fomento de la actividad deportiva de hockey en virtud del cual el Liceo percibirá en 2021 95.000 €.

O Grupo Municipal do BNG valora o grande traballo que desenvolveu e segue a desenvolver o Hockey Clube Liceo até o punto de se converter nun emblema deportivo da nosa cidade e ter contribuído de xeito decisivo a facer da Coruña un referente do hockey en patíns, mais o dereito á igualdade efectiva entre homes e mulleres en todos os eidos exixe corrixir estas situacións e dende o Concello da Coruña débese colaborar no seu ámbito de competencia para que os equipos e deportistas femininas poidan desenvolver

El Grupo Municipal del BNG valora el gran trabajo que desarrolló y sigue desarrollando el Hockey Club Liceo hasta el punto de convertirse en un emblema deportivo de nuestra ciudad y haber contribuido de manera decisiva a hacer de A Coruña un referente del hockey en patines, pero el derecho a igualdad efectiva entre hombres y mujeres en todos los ámbitos exige corregir estas situaciones y desde el Ayuntamiento de A Coruña se debe colaborar en su ámbito de competencia

a súa actividade deportiva en plenas condicións de igualdade.

para que los equipos y deportistas femeninos puedan desarrollar su actividad deportiva en plenas condiciones de igualdad.

Estas son as razóns que fundamentan as propostas contidas na parte resolutiva desta moción e a respecto da emenda presentada polo Grupo Popular, pois xa se aclarou por parte da Presidencia que se chegou a unha proposta de transacción co Grupo propoñente, neste caso o BNG, co cal se incorpora esta proposta de transacción tamén ó texto da parte resolutiva. Estas son as razóns que fundamentan esta moción e por ese motivo solicitamos o voto a favor.

Estas son las razones que fundamentan las propuestas contenidas en la parte resolutiva de esta moción y respecto a la enmienda presentada por el Grupo Popular, pues ya se aclaró por parte de la Presidencia que se llegó a una propuesta de transacción con el Grupo proponente, en este caso el BNG, con lo cual se incorpora esta propuesta de transacción también al texto de la parte resolutiva. Estas son las razones que fundamentan esta moción y por ese motivo solicitamos el voto a favor.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Muchas gracias, señor Jorquera.

Turno para a señora Faraldo.

Turno para la señora Faraldo.

Señora Faraldo Calvo

Señora Faraldo Calvo

Vén esta moción a lembrarnos canto queda por facer en políticas de igualdade, que é unha realidade todavía lonxana. Tanto é así que dende a Declaración de Brighton en 1994 que reuniu os responsables das políticas e decisións do mundo deportivo, tanto a nivel nacional como internacional, ata hoxe, queda moito camiño todavía por percorrer. Nesa declaración xa se marcaban como obxectivos asegurar un ambente seguro para as mulleres deportistas, incrementar a participación destas no deporte a todos os niveis, e no punto 2 dos principios subliñaba en canto as instalacións, perdón: a participación feminina no deporte está influída polo número, a diversidade e a accesibilidade das instalacións. O planeamento, o diseño e a

Viene esta moción a recordarnos cuánto queda por hacer en políticas de igualdad, que es una realidad todavía lejana. Tanto es así que desde la Declaración de Brighton en 1994 que reunió a los responsables de las políticas y decisiones del mundo deportivo, tanto a nivel nacional como internacional, hasta hoy, queda mucho camino todavía por recorrer. En esa declaración ya se marcaban como objetivos asegurar un ambiente seguro para las mujeres deportistas, incrementar la participación de estas en el deporte a todos los niveles, y en el punto 2 de los principios subrayaba en cuanto las instalaciones, perdón: la participación femenina en el deporte está influida por el número, la diversidad y la accesibilidad de las

dirección destas ten que satisfacer de modo apropiado e equitativo as necesidades específicas das mulleres dentro dunha comunidade.

instalaciones. El planeamiento, el diseño y la dirección de estas tiene que satisfacer de modo apropiado y equitativo las necesidades específicas de las mujeres dentro de una comunidad.

Esta declaración foi asinada para asumir o compromiso de levala a cabo polo Consello Xeral de Deportes de España e por varias federacións nacionais, entre elas a Federación Española de Balonmano e a Real Federación de Hockey, organizacións que deben implicarse nos casos de desigualdade e dificultades engadidas ás mulleres no mundo do deporte por razón do seu xénero. Por eso chámanos a atención o punto 4 da moción, que debería ser xa de por si, en base ás políticas de igualdade tamén no deporte, un principio básico do funcionamento municipal.

Esta declaración fue firmada para asumir el compromiso de llevarla a cabo por el Consejo General de Deportes de España y por varias federaciones nacionales, entre ellas la Federación Española de Balonmano y la Real Federación de Hockey, organizaciones que deben implicarse en los casos de desigualdad y dificultades añadidas a las mujeres en el mundo del deporte por razón de su género. Por eso nos llama la atención el punto 4 de la moción, que debería ser ya de por sí, en base a las políticas de igualdad también en el deporte, un principio básico del funcionamiento municipal.

No resto dos puntos nesta moción ponse o acento nesa desigualdade nos casos concretos que se referencian e se propoñen medidas municipais que se poden aplicar desde o Goberno do Concello da cidade a fin de paliar algunhas das dificultades dos clubs que recaen basicamente nas deportistas femininas.

En el resto de los puntos en esta moción se pone el acento en esa desigualdad en los casos concretos que se referencian y se proponen medidas municipales que se pueden aplicar desde el Gobierno del Ayuntamiento de la ciudad a fin de paliar algunas de las dificultades de los clubes que recaen básicamente en las deportistas femeninas.

Votamos a favor sen duda algunha.

Votamos a favor sin duda alguna.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Faraldo.

Muchas gracias, señora Faraldo.

Turno para a Marea Atlántica, señora Delso.

Turno para la Marea Atlántica, señora Delso.

Señora Delso Carreira

Señora Delso Carreira

Si. Moitas grazas, alcaldesa.

Sí. Muchas gracias, alcaldesa.

Vaia por diante o noso voto favorable.

Vaya por delante nuestro voto favorable.

Tráese ó Pleno do Concello da Coruña unha moción sobre a situación do deporte feminino na nosa cidade e propostas para garantir unha igualdade efectiva no deporte coruñés. Estamos totalmente de acordo, pois hai moita marxe de mellora neste eido.

Se trae al Pleno del Ayuntamiento de A Coruña una moción sobre la situación del deporte femenino en nuestra ciudad y propuestas para garantizar una igualdad efectiva en el deporte coruñés. Estamos totalmente de acuerdo, pues hay mucho margen de mejora en este ámbito.

Na semana na que o deporte feminino está no foco mediático con Alexia Putellas, xogadora do equipo feminino do Fútbol Club Barcelona, galardoada co Balón de Ouro feminino, nun momento no que está aberto a nivel estatal o debate e por fin as negociacións para que o fútbol feminino se profesionalice, e máis aló do foco do fútbol cómpre lembrar que a nosa cidade ten un enorme e valiosísimo tecido deportivo feminino, dende o rugby, a halterofilia, pasando pola ximnasia e o atletismo, dende o hockey sobre patíns ó skate e ó roller derby, e moitos, moitos máis deportes. No ano no que Irene Martínez foi récord de España de halterofilia en 59 quilos, e Irene Branco foi bronce no Europeo Junior de Halterofilia na categoría de -87 quilos, ambas integrantes do clube Halterofilia Coruña que ano a ano dá moitas alegrías a esta cidade, ou no ano no que Julia Benedetti representounos a todas a primeira vez que o skate foi deporte olímpico en Tokio 2021, ou máis recentemente, cando dúas xogadoras do Hockey Club Liceo, María Sanjurjo e Alba Garrote, veñen de ser convocadas pola Selección Española Feminina de Hockey sobre patíns. Elas son só algúns exemplos da potencia do deporte feminino na cidade da Coruña.

En la semana en la que el deporte femenino está en el foco mediático con Alexia Putellas, jugadora del equipo femenino del Fútbol Club Barcelona, galardonada con el Balón de Oro femenino, en un momento en el que está abierto a nivel estatal el debate y por fin las negociaciones para que el fútbol femenino se profesionalice, y más allá del foco del fútbol hace falta recordar que nuestra ciudad tiene un enorme y valiosísimo tejido deportivo femenino, desde el rugby, la halterofilia, pasando por la gimnasia y el atletismo, desde el hockey sobre patines al skate y al roller derby, y muchos, muchos más deportes. En el año en el que Irene Martínez fue récord de España de halterofilia en 59 kilos, e Irene Blanco fue bronce en el Europeo Junior de Halterofilia en la categoría de -87 kilos, ambas integrantes del club Halterofilia Coruña que año a año da muchas alegrías a esta ciudad, o en el año en el que Julia Benedetti nos representó a todas la primera vez que el skate fue deporte olímpico en Tokio 2021, o más recientemente, cuando dos jugadoras del Hockey Club Liceo, María Sanjurjo y Alba Garrote, acaban de ser convocadas por la Selección Española Femenina de Hockey sobre patines. Ellas son solo algunos ejemplos de la potencia del deporte femenino en la ciudad de A Coruña.

Todas elas e moitas outras son referentes hoxe para moitas nenas e iso, iso é o verdadeiramente importante, apostar e apoiar por igual ao deporte de base na cidade e particularmente ao deporte base

Todas ellas y muchas otras son referentes hoy para muchas niñas y eso, eso es lo verdaderamente importante, apostar y apoyar por igual al deporte de base en la ciudad y particularmente al deporte base

feminino, porque a realidade hoxe é que hai demasiados clubes con categorías femininas nesta cidade que teñen dificultades para adestrar, que teñen dificultades no acceso e no uso das instalacións deportivas e que demostran que existe un claro trato desigual respecto ós equipos masculinos.

femenino, porque la realidad hoy es que hay demasiados clubes con categorías femeninas en esta ciudad que tienen dificultades para entrenar, que tienen dificultades en el acceso y en el uso de las instalaciones deportivas y que demuestran que existe un claro trato desigual respecto a los equipos masculinos.

O Concello ten a responsabilidade, dentro das súas competencias, de facilitar e garantir que todos os equipos e todas as deportistas poidan desenvolver a súa actividade deportiva en plenas condicións de igualdade. Nese sentido é fundamental que o reparto no uso das instalacións teña en conta e facilite esa igualdade na práctica deportiva. Nese sentido urxe, e é o que pide esta moción e por iso estamos completamente de acordo, que o Goberno municipal, pois vaia tamén máis alá dos eslóganes e traballe para facer realmente efectiva a igualdade na práctica do deporte na cidade, facilitando o uso das instalacións deportivas, realizando un plan municipal de igualdade do deporte local, tal e como se propuxo, por certo, recentemente no Pleno do Consello Municipal de Deportes, ou promover accións conxuntas xunto coa Concellería de Igualdade na liña do feito no pasado mandato, así como realizando dunha vez por todas un plan de infraestruturas deportivas na cidade, tanto das actuais coma das futuras.

